



Con —

—struír

Galiza

Con —

Ilusión

Galiza

Con —

—tigo



Índice

o8 1 Soberanía: única saída para conquistar un futuro de igualdade, traballo e democracia

- o9 Principios para un Marco Galego de Libre Decisión
- 10 Xustiza e equidade fiscal
- 11 Avances no autogoberno de Galiza, en tanto non se consolide o novo marco institucional

12 2 Modelo económico o servizo do pobo

- 12 A. Un novo sistema de financiamento para Galiza
- 13 - Xestión galega do imposto de sociedades
- 13 - Un modelo de financiamento adecuado para os concellos galegos
- 14 B. Unha banca pública galega, soporte para o desenvolvemento de Galiza
- 16 C. Xustiza tributaria e loita contra a fraude fiscal
- 17 D. Loita efectiva contra o fraude fiscal
- 18 E. Contra a privatización sistemática, orzamentos para garantir os servizos básicos e estimular o crecemento económico
- 20 F. Lei galega de contratación das administracións públicas

21 **3. Propostas para unha Galiza de futuro, desde a confianza nas capacidades de Galiza e ao servizo das maiorías sociais**

- 21 A. Aposta por unha Galiza do coñecemento: investigar para medrar
- 22 - Visión estratéxica da política científica e de innovación
- 22 - As grandes apostas para fortalecer e dinamizar o sistema galego de innovación
- 24 B. Unha economía con base industrial
- 27 - Unha minaría ao servizo do país
- 27 C. Enerxía
- 29 D. Medio rural
- 29 - Propostas de carácter xeral
- 30 - Reforma das estruturas agrarias e reorientación do modelo produtivo
- 31 - Vertebración social e interlocución no sector agrario
- 32 - Desenvolvemento das producións gandeiras e agrícolas
- 33 - Apoio ao sector lácteo
- 33 - Impulso á transformación e comercialización agrarias
- 34 - Unha nova política forestal
- 35 - Loita contra o lume
- 36 E. Pesca
- 38 F. Comercio
- 39 G. Turismo

40 **4. Emprego digno e na terra**

43 **5. Servizos públicos de calidade**

- 43 A. Sanidade
- 48 B. Ensino
 - 49 - Propostas prioritarias
 - 52 - Outras propostas
 - 54 - Un sistema universitario público, galego e de calidade
 - 55 Universidade pública
 - 55 Universidade galega
 - 56 Universidade de calidade e innovadora
- 57 C. Servizos sociais, protección social e atención á dependencia
- 61 D. Garantir o acceso á vivenda
- 63 E. Salvamento e emerxencias

64 **6. Políticas feministas e LGTBI para
unha Galiza da Igualdade**

67 **7. Coidado e recuperación do medio**

- 68 Xestión de residuos
- 68 Saneamento integral e xestión da auga
- 69 Protección do noso mar
- 69 Espazos naturais e biodiversidade
- 71 Participación pública e educación ambiental
- 71 Benestar animal

72 **8. Ordenación do territorio e transporte**

74 Mobilidade máis racional

76 **9. Lingua**

79 **10. Cultura**

82 **11. Memoria histórica**

84 **12. Medios públicos para un espazo
galego de comunicación**

85 **13. Deporte**

88 14. Galiza no mundo

- 88 A. Relacións internacionais
- 90 B. Política económica internacional e cooperación
- 91 C. Unha Europa diferente
- 92 D. Galiza, terra de acollida
- 92 E. Antimilitarismo
- 93 F. Dereitos da emigración

93 15. A mocidade galega, motor do País

- 94 A. Emprego
- 94 B. Igualdade, diversidade e sexualidade
- 94 C. Ensino
- 95 D. Sanidade
- 95 E. Transporte
- 96 F. Investigación
- 96 G. Plan retorna
- 96 H. Vivenda
- 97 I. Cultura, deporte e lecer
- 97 L. Participación activa da mocidade e poder de decisión

97 16. Democracia, dereitos e liberdades

O noso País precisa de abrir un tempo novo. Un tempo que deixe atrás as políticas impostas, que nos prexudicaron como nación e nos empobreceron como pobo. Un tempo que parta de mudar radicalmente as causas básicas e estruturais dos nosos problemas e en que poderemos construír un presente e un futuro diferente, de liberdade e de prosperidade.

Para iso precisamos decidir nós sobre o noso. O sistema político actual foi pensado para perpetuar a situación de dependencia da Galiza e a satisfacción dos intereses dunha minoría constituída en clase dominante á custa da maioría social do noso País, as clases populares. É iso, por tanto, o que debemos aspirar a mudar para construír un País diferente.

Por iso o nacionalismo sempre cuestionou un marco político definido pola Constitución e o Estatuto de autonomía como principais instrumentos normativos dun sistema inxusto que nos nega como nación e nos condena á precariedade, á pobreza ou á emigración.

A constatación de que as principais decisións no ámbito político e económico, as que máis nos afectan, son adoptadas en Madrid e/ou Bruxelas, confirman a inutilidade dun sistema autonómico que non serve para dar resposta ás nosas necesidades nin ás nosas aspiracións como nación. Necesitamos, por tanto, romper ese corsé, superar definitivamente o marco político actual e asumir decididamente o camiño da soberanía.

Como xa historicamente temos constatado, só nacionalismo galego aposta nesta vía. Só o BNG vai ás causas profundas dos problemas sociais que padece o noso pobo. A coincidencia das forzas políticas de dependencia estatal -as vellas e as novas- na defensa dos piares legais do sistema (Constitución e Estatuto), torna imprescindible a alternativa política do BNG no contexto actual. Especialmente se aspirarmos a un verdadeiro cambio político que vaia máis alá dunha simple alternancia no goberno da Xunta.

É por iso que sabemos que o novo tempo que a Galiza precisa só podemos construílo nós, desde aquí, con soberanía. Con toda a intelixencia política da nación que representa o nacionalismo e coa inmensa forza do noso amor por Galiza, Nós, galegas e galegos. Nós, BNG-Nós.

A Galiza que queremos

1. SOBERANÍA: ÚNICA SAÍDA PARA CONQUISTAR UN FUTURO DE IGUALDADE, TRABALLO E DEMOCRACIA.

O BNG cuestionou desde o comezo o modelo autonómico como inadecuado para dar solución aos problemas da Galiza e para dar saída ás aspiracións políticas dunha nación que quere exercer como tal. O problema estrutural da Galiza, que parte da dependencia económica e política que sofre, non se pode resolver cunha simple descentralización administrativa. Corenta anos despois fica máis evidente do que nunca que o actual marco xurídico-político autonómico non serve e está definitivamente acabado.

Dunha banda, por que se tratou dunha autonomía outorgada que, ademais, se constrinxiu a un elenco de competencias limitadas. Moitas delas puideron ser exercidas apenas parcialmente, ao ser simplemente funcións administrativas de execución de políticas do Estado. Outras leváronse a termo de xeito totalmente subordinado, ao depender dun marco financeiro sempre fixado desde o Estado. Doutra banda, debido a un deseño institucional fortemente centralista, facéndose evidente tanto nos momentos de maiorías absolutas de gobernos de partidos estatais como en épocas de crise, que foron aproveitados para materializar un Estado cada vez máis dominado polas institucións lexislativas e gubernativas centrais e mesmo deixar en papel mollado moitas das competencias autonómicas.

Ao longo destas décadas houbo dous períodos diferenciados, que foron apuntalados coincidindo con gobernos de maiorías absolutas de partidos estatais: a culminación dun modelo descentralizado homoxéneo a través da política do café para todos, e posteriormente, a paulatina reivindicación e recuperación de competencias por parte do Estado, tanto a través de leis estatais como das reformas económicas que situaron na órbita dos gobernos de Madrid as decisións estratéxicas no ámbito económico, para perpetuar un modelo de espolio e apropiación de recursos económicos por parte de elites que minguaron o potencial económico da Galiza.

O resultado do fracaso do modelo autonómico implicou unha mingua da capacidade de decisión de Galiza, máis tamén levou aparellado un evidente empobrecemento da nación, con consecuencias negativas para a prosperidade do país e un deterioro no benestar das galegos e galegos. A maior parte dos indicadores de desenvolvemento demográfico e económico evoluíron negativamente respecto doutros territorios e moitas potencialidades do país víronse truncadas por decisións políticas adoptadas ou refrendadas (especialmente deste a integración na Unión Europea) en Madrid.

As drásticas mudanzas aplicadas nos últimos anos, con decisións adoptadas polo Goberno central que implicaron, por exemplo, a lapidación das caixas de aforro, reformas fiscais que reduciron os fondos destinados aos servizos básicos, a introdución de recortes e copagamentos en servizos

esenciais como a sanidade, a minoración de fondos para a innovación e o desenvolvemento, a imposición aos concellos de restricións na prestación de servizos á veciñanza. Todas elas son ilustrativas de que estirar o marco autonómico, de afondar no actual modelo estatutario, é papel mollado, pois sendo no fondo unha autonomía tutelada, quen exerce dita tutela, o Estado central, tamén decide en cada momento até onde se pode estender, e quedou dabondo demostrado que a vontade dos partidos estatais é a de impor un teito ao autogoberno de Galiza, de manter como concesión outorgada e cada vez máis controlada desde Madrid a autonomía política da nosa nación.

A crise que atravesamos, para alén dunha crise económica tamén é unha crise de lexitimidade do modelo de Estado unitario, que nega os máis elementais dereitos colectivos, como é o recoñecemento da capacidade de decisión das nacións. O fracaso do sistema autonómico vén dar a razón ao nacionalismo cando defende a necesidade de que o noso País asuma e exerza a soberanía, a través dun proceso constituínte, como única maneira de podermos romper a dependencia económica e política para construír unha sociedade diferente, libre, próspera, verdadeiramente democrática, igualitaria e xusta. Galiza necesita poder decidir de maneira soberana o seu presente e o seu futuro. E só o pode facer tornándose un Estado soberano. Esa é a aposta estratéxica do BNG.

Con todo, conscientes de que a soberanía plena virá da man dunha maioría social galega favorábel, o BNG entende que, no actual contexto político e no período que se abre con estas eleccións, é preciso avanzar con propostas que vaian na dirección de establecer un novo status político para a Galiza. Por iso afirmamos que nin serve o Estatuto actual nin tampouco ningunha solución que pretenda 'revisalo'. Cómpre superalo definitivamente, decidindo por nós propios o marco político que queremos, desde unha alternativa democrática, que implique o inicio dun novo tempo político protagonizado polo pobo galego, a superación do réxime constitucional instaurado en 1978 e o establecemento dun **Marco Galego de Libre Decisión**.

PRINCIPIOS PARA UN MARCO GALEGO DE LIBRE DECISIÓN

Calquera mudanza no status institucional de Galiza ten que estar guiada polo obxectivo de asegurar a capacidade de decisión política da nosa nación, partindo dos seguintes principios:

- Podermos decidir na base produtiva e económica de Galiza para desenvolver unha promoción económica e do emprego adecuadas ás nosas potencialidades e capacidades.
- Exercer en exclusiva a planificación, dirección e xestión dos servizos públicos ligados ao benestar, para dar adecuada cobertura ás nosas especificidades.
- Impulsarmos sen interferencias, en todos os ámbitos, os elementos que nos conforman como pobo e nos identifican como nación (lingua, cultura, patrimonio, etc...)

—Deseñarmos e articularmos a ordenación territorial e a estrutura administrativa, institucional e da xustiza en Galiza.

—Garantirmos a capacidade de decisión de Galiza nas institucións estatais, europeas e internacionais nos asuntos que nos afectan.

—Contarmos cun modelo de financiamento propio en que a Galiza teña a plena capacidade para implantar unha política fiscal, desde a regulación até a recadación e xestión integrada a través dunha Facenda Galega, coa que facer uso pleno dos nosos recursos económicos para financiar os servizos públicos básicos e con iso podermos aplicar políticas propias de redistribución social.

—Capacidade de xestionar directamente a Seguranza Social e as pensións.

—Podermos exercer libremente relacións internacionais propias, entre outras cousas para negociar directamente acordos económicos con terceiros países ou para podermos aproveitar o inmenso potencial neste ámbito do mundo lusófono.

As limitacións no marco actual obríganos a formular, desde unha perspectiva galega, unha proposta de mudanza do marco institucional co obxectivo de contarmos con plena capacidade de decisións.

PROPOSTAS PARA A CONFIGURACIÓN DO NOVO STATUS POLÍTICO DE GALIZA

O BNG defende unha Galiza capaz de gobernarse a si propia. Soberanía é igual a máis capacidade para resolvermos nós os nosos problemas. Máis autogoberno é igual a máis democracia e máis benestar. Os galegos e as galegas temos dereito a institucións democráticas propias, capaces de gobernaren o país sen necesidade de pedir permiso. Xa sufrimos durante tempo de máis as incoherencias do modelo actual, as discriminacións para Galiza que del resultan, e non podemos seguir agardando para avanzarmos no camiño da plena soberanía.

O exercicio da soberanía exige outro marco constitucional que recoñeza a capacidade de Galiza para decidir amplamente desde as institucións do país nas cuestións que nos competen. O BNG é chave para que haxa un Goberno galego que defenda as mudanzas que vaian no camiño do recoñecemento da Galiza como nación con plenos dereitos, comezando polas seguintes medidas:

—O recoñecemento do dereito de autodeterminación de Galiza, consonte á súa condición de nación, que leve aparelado o exercicio libre e soberano do poder para atinxir os seus obxectivos de desenvolvemento económico sustentábel, benestar social e florecemento cultural nun modelo de articulación adecuado dos seus dereitos e intereses, con criterios democráticos de liberdade, paridade e reciprocidade.

—A nación galega asume a condición de suxeito político decisorio coa fórmula que corresponder.

—Unha nova actitude fronte á cuestión lingüística, que se plasme na asunción do dereito a usarmos a nosa lingua en todo momento e en todo lugar, tamén en todas as institucións.

—A asunción de todas as competencias esenciais para garantir que a capacidade de decisión é real e efectiva.

—A fonda revisión de institucións centrais que inflúen na Galiza, de xeito que poidamos ter capacidade de incidencia directa desde Galiza na súa designación e mesmo capacidade de veto nos casos en que unha decisión afecte de forma relevante os intereses de Galiza.

—A completa reformulación do Tribunal Constitucional, que deixaría de exercer funcións sobre a Galiza, trasladando os conflitos de competencias a solucións arbitrais a través de órganos políticos bilaterais.

—A presenza directa de Galiza nas institucións europeas e internacionais.

—A eliminación das provincias e da súa referencia como circunscrición electoral, así como a desaparición das Deputacións provinciais. Estruturación do territorio galego a partir dos concellos e as comarcas.

—A asunción plena e exclusiva das competencias en seguranza pública e viaria.

—A adecuación da administración de xustiza, contemplando un poder xudicial propio para Galiza que será a última instancia xudicial no noso País.

AVANCES NO AUTOGOBERNO DE GALIZA, EN TANTO NON SE CONSOLIDE O NOVO MARCO INSTITUCIONAL

Para alén de afrontar a superación do actual marco constitucional, e no camiño de ir afondando na capacidade de decisión de Galiza, deben acometerse xa sen demora os traspasos e transferencias a Galiza de infraestruturas e servizos esenciais:

—Traspaso AP-9 (Ferrol-Vigo)

—Traspaso AP-53 (treito Santiago-Lalín aínda dependente do Estado)

—Traspaso das competencias en infraestruturas de transporte de interese xeral: Portos de interese xeral, aeroportos e control de tráfico aéreo en Galiza, alén de estradas e camiños de ferro que discorren por territorio galego.

—Transferencia das competencias en materia de costas, tanto as normativas para aprobar unha lei galega de protección do litoral adaptada á realidade galega como as de

intervención e xestión (autorizacións de instalacións na costa galega). Tamén se afrontará o traspaso das competencias sobre as bacías hidrográficas (transferencia plena da confederación hidrográfica Miño-Sil).

—Transferencia das competencias e servizos de salvamento marítimo e gardacostas.

—Transferencia das competencias en materia de tráfico e seguranza vial e seguranza pública.

—Traspaso dos fondos e competencias relacionadas co fomento da industria cinematográfica e audiovisual galega.

—Traspaso dos arquivos, bens e fondos documentais, culturais e históricos a Galiza, que se atopan espallados en diversas institucións e organismos do Estado.

—Traspaso competencias en materia deportiva do Consello Superior de Deportes e das federacións deportivas.

—Transferencia dos activos da SAREB (entidade de xestión de activos inmobiliarios das entidades financeiras saneadas) situados en Galiza, para incorporación nunha Bolsa de vivendas e inmóbeis para fomento da vivenda pública social en Galiza.

—Traspaso das competencias en materia de comercio exterior que exerce o ICEX respecto das empresas galegas.

2. MODELO ECONÓMICO AO SERVIZO DO POBO

A. UN NOVO SISTEMA DE FINANCIAMENTO PARA GALIZA

No ano 2014 estaba prevista a revisión do actual sistema de financiamento, porén, o inmovilismo do goberno estatal impediu avanzar na súa reforma. Mentres diversas comunidades autónomas reclamaron revisar o modelo, o Goberno de Feijoo destacou pola submisión ás teses inmovilistas do goberno central.

Galiza ten a responsabilidade de subministrar servizos básicos como a sanidade e a educación, e o actual modelo de financiamento resulta totalmente insuficiente para garantir unha adecuada prestación destes servizos. A forte centralización dos ingresos no Estado español, onde o Goberno Central exerce o control sobre os ingresos recadados polas CCAA impídenos poder deseñar un marco fiscal acaído para garantir uns servizos públicos de calidade.

Esixiremos ao Goberno Central a apertura da negociación dun novo sistema de financiamento, que para Galiza sexa baseado no modelo de concerto, que contemple a atribución de plena

capacidade normativa, de xestión e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados en Galiza, contando cunha Axencia Tributaria galega. Este modelo contemplará a “internalización” do financiamento das nosas entidades locais, e debe completarse coa articulación de mecanismos redistributivos que garantan o equilibrio territorial no Estado.

Xestión galega do imposto de sociedades:

Na actualidade, o tributo máis importante que queda á marxe do sistema de financiamento autonómico é o Imposto de Sociedades. Así, mentres non obteñamos o novo sistema de financiamento exposto anteriormente, demandaremos de xeito inmediato a cesión das competencias sobre este imposto, o que suporá que a tributación de todas as empresas con centros de produción en Galiza, independentemente do lugar de residencia da súa sede, reverterá directamente na nosa facenda, segundo os beneficios que obteñen aquí. A xestión galega deste imposto significa que se trataría dun tributo concertado de normativa autónoma. Xa que logo, a Xunta de Galiza poderá regular sen limitacións este imposto, respectando os principios de harmonización.

Un modelo de financiamento adecuado para os concellos galegos:

A crise económica agravou a insuficiencia financeira estrutural que padecen os concellos, tendo moitos deles grandes dificultades para atender os servizos públicos. Asemade, a supeditación das finanzas locais ao dogma de contención rigorosa do déficit público, elevado a doutrina constitucional coa reforma express do artigo 135 da CE, sacrifica a capacidade de endebedamento dos entes locais, inclusive cando esta é destinada a obter recursos para investimento produtivo e social.

Esta situación de insuficiencia é agravada no caso dos concellos galegos, que son discriminados no reparto de fondos do Goberno central, o que supón que cada veciño dunha vila ou dunha cidade galega recibe 50 euros menos ca media estatal co actual sistema de reparto da Participación nos Ingresos do Estado (PIE).

Da contía total dos fondos para os concellos chega aos municipios do país o 5,05%, malia representar o 6,24% da poboación total. En termos per cápita, cada concello recibe 209 euros por habitante fronte aos 259 euros de media estatal.

Esta situación de discriminación agudízase no caso das grandes cidades galegas. A modo de exemplo, Málaga recibe o mesmo financiamento do Estado, 230 millóns de euros, que as seis grandes cidades galegas xuntas, -232,6 millóns de euros-, pese a que estas case a duplican en poboación.

Así, en tanto o financiamento local non estea integrado nun novo modelo de financiamento para Galiza, e coa finalidade de proporcionar máis recursos aos concellos galegos, demandaremos

unha reforma do actual modelo de financiamento local, que teña en conta os maiores custos da prestación dos servizos derivados da realidade galega. Deste xeito deberán adoptarse os criterios de dispersión e avellentamento da poboación para o reparto da Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e que esta se transfira á Xunta de Galiza, para que sexa a administración galega a que realice o reparto destes fondos entre os concellos, e modifícase o reparto en función da poboación de cada concello, que na actualidade prima ás grandes cidades sobre o resto.

B. UNHA BANCA PÚBLICA GALEGA, SOPORTE PARA O DESENVOLVEMENTO DE GALIZA

A reforma financeira impulsada polos gobernos do PSOE e do PP tivo como consecuencia para a Galiza a perda da vinculación das caixas co seu territorio, para unha posterior bancarización e como último paso, a venda a prezo de saldo das outrora caixas galegas, nun proceso de claramente centralista e privatizador.

Os datos históricos sobre a evolución dos depósitos e dos créditos amosan que o conxunto do sistema financeiro presente na Galiza xogou un papel fulcral na expulsión de parte dos depósitos dos galegos, servindo para promover o desenvolvemento doutros territorios do Estado. Nomeadamente dende 2009, houbo unha evolución moi negativa entre os aforros depositados polos galegos en entidades financeiras na Galiza, e o que invisten estas entidades na economía do país, levando unha parte importante dos depósitos captados no noso país para fóra, singularmente cara a Madrid.

Cos últimos datos dispoñíbeis (marzo 2016, Banco de España) Galiza conta cun volume de créditos de 43.178 millóns de euros e 58.200 millóns de euros en depósitos, polo que os créditos ás galegas e galegos só cobren o 74% dos depósitos existentes no país, sendo a porcentaxe máis baixa de todos os territorios do Estado. Así, nestes intres 15.022 millóns de euros de aforro galego emigran para fornecer crédito noutras partes do Estado. Esta cifra equivale a 1,7 veces os gastos non financeiros nos orzamentos liquidados galegos no ano 2015, ou o 27% do PIB galego deste mesmo ano, de maneira que esta expulsión do noso aforro manca de xeito esencial un desenvolvemento normalizado e o benestar da nosa Nación, para beneficio do resto do Estado.

Por outra parte, observamos como a Comunidade de Madrid, a pesar de ser onde estoupou o principal escándalo e burato financeiro ao recibir a maior parte do rescate público do sector financeiro, esta comunidade ten a mellor relación de crédito per cápita. Foi Madrid xustamente a comunidade que, xunto co País Vasco (que neste caso mantivo entidades financeiras propias) tivo unha evolución do seu crédito menos negativa. Á vista dos datos podemos concluir que o proceso de reestruturación bancaria tivo como consecuencia evidente a centralización e a concentración bancaria e financeira, favorecendo os intereses das elites políticas e económicas radicadas na capital do Estado español, sendo o pobo galego o máis prexudicado neste proceso.

Polo tanto, dende o BNG exerceremos a nosa capacidade de decisión no ámbito financeiro, pois non podemos manter unha situación onde as empresas produtivas galegas están sometidas ás entidades financeiras cuxos centros de decisión se sitúan fóra de Galiza e que están guiadas polo seu exclusivo interese de espremer os beneficios, nin tampouco dun crédito oficial español cuxas directrices e prioridades se fixan nunhas coordenadas que non coinciden coas necesidades e intereses de Galiza. Así, levaremos a cabo as seguintes propostas que teñen por obxecto a transformación do aforro galego en crédito ao tecido produtivo do país:

—Creación da banca pública galega e impulso de novas fórmulas de participación pública, reformulando os instrumentos do crédito e adoptando as medidas necesarias para que o aforro galego reverta en crédito e investimento no noso país.

—Dun xeito paralelo, o BNG tamén impulsará outros instrumentos financeiros que complementen a aposta estratéxica por instrumentos financeiros públicos e galegos. Concretamente, abordaremos a creación dun Instituto Galego de Crédito, como unha vía máis áxil para dinamizar o crédito á economía produtiva de inmediato. Será, polo tanto un instrumento complementario dentro da estratexia de configuración dunha banca pública galega.

Ademais, impulsaremos ou demandaremos do goberno central as seguintes medidas no sector financeiro:

—Acometer unha regulación do sector financeiro que supervise e controle entidades e axentes financeiros, limitando movementos especulativos de capital e supeditando a actividade financeira ás necesidades da economía produtiva.

—Acordar as medidas precisas para impediren a expulsión dos nosos aforros e a súa utilización no noso País, cara avanzar na converxencia nos niveis de servizos públicos e infraestruturas produtivas e sociais, de renda e outras.

—Fixar desde o ámbito público a orientación cara a investimentos produtivos estratéxicos e a introdución de regras claras e precisas que limiten a especulación financeira.

—Introducir regras sobre a retribución dos altos directivos do sector financeiro, limitando os salarios e o establecemento de bonos e incentivos desmedidos.

—Aprobar normas sobre servizos financeiros que limiten o cobro de comisións abusivas aos usuarios, así como o reforzamento da transparencia da información das entidades financeiras.

—Creación dunha Comisión de investigación sobre o proceso de bancarización e privatización das Caixas galegas.

C. XUSTIZA TRIBUTARIA E LOITA CONTRA A FRAUDE FISCAL

O actual sistema impositivo non está a contribuír a corraxir as desigualdades económicas e, por tanto, non cumpre a súa función de redistribución da riqueza. O actual sistema fiscal estatal consagra un reparto moi desigual da carga tributaria, caracterizándose por unha regresividade acrecentada desde a súa formulación após a chegada da democracia, onde a contribución impositiva recae fundamentalmente sobre os impostos indirectos ao consumo e ás rendas do traballo, fronte ás de capital.

Mesmo as reformas impositivas aplicadas durante a crise económica incidiron en acentuar a imposición indirecta. Dese xeito, o resultado é un sistema fiscal cun baixo nivel de presión fiscal sobre determinadas rendas e un reparto pouco equitativo da carga fiscal que impide o desenvolvemento dun sistema de benestar e dos recursos necesarios para poder adoptar medidas de estímulo na economía dirixida a un crecemento sustentábel a longo prazo.

Apostamos por un modelo de financiamento baseado no concerto económico, que garanta que Galiza teña plena capacidade normativa, de xestión e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados no noso país. Mentres non academos este modelo, é prioritario acometer unha reforma fiscal cos obxectivos de:

—Garantir e incrementar a capacidade recadadora do sistema tributario, nun sentido de progresividade impositiva, de maneira que en función da capacidade económica e patrimonial pague proporcionalmente máis quen máis ten, para fortalecer un sistema de benestar que asegure o acceso de toda a poboación ás prestacións sociais e servizos públicos de calidade, que ademais de proporcionar unha maior calidade de vida, contribúa a xerar novas oportunidades de emprego vinculadas á prestación de ditos servizos.

—Incrementar a xustiza do sistema fiscal, impulsando a función de redistribución da renda e riqueza e como elemento activo na corrección das desigualdades sociais.

O BNG avoga por aproveitar ao máximo as capacidades de Galiza para introducir progresividade nos impostos que forman parte do sistema de financiamento, en tanto non se reforme este sistema, así como por aproveitar as capacidades para crear novos tributos:

—Actuaremos sobre os mínimos exentos do imposto de patrimonio e sobre os tipos de gravame do IRPF, para que as rendas superiores a 100.000 euros anuais e os patrimonios superiores a 300.000 euros, excluída a vivenda habitual, acheguen máis ao sostemento dos servizos públicos galegos, así como dotar a tarifa de maior progresividade.

—Suprimiremos as modificacións que se veñen de realizar no Imposto de Sucesións e Doazóns.

—Impulsaremos a imposición fiscal sobre aqueles feitos que deterioran o medio, coa finalidade de incentivar o uso de sistemas de produción limpos, así como compensar o custe social de soportar danos medioambientais coa internalización deses custes por parte das empresas ou calquera outro produtor da contaminación.

—Crearemos un novo Imposto imposto sobre as Grandes Superficies Comerciais que grave o impacto económico, social e ambiental que provocan estas grandes superficies.

Galiza, en tanto non se mude o actual sistema de financiamento por un sistema baseado na responsabilidade fiscal plena, recibe unha parte dos seus ingresos públicos a través da participación parcial nunha canastra de impostos, tanto nos tributos que contén coma na porcentaxe de cesión, polo que está moi lonxe (arredor do 45%) dos tributos realmente soportados polos galegos. Xa que logo, mentres ese deseño fiscal do Estado español teña incidencia nos recursos cos que conta Galiza, o BNG desde o Goberno galego promoverá tamén unha profunda remodelación do sistema fiscal estatal, consonte os seguintes criterios:

—Establecer novos tramos na tarifa xeral do IRPF para as rendas superiores e a mellora na progresividade na tributación do aforro.

—Derrogar as subidas dos tipos impositivos no IVE, rebaixándoos aos niveis anteriores, e dun xeito específico adoptar unha tributación ao tipo superreducido do 4% de todos os bens e prestacións de servizos básicos, como os ligados á cadea alimentaria.

—Modificar a lexislación das Institucións de Investimento Colectivo, a fin de que as sociedades de investimento de capital variábel (SICAV) tributen aos tipos impositivos análogos aos fixados no imposto sobre a renda e sociedades.

—Fixar un gravame adicional no Imposto sobre Sociedades para as bases impoñíbeis que superen os 100 millóns de euros, isto é, empresas que teñan grandes beneficios.

—Establecer unha taxa específica sobre os grandes beneficios da banca privada, así como un réxime fiscal sobre a actividade financeira que grave as transaccións especulativas.

D. LOITA EFECTIVA CONTRA A FRAUDE FISCAL

A inxustiza do sistema fiscal agrávase coas elevadas cifras de fraude fiscal existente no Estado. O Informe “A economía somerxida pasa factura. O avance da fraude fiscal durante a crise” (Gestha, 2014), sitúa a fraude fiscal estatal no 24,6% do PIB para o ano 2012, case sete puntos porcentuais máis desde que se iniciou a crise en 2008, ano no que a taxa estaba no 17,8%. O informe sitúa a porcentaxe de fraude fiscal en Galiza no 26,3% sobre o PIB, o que nos sitúa por riba da media estatal.

Ademais, Gestha afirma que o 71,8% corresponde á evasión e fraude fiscal das grandes fortunas, corporacións empresariais e grandes empresas, polo tanto, é fundamental adoptar as medidas necesarias para loitar contra a fraude fiscal, especialmente no relativo ás grandes fortunas. Polo tanto, ademais do seu efecto nas arcas públicas, introduce grandes doses de inxustiza no sistema.

Porén, a actuación da facenda española caracterízase pola persecución do cidadán de a pé e mirar para outro lado ante a fraude e a evasión fiscal das grandes fortunas. Na persecución do Ministerio de Facenda á tributación dos emigrantes retornados tivemos un claro exemplo das prioridades do goberno, e outro exemplo atopámolo agora co denominado catastrazo, que ademais é un novo atranco para o medio rural. A revisión catastral que se desenvolve en Galiza vai ter un importante impacto nos bens inmobles do rural. Granxas, galpóns, invernadoiros e naves pasarán a pagar agora a contribución, o Imposto de Bens Inmobles (IBI). Supón unha actualización derivada do plan de regularización extraordinaria -coa que entre 2013 e 2016 o Ministerio de Facenda di pretender facer brotar instalacións agrarias ocultas. Así levaremos a cabo medidas en dúas direccións:

—Demandaremos que o Estado cometa un plan con medidas efectivas de loita contra a fraude e a evasión fiscal, así como en xeral a economía soterrada, dun xeito especial para erradicar a actividade en paraísos fiscais e contra sociedades “pantalla” ou interpostas, así como de mediadores que facilitan a fraude fiscal.

—A Xunta de Galiza tamén debe ser un axente activo na loita contra a fraude fiscal. Por moito que as competencias galegas na loita contra a fraude fiscal sexan limitadas, existen marxes para actuar dende o ámbito galego. Compre reclamar un marco competencial acaído para que dende a Xunta de Galiza se poidan desenvolver accións eficaces contra a fraude fiscal. Non é de recibo que sendo a administración que debe proporcionar unha educación sanidade e servizos sociais de calidade non teña marxes para actuar contra a fraude, que obviamente fai minguar os recursos destinados para os citados servizos sociais básicos.

E. CONTRA A PRIVATIZACIÓN SISTEMÁTICA, ORZAMENTOS PARA GARANTIR OS SERVIZOS BÁSICOS E ESTIMULAR O CRECEMENTO ECONÓMICO

A estratexia económica do Goberno de Núñez Feijoo baseouse na aplicación estrita das políticas de austeridade contra das maiorías sociais, acumulando os orzamentos da Xunta sucesivos recortes e baixos graos de execución, o cal sumado ás restricións do Goberno Central e do propio sistema de financiamento explican os pésimos resultados económicos da súa xestión.

En grandes trazos, os eixos das políticas levadas a cabo polo goberno de Feijoo centráronse no deterioro das condicións de traballo e remuneración dos traballadores da función pública, na redución dos servizos sociais e do conxunto do estado de benestar, na diminución de investimentos esenciais para o desenvolvemento do país e, polo contra, na explosión do

endebadamento e do custo do servizo de débeda viva da comunidade, malia todo o que predicou en senso contrario baixo o tópico de “que non se pode gastar máis do que se ten”.

É necesario revertir esta situación, establecendo prioridades de gasto que garantan o mantemento e a mellora dos servizos públicos, a recuperación do investimento público e o impulso á economía real. O Goberno galego debe exercer as súas competencias e adoptar un papel activo no impulso ao desenvolvemento económico do país, para o cal desenvolveremos as seguintes medidas:

—Promoveremos unha política orzamentaria na que se conceda preferencia á aplicación dos recursos cara a obxectivos que revistan unha utilidade social clara, que reforcen directamente a capacidade produtiva e que promovan a diversificación do sistema produtivo e o incremento do seu valor engadido.

—Pola banda dos gastos, partiremos dun orzamento en base cero, suprimindo todos os gastos superfluos e innecesarios, e reasignaremos os recursos dispoñíbeis conforme ás novas prioridades, fortalecendo a prestación dos servizos públicos esenciais, as políticas de emprego e o investimento produtivo.

—Excluiremos a colaboración público privada na construción e xestión de infraestruturas e equipamentos vinculados a servizos públicos básicos por resultaren ineficientes e multiplicaren o seu custo, coma ten recoñecido o Tribunal de Contas español. Revisaranse os contratos de subministro, estudos técnicos e traballos realizados por outras empresas, que supoñen un importantísimo volume de recursos relacionadas coa chamada externalización –privatización– da xestión pública, que se recuperará na medida do posíbel, unha vez que remate a súa vixencia.

—Estabeleceranse normas de plena transparencia a respecto das subvencións que se concederán, no seu caso, en base a criterios de obxectividade, evitando a arbitrariedade existente actualmente, ligada a unha forma específica de clientelismo, que constitúe de facto un xeito de corrupción. Os órganos administrativos encargados da concesión das axudas elaborarán Informes anuais con toda a información relevante dos beneficiarios e contías, que se publicarán nas páxinas web correspondentes. Comprobarase que se cumpre a finalidade e obxectivos a alcanzar da concesión das diferentes axudas.

—Revisaremos a actual estrutura orgánica do Goberno e dos seus departamentos para facela mais eficiente e mais axeitada ás funcións e ás políticas que debe desenvolver a Administración galega, axustaremos o gasto corrente ás necesidades reais de funcionamento, suprimiremos os gastos innecesarios en publicidade e propaganda, impediremos que se camuflen gastos correntes nas contas correspondentes aos investimentos de carácter inmaterial, e suprimiremos as superdelegacións territoriais creadas polo Goberno de Feijoo.

—Adoptaranse as medidas necesarias para a recuperación progresiva de perda de capacidade adquisitiva do persoal funcionario e laboral da Administración galega, así como se fará fronte inmediatamente as necesidades de persoal nos servizos públicos fundamentais que padeceron un recorte moi substancial nesta etapa nefasta.

—Todos os novos investimentos públicos deberán acompañarse de informes económicos que garantan a súa rendibilidade social.

F. LEI GALEGA DE CONTRATACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

O obxectivo é establecer como criterio xeral na contratación das administracións públicas da Galiza a de aspectos como que as empresas teñan o domicilio social na Galiza, paguen aquí os seus impostos e creen postos de traballo no noso País. Trátase de acabar co práctico monopolio das grandes construtoras e fornecedoras de servizos madrileñas na realización de obras públicas na Galiza e, ao mesmo tempo, garantir o pleno respecto polos dereitos laborais.

En todo o caso, avogamos por unha contratación pública galega que sexa estratéxica e responsábel para acadar obxectivos sociais (cláusula social), éticos (comercio xusto e responsábel) e ambientais (cláusula verde). Acreditamos e defendemos a posta en valor e uso do efecto transformador do poder de contratación dos servizos públicos da Xunta de Galiza, como operadores económicos que son, con capacidade de intervir e influír nos mercados de bens e servizos, para artellar unha economía galega e desde a responsabilidade social.

Para tales fins, desenvolveremos as seguintes actuacións:

—Inclusión de cláusulas para que a contratación pública estratéxica e responsábel acade obxectivos sociais, éticos, ambientais e de normalización da lingua galega. Así, introdúcanse cláusulas sociais, de comercio xusto e responsábel, verde, lingüísticas e con perspectiva de xénero, tendo en conta ademais a necesidade de valorar neste ámbito ás entidades sen ánimo de lucro, á economía social e á integración de colectivos desfavorecidos ou que presentan dificultades de inclusión social. Tales cláusulas, no caso concreto das sociais, deben servir para crear emprego, mais tamén para garantir que as persoas que traballan nas empresas contratistas teñen unhas condicións laborais óptimas.

—Aposta polas compras e subministracións de produtos que existan en galego (programas, equipos informáticos e electrónicos, produtos alimentarios, medios de comunicación e subministracións de todo tipo) e que fosen elaborados en condicións óptimas de sustentabilidade e de comercio xusto, responsábel e ético. Valoración do domicilio social das empresas e a creación de emprego no ámbito local, comarcal e nacional galego.

—Emprego dos servizos financeiros da banca cooperativista galega e da banca ética. Inclusión nos pregos de condicións para a adquisición de crédito ou doutros servizos financeiros a exigencia ás entidades dunha declaración de responsabilidade e de compromiso ético nos seus produtos financeiros, empresas ou grupos en que invistan.”

3. PROPOSTAS PARA UNHA GALIZA DE FUTURO, DESDE A CONFIANZA NAS CAPACIDADES DE GALIZA E AO SERVIZO DAS MAIORÍAS SOCIAIS

A. APOSTA POR UNHA GALIZA DO COÑECEMENTO: INVESTIGAR PARA MEDRAR

O Goberno presidido por Núñez Feijoo déixanos un país menos innovador e con menos tecido produtivo, tal e como amosan todos os indicadores:

—Reduciuse o investimento en I+D+i: na actualidade (ano 2014, último dispoñíbel), Galiza inviste en I+D+i un escasísimo 0,89% do PIB unha porcentaxe moito menor que a rexistrada antes do Goberno de Feijoo, xa que en 2008 a porcentaxe chegaba ata o 1%.

—Con respecto ao gasto en I+D per cápita, este baixou durante o goberno de Núñez Feijoo, xa que pasou de 211,7 euros no 2008 a 174,2 no 2014, e ademais é moi inferior ao do conxunto do Estado, que no 2014 sitúase en 276 euros per cápita.

—As empresas con actividades innovadoras caeron á metade: Se no 2008 existían 1930 empresas con actividades innovadoras, esta cifra reduciuse nun 50%, ate as 973 empresas que realizan estas actividades no último ano con datos dispoñíbeis (2014).

—Descenderon as empresas con actividade en Galiza. Das 210.000 empresas existentes en Galiza no 2009, o Goberno de Núñez Feijoo tróuxonos un forte e continuado ritmo de destrución de tecido produtivo en Galiza que supuxo a desaparición de 11.000 empresas, ate as 199.000 actuais.

É urxente inverter a desacougante tendencia imprimida polas políticas do PP nestes anos, nos que Galiza viu reducidos por primeira vez os recursos para I+D+i, despediu e expulsou centos de investigador@s e tecnólogo@s e perdeu posicións en todos os indicadores relativos a ciencia e tecnoloxía. O obxectivo do BNG é priorizar o esforzo innovador como unha panca esencial para a recuperación económica, que permita reforzar a nosa capacidade produtiva, crear emprego de calidade e construír unha economía sólida e competitiva a longo prazo que aproveite todas as potencialidades que temos como país.

Visión estratéxica da política científica e de innovación:

O BNG aposta polo reforzamento da economía produtiva, aumentando o contido en coñecemento das actividades produtivas, e reforzando a especialización cara as actividades máis intensivas en coñecemento, mediante a creación dos recursos tecnolóxicos e humanos necesarios.

A aposta terá sentido estratéxico, centrando os esforzos de I+D e innovación naqueles campos e especializacións que máis directamente contribúen a reforzar as nosas capacidades produtivas, nas que Galiza pode encontrar un maior potencial de competitividade. É dicir, unha política

de innovación estratéxica marcada polos criterios da especialización intelixente (o que debера ser mais non é o Ris 3) para evitar unha excesiva dispersión dos recursos que acabe facéndoos ineficaces.

Cómpre apostar por unha efectiva transferencia do coñecemento desde o sistema de investigación, en especial o universitario, ao sistema produtivo, o que require que o sistema produtivo sexa quen de incorporar os licenciados e doutores en postos de traballo co perfil apropiado. Por iso, o BNG considera de grande importancia vincular a política de investigación e formación de titulados coa política de inserción laboral, tanto na empresa como na administración e nos servizos públicos.

Conseguir a aplicación práctica da investigación e o coñecemento é o obxectivo da política de innovación do BNG, valorizando os resultados da investigación pública a través dos servizos públicos e o establecemento de mecanismos que permitan ás empresas utilizar os resultados da investigación pública coas contrapartidas correspondentes que aseguren un retorno de recursos ao sistema de investigación pública. A grande virtude do sistema público de investigación é producir coñecemento libre, público, non privativo nin monopolizado.

O BNG aposta pola interacción da investigación pública co mundo da empresa, sen sometela ás necesidades inmediatas e aos ditados empresariais. Tendo en conta os sectores maduros predominantes no noso país e o predominio de PEMEs, o BNG impulsará, como xa fixo no pasado, políticas centradas na colaboración, co reforzamento da rede de centros tecnolóxicos e o establecemento de redes de colaboración entre as empresas, ou das mesmas con centros e/ou universidades.

O BNG impulsará o incremento do gasto en I+D tanto no sistema público como no privado, prioritariamente reforzando aqueles campos científico-técnicos nos que o noso país ten unha forte especialización, experiencia e potencial de aproveitamento; así mesmo, compre apostar por campos de futuro, nos que exista a posibilidade de abrir novas ventás de actividade, e pola creación de tecnoloxías transversais, que alimenten a distintos sectores produtivos para facelos menos dependentes tecnoloxicamente.

Ten tamén unha gran importancia a articulación e organización do sistema de I+D+i. Como cando estivo anteriormente no goberno, o BNG aposta por superar a fragmentación, mediante a cooperación interempresarial (clústers e Plataformas tecnolóxicas) e a externalización das actividades de I+D+i cara a Centros Tecnolóxicos.

As grandes apostas para fortalecer e dinamizar o sistema galego de innovación:

Para facer posíbel a construción e funcionamento harmónico do Sistema de Innovación Galego, o goberno do BNG desenvolverá os seguintes programas estratéxicos:

—Xestión íntegra da I+D+i: demandaremos que todos os fondos europeos relativos á innovación correspondan a Galiza se xestionen dende o noso país, para integralos co resto de fondos económicos para realizar unha aposta estratéxica pola xeración de valor engadido dos produtos e recursos da economía produtiva galega.

—Definición dunha carreira profesional investigadora para todo o persoal científico- técnico que desenvolve a súa actividade nos centros de investigación e prestación de servizos tecnolóxicos.

—Programa de Articulación do Sistema de Investigación e Innovación: O BNG impulsará un modelo de transferencia de tecnoloxía que facilite a integración dos coñecementos científicos e a tecnoloxía empresarial, de xeito que a combinación do sistema público de I+D e os centros de investigación e innovación sexan o gran laboratorio de I+D do tecido empresarial galego, para o que levaremos a cabo as seguintes medidas:

- i. Apoiar a creación e desenvolvemento de centros de alto nivel e excelencia científica.
- ii. Favorecer as relacións de colaboración na investigación entre os centros de investigación, as universidades, os centros tecnolóxicos e as empresas.
- iii. Completar a oferta de centros tecnolóxicos e de investigación existente en Galiza e fortalecer a recién creada rede de Centros Tecnolóxicos de Galiza.
- iv. Crear novos espazos para actividades de I+D e innovación que completen a oferta galega de servizos avanzados e de solo para a I+D e a creación de empresas de base tecnolóxica, coa rede de incubadoras de empresas e a oferta de espazo en réxime de aluguer na rede de Parques Científicos e Tecnolóxicos.
- v. Para o axeitado desenvolvemento das funcións dos complexos hospitalarios, o BNG impulsará o traballo en rede, a capacitación dos seus recursos humanos e unha maior relación coas organizacións de soporte da innovación.

—Programa de incorporación de investigador@s e tecnólogo@s: A investigación e a innovación son actividades moi intensivas en persoal de alta cualificación, polo que constitúen o elemento chave a nosa estratexia. En Galiza temos máis capacidade para formar investigadores que para incorporalos ao sistema, particularmente no eido produtivo. Así, o obxectivo do BNG será crear as condicións para a incorporación de investigador@s e tecnólogo@s no sistema de I+D+i, reforzando financeiramente os programas de apoio á súa incorporación. Esta estratexia debe ir acompañada dunha mudanza da cultura empresarial, de xeito que as empresas resulten atractivas para o persoal con alta cualificación, en termos de remuneración, condicións de traballo e carreira profesional.

—Programa de retorno de de investigador@s e tecnólogo@s emigrados. As políticas dos gobernos do PP levan provocando unha forme emigración de mozas e mozos galegos, especialmente os máis formados. Será unha prioridade para o BNG impulsar a súa volta, dentro do “Plan Retorna”.

—Programa de investigación e innovación empresarial: o BNG levará a cabo programas de impulso aos sectores empresariais centrados no apoio á I+D aplicada, isto é, á actividade de investigación desenvolvida fundamentalmente polas empresas xunto co resto dos axentes do sistema. Serán programas priorizados, nos que o carácter estratéxico dun proxecto, dunha tecnoloxía ou dun problema tecnolóxico determinan o apoio que van recibir, e buscarán a concentración e o impacto do esforzo realizado, o que significa que o obxectivo é financiar actuacións articuladoras, nas que conflúan diversos axentes e se prime a calidade.

—Impulso ao sistema universitario de I+D: o BNG impulsará a investigación universitaria no sistema galego de I+D+i de xeito que poida desenvolver axeitadamente a súa misión básica: a xeración de coñecemento e a súa difusión a través dunha educación superior de calidade. Estas actuacións centraranse na:

- i. Promoción xeral da investigación, que ten como obxecto darlles soporte aos aspectos básicos e xerais da actividade de I+D e da produción científica como elemento esencial no proceso de xeración de novo coñecemento.
- ii. Consolidación e estruturación do sistema Público de I+D, que deberá promover a consolidación e especialización competitiva das unidades de investigación. Para iso prestarase especial atención á consolidación e articulación de servizos de apoio, en particular ás infraestruturas e ás unidades de xestión da innovación.
- iii. Posta en valor das capacidades e resultados da investigación pública.
- iv. Nesa dirección o BNG potenciará os viveiros de empresa de base tecnolóxica ou spin-off, a creación de novas empresas a partir de ideas xurdidas das actividades de investigación que levan a cabo os centros públicos.

B. UNHA ECONOMÍA CON BASE INDUSTRIAL

A industria é unha das columnas vertebrais da nosa economía, sendo un sector indispensábel para asegurármonos unha fonte de riqueza e un lugar na economía global. Polo tanto a actividade industrial debe ser planificada, regulada, fomentada e apoiada. O BNG aposta por políticas industriais activas como xeito tanto de dimensionar e impulsar os nosos sectores produtivos, como de impulsar un cambio de modelo produtivo máis intenso en actividades de maior valor engadido e coñecemento.

Porén, as limitacións impostas dende os gobernos de Madrid e Bruxelas así como o desleixo do Goberno de Núñez Feijoo trazan unha evolución preocupante da nosa industria, sendo o seu peso inferior ao existente no conxunto do estado español e moito máis en comparación coa UE. É vital crebar esta tendencia, é preciso, xunto coa colaboración necesaria de empresarios, sindicatos e outras institucións, a formulación dun plano propio de desenvolvemento a medio e longo prazo, e superar as restricións que impiden a expansión, diversificación e modernización da nosa estrutura empresarial, a densificación das relacións intersectoriais, a realización na Galiza das cadeas de valor engadido no grao máximo posíbel. Así, os criterios que guiarán as nosas accións serán:

—Diversificar, tanto cara sectores inexistentes na nosa estrutura empresarial, diminuindo a necesidade de importacións, como para crear as industrias complementarias precisas para o correcto funcionamento, non dependente, orientado ao exterior, dos sectores básicos e novos.

—Modernizar as estruturas produtivas e organizativas empresariais, en relación coa I+D+i, de cara á mellora de competencia e o aproveitamento da maior e mellor formación profesional e educativa dos novos traballadores galegos.

Para unha mellor viabilidade do anterior é polo que resulta crucial o avance cara a soberanía do país, de maneira co goberno galego teña ao seu dispor o conxunto de políticas necesarias para promover un proceso real de desenvolvemento equilibrado e racional en función dos nosos intereses, autocentrado, con base nun grande consenso político e social a prol dunha industrialización entendida en sentido amplo.

Abordaremos de maneira decidida os efectos externos positivos derivados da innovación tecnolóxica, da mellora da cualificación de traballadores e empresarios, da propia “sociedade da información”, da dotación de infraestruturas sociais e produtivas, agrarias, pesqueiras, industriais e do desenvolvemento dos servizos avanzados ás empresas que caracterizan hoxe aos espazos económicos máis avanzados, levando a cabo unha política proactiva de novos investimentos empresariais enraizados no país, que cren nova capacidade produtiva, amplíen ou modernicen a existente, xerando novo e cualificado emprego no noso país.

Impulsaremos que as pequenas e medianas empresas xoguen un papel máis importante no desenvolvemento empresarial ao constituíren a inmensa maioría de empresas e da ocupación, polo que levaremos a cabo medidas de impulso da súa dimensión e dinamismo e, en xeral, das políticas de cooperación empresarial, con acordos nos eidos produtivo, comercial, tecnolóxico, de enxeñería ou calquera outro, baseado na busca de sinerxías.

Dentro desta estratexia de desenvolvemento dos sectores produtivos do país, o BNG defenderá nomeadamente as seguintes medidas:

—Deseño dun ambicioso plan de impulso industrial que contemple a identificación e o impulso a sectores estratéxicos e/ou con grandes potencialidades de crecemento, como o da aeronáutica, agroindustria ou automoción, e que combata a deslocalización das actividades auxiliares da industria galega (automoción, téxtil).

—Apostar pola internacionalización e proxección exterior das empresas e producións galegas, exercendo en exclusiva desde o Goberno galego todas as competencias sobre comercio exterior e impulsando a creación de embaixadas comerciais en enclaves estratéxicos para as exportacións.

—Fomento da participación pública naqueles sectores estratéxicos para a economía, e nomeadamente a industria galega, como xeito de impulsar un desenvolvemento autocentrado que aproveite as potencialidades do noso país.

—Plan específico de impulso ao sector naval, coas seguintes medidas:

i. Cumprimento da Lei do Sector Naval de Galiza (Lei 4/2010), impulsada por unha Iniciativa Lexislativa Popular, e aprobada por unanimidade no Parlamento Galego, mais nunca desenvolvida polo PP, a pesar de o sector naval ter un carácter estratéxico para Galiza.

ii. Garantir un soporte financeiro necesario ao sector naval en Galiza, que permita acometer novos proxectos e captar pedidos tanto domésticos como internacionais.

iii. Levar a cabo todas as xestións necesarias para dotar de carga de traballo aos estaleiros privados que o precisen. Acordos equilibrados entre as empresas principais e a industria complementaria presente nestes estaleiros, cunhas condicións de traballo equivalentes ás dos traballadores das principais.

iv. Reclamar a participación da Xunta de Galiza no Consello de Administración de Navantia.

v. Impulso de investimentos e das dotacións de persoal de xestión, enxeñería e produtivo no centro de Navantia en Fene, para poder desenvolver proxectos de traballo propios, xa do ámbito naval civil, ou militar como complemento de Ferrol.

vi. Superación do “monocultivo militar” en Navantia, mediante o acceso real a todo tipo de produción naval como mesmo se recolle no conxunto de actividades que constitúen hoxe o Obxecto Social de Navantia.

vii. Creación de Unidades Territoriais en Navantia, cunha dirección única e competencias completas de xestión e responsabilidade propia. Fronte a política da Dirección de proceder a unha maior centralización das decisións, a Unidade Central (Madrid) debe configurarse como un órgano de coordinación e xestión so daquelas actividades nas que a existencia de economías de escala sexan determinantes (grandes compras, comercial).

Unha minaría ao servizo do país:

O potencial económico deste sector en Galiza debe ser regulado desde o goberno galego con criterios de eficiencia e defensa social e medioambiental. A actuación do BNG será orientada a:

- Desenvolver plenamente a Lei Galega de minaría, e elaborar o Plano Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza.
- Oporse ao desenvolvemento daquelas actividades mineiras máis impactantes, en particular rexeitando a tramitación e aprobación do proxectos de minas de ouro e outros metais ao ar libre.
- Elaborar un plan de xestión das explotacións mineiras galegas mediante a implantación dun sistema de axudas que prime o cesamento da actividade e restauración daquelas explotacións mineiras que resultaren inviábeis ou de alto impacto ambiental.
- Desenvolver a normativa galega reguladora das augas minerais, termais, de manancial e de establecementos balnearios como un verdadeiro instrumento de protección da cantidade e calidade destas augas.

C. ENERXÍA

Un elemento fundamental para impulsar o desenvolvemento económico do noso país ten a ver coa xestión enerxética. Son piares básicos desta xestión o aforro enerxético, o descenso do impacto medioambiental, a soberanía enerxética, o control social dun sector estratéxico como o enerxético e a electricidade como ben básico para a cidadanía. Por tanto, facemos as seguintes propostas:

- Tarifa eléctrica galega. Galiza, a pesar de ser unha nación excedentaria na produción eléctrica, vese obrigada a pagar o mesmo que outros lugares do Estado español, aínda tendo uns custos de transporte moito menores e sufrindo un forte impacto ambiental e social derivado da súa produción. Vistas as circunstancias, é de xustiza que poidamos pagar pola nosa factura da luz o que nos corresponder. Así, demandaremos do Estado que remate coa fraude tarifaria, demandando unha tarifa máis baixa para Galiza.
- Promoción das enerxías renovábeis, con especial atención á eólica, á xeotérmica, á solar térmica e á fotovoltaica integrada en edificios, como aposta estratéxica da Galiza en materia de xeración. A produción limpa e sustentábel será unha prioridade da política enerxética, en particular en relación á enerxía eólica. Elaboración dun informe xurídico sobre as consecuencias da suspensión do Concurso Eólico do Goberno Bipartito.
- Demandaremos a derogación do “imposto ao sol” e a introdución da modalidade do “balanzo neto”, e impulsaremos medidas que apoiem o autoconsumo, favorecendo a produción de

proximidade e beneficiando ás unidades autoconsumidoras mais tamén favorecendo a conexión á rede eléctrica da produción excedentaria. Ao mesmo tempo, favorecerase a existencia de unidades produtoras de electricidade que contribúan a diluír o actual oligopolio eléctrico, en particular, ás cooperativas de consumo e produción enerxética e ás empresas municipais e locais de produción renovábel.

—Impulso dun plan de recuperación e explotación pública directa dos saltos hidroeléctricos mediante a creación dunha empresa pública galega ante o remate do período de concesión das mesmas, contando para a elaboración do citado plan coa participación dos concellos afectados.

—Desenvolverase unha normativa que evite que os ríos galegos acollan novas instalacións de produción hidráulica e de produción eólica no medio mariño, evitando novos impactos en espazos naturais.

—Desenvolver un plan de choque ante o inminente peak oil (punto máximo atinxíbel pola extracción mundial de petróleo, a partir do cal comezará o irreversible devalar da súa dispoñibilidade), baseado en políticas de I+D+i encamiñadas á redución de consumo de combustíbeis fósiles e á aplicación de políticas de aforro enerxético en todos os ámbitos sociais e económicos. Estas medidas son indispensábeis para reducir a nosa dependencia de enerxía primaria e asumir que os recursos son finitos, camiñando cara a un escenario de soberanía enerxética.

—Recuperar as competencias para prohibir o fracking, competencias invadidas polo recurso do goberno central (apoiado polo Tribunal constitucional) contra as normas autonómicas que o prohibían.

—Impulso dunha lei de pobreza enerxética para protexer as unidades de convivencia que destinan máis do 10% dos seus ingresos para gas e electricidade.

—Elaboración dun ambicioso Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética de aplicación en todos os sectores, con especial incidencia onde as potencialidades de redución son maiores, como a edificación e o transporte, como medida prioritaria de loita contra a mudanza climática.

—Demandar a muda as poxas por interrompibilidade, pois só provocan inseguranza nos custos a medio prazo das grandes consumidoras de electricidade e poñen en risco a viabilidade tamén do emprego, e a elaboración dunha tarifa eléctrica para usos industriais que impulse a competitividade dos sectores industriais que son intensivos en consumo de enerxía (aluminio, ferroaleacións, etc.).

—Desenvolver as iniciativas necesarias perante as instancias oportunas para conseguir que a declaración de Galiza como territorio desnuclearizado feita polo Parlamento Galego evite de maneira definitiva a implantación en Galiza de centrais nucleares ou depósitos de residuos procedentes destas instalacións.

—Reclamar do Estado Español as competencias administrativas no eido da produción de enerxía para todas as instalacións localizadas en territorio galego con independencia da potencia instalada.

—Demanda da derogación do Real Decreto-Lei 1/2012, que contempla a suspensión das primas ás renovábeis, xa que supuxo un insalvável freo ao sector.

D. MEDIO RURAL

As políticas estruturais, españolas e comunitarias, someteron o sector agro-gandeiro galego a un profundo proceso de reconversión, con perda significativa de capacidade produtiva e de emprego agrario, provocando un gravísimo problema demográfico e de desertización do medio rural. Durante os gobernos do Partido Popular produciuse un gran retroceso na situación do medio rural e do sector primario, ao tempo que se produciu un empeoramento das condicións económicas e de vida no rural. As consecuencias desta políticas tradúcese nunha peor situación do noso medio rural e das persoas que del viven.

Para revertir esta situación, o obxectivo que guiará a acción do BNG será o de considerar o medio rural un sector estratéxico e chave na recuperación económica, polo que cómpre dimensional, baixo criterios de eficiencia e sustentabilidade. Para alcanzar este obxectivo desenvolveremos as medidas que se expoñen a continuación.

Propostas de carácter xeral:

—Intensificar a comarcalización dos servizos da Xunta, creando oficinas comarcais agrarias e forestais con medios humanos e técnicos suficientes, e situalas en concellos rurais para achegar os servizos ás persoas usuarias, e para reactivar o rural, creando servizos nel.

—No que ten a ver coa PAC, o Goberno galego demandará a súa presenza e participación directa nos foros europeos en todo o que teña a ver cos intereses da nosa agricultura e desenvolvemento rural. En canto á súa aplicación e xestión, no territorio da Galiza, será competencia exclusiva da administración galega, debéndose adoptar mecanismos que permitan adaptar as medidas da PAC á realidade do noso rural. A administración galega tenderá cara a máxima simplificación posíbel das axudas, e para a súa tramitación estableceráse convenios de colaboración coas entidades tramitadoras.

—Fomento da economía social. Rexenerar o cooperativismo e o asociacionismo agrario. Incentivar a constitución de cooperativas de explotación comunitaria.

—Plano de ordenación de usos da terra e de orientación de cultivos. Tendo como obxectivo a mobilización das terras de cultivo e o fomento do correcto aproveitamento da superficie forraxeira. Acabar coa forestación de terras agrarias e recuperar as terras de vocación agraria hoxe forestadas.

—Actuar sobre a ordenación do territorio co fin de evitar a construción de grandes infraestruturas de obra pública que desnaturalicen e devasten o entorno e riqueza paisaxística, patrimonial e cultural. Nomeadamente evitar o paso da Autovía A-76 pola Ribeira Sacra.

—O BNG promoverá unha modificación nas regras de comercio intenacional dos produtos agrarios. Neste sentido manifestamos a nosa oposición ao TTIP por supor un atentado contra a soberanía alimentar. Pola contra pularáse por un sistema alternativo de relacións comerciais baseado na equidade e no respecto mutuo.

—Potenciación, con medios e competencias, do Instituto de Estudos do Territorio, para o converter nunha especie de instituto cartográfico, de xestión da xeo-información de Galiza e da xestión do territorio.

—Xestionar a transferencia do Catastro.

Reforma das estruturas agrarias e reorientación do modelo produtivo:

—Potenciar o Banco de Terras, facéndoo máis flexíbel e adecuado ás necesidades das persoas cedentes e demandantes.

—Reforma do réxime de propiedade: potenciar as agregacións de parcelas e a xestión compartida; reformar o réxime de herdanzas; investigación masiva da propiedade e ocupación pública das parcelas sen propietario, para a súa incorporación ao Banco de Terras. Ter un Catastro galego simplificaría este asunto.

—Recoñecemento legal da titularidade comunitaria como diferente da titularidade pública e privada.

—Impulso de medidas de ordenación dos usos da terra e da posta en valor das superficies atendendo ás características de cada comarca.

—Modificación en profundidade da política de concentración parcelaria, co obxectivo de transformala nun instrumento efectivo de mellora produtiva das explotacións, a ordenación territorial e a conservación da paisaxe. Aprobación dunha lei de reforma das estruturas agrarias que considere novos modelos de reestruturación como polígonos agrarios ou forestais.

—As axudas aos investimentos nas explotacións adaptaranse aos obxectivos de reorientación do modelo produtivo, fixación de poboación nova e relevo xeracional no sector. Neste sentido, terán prioridade os investimentos dirixidos a favorecer a instalación de agricultor@s moz@s; a ampliación da base territorial das explotacións; a reorientación cara a sistemas produtivos sustentábeis e baseados no uso dos recursos propios e a mellora da calidade e salubridade dos alimentos.

—Posta en marcha dun Plano de Residuos Agrarios no que se contemple o establecemento de planos de xestión de residuos dentro das propias granxas, incluído o control e manexo das fosas de xurro e a recollida selectiva por parte da administración dos refugallos que deben ser obxecto de tratamento específico (plásticos, lubricantes, pneumáticos, envases, etc).

—O BNG fai unha aposta decidida pola innovación, investigación, transferencia de tecnoloxía e formación agropecuaria, para o que se propón revertir a actual política levada a cabo polo PP, consistente en precarizar e diminuír os medios humanos e materiais.

—Implementar un plano de acción dirixido a impulsar o protagonismo e a equiparación dos dereitos das mulleres no ámbito rural e nomeadamente na actividade agropecuaria, promovendo a cotitularidade e o acceso a unha igualdade real.

Vertebración social e interlocución no sector agrario:

—Marco galego de negociación que permita chegar a acordos entre as partes e que teña como obxectivo conseguir que os prezos percibidos polo sector produtor cubran os custos de produción.

—Establecemento xeneralizado de contratos homologados que regulen as relacións entre o sector produtor e o transformador, fixando particularmente garantías de prezos mínimos, garantía de cobro e calidade da produción.

—Regulación e posta en marcha de interprofesionais de ámbito galego para os diversos produtos, co fin de introducir transparencia e equilibrio nas relacións entre o sector produtor e as empresas de comercialización e transformación. Co fin de reforzar as interprofesionais, potenciarase o Observatorio de Prezos da Galiza como instrumento necesario para proporcionar transparencia na conformación dos prezos dos produtos agropecuarios, fundamental para poder fixar prezos mínimos que cubran os custes de produción.

—Adopción dun sistema de control e seguimento na formación dos prezos dos produtos alimentares á persoa consumidora que impida as marxes comerciais abusivas nos distintos elos da cadea agro-alimentaria.

—A administración galega manterá un diálogo fluído e permanente coas entidades asociativas que desenvolven a súa actividade no ámbito rural, para o que se terá de revisar o actual marco de relacións atendendo á diversidade existente. En virtude desta situación tamén se adecuará o apoio económico que reciben.

—Revisión e reformulación de todos os órganos de interlocución hoxe en funcionamento para os adecuar á nova realidade (Consello Agrario Galego, Consello Forestal de Galiza, Mesa da Madeira, Mesa do Viño, etc).

Desenvolvemento das producións gandeiras e agrícolas:

- Crear unha marca xeral para os produtos agrarios galegos, que acabe coa competencia desleal e cos enganos de produtos feitos noutros territorios do Estado e vendidos falsamente como galegos.
- Impulso da extensificación do sistema produtivo, mediante a mobilización dos recursos propios, en particular a terra, co fin de facer a nosa agricultura e gandeira menos dependente de inputs externos, que combine un uso eficiente dos recursos cunha maior sustentabilidade.
- Apoio financeiro aos proxectos de cebo de becerros e ao desenvolvemento dun label de calidade galego, a través da creación dunha etiquetaxe facultativa.
- Impulso de liñas de actuación destinadas á potenciación das razas galegas.
- Impulso de actuacións destinadas a mellorar a posición competitiva da industria de transformación.
- Elaboración dunha lei do viño de Galiza que considere as potencialidades da nosa vitivinicultura. Financiamento de medidas de reconversión e reestruturación de viñado; o reparto dos dereitos de plantación farase entre as distintas DO e IXP existentes na Galiza en función da demanda e da súa potencialidade; a administración reservarase un cupo para atender a novas IXP que se poidan constituír co fin de atender a súa demanda; apoio aos investimentos nos procesos de industrialización e comercialización, especialmente nas pequenas adegas e impulso dentro do Banco de Terras de medidas específicas para fomentar o arrendamento a longo prazo de superficies de cultivo de vide. Fomentárase a implantación dos Contratos Homologados como a mellor forma para establecer relacións contractuais entre o sector produtor e o transformador.
- Impulso dunha marca de calidade que ampare e identifique os produtos de horta galega.
- Apoio a outras gandarías alternativas: cabras, ovellas..., que traian diversificación.
- Apoio e control do sector da micoloxía e doutros froitos do bosque
- Crear unha política galega da fruticultura, recuperando as castes tradicionais diferenciais
- Simplificación da venda directa e da produción a pequena escala. Potenciación dos mercados de proximidade como mellor forma de garantir produtos de calidade ao tempo que se contribúe ao tan necesario aforro enerxético.
- Vincular a produción primaria a outros sectores económicos, como o turismo (gastronomía)

—Mellora das infraestruturas que permitan reducir custos e impulso do plan de modernización dos regadíos.

—Apoio á instalación de empresas transformadoras dando prioridade ás iniciativas de base cooperativa.

Apoio ao sector lácteo:

—Impulso á ampliación da superficie forraxeira das explotacións e á recría de xovencas.

—Apoio a investimentos e cambios nos sistemas de manexo que faciliten que as explotacións produzan leite sobre a base do correcto aproveitamento da súa superficie forraxeira.

—Axudas ao desenvolvemento de cooperativas de abastecemento.

—Impulsar a constitución dun Grupo Lácteo Galego, tendo en conta as dificultades que impón a actual estrutura do sector.

—Apoio á extensificación dos sistemas produtivos, dándolle prioridade nas axudas aos investimentos que favorezan unha desintensificación da produción e o avance cara a modelos máis respectuosos co medio e máis eficientes no uso de recursos.

—Reforzar as actuacións de control dos produtos lácteos importados e evitar a venda de leite foráneo como leite galego.

Impulso á transformación e comercialización agrarias:

—Apoio decidido á transformación dos produtos agrarios e gandeiros, apostando decididamente por aqueles proxectos que camiñen cara o peche dos ciclos produtivos na nosa terra evitando o minifundismo e a multiplicidade de proxectos que compitan entre si, condicionando todo apoio público á viabilidade económica dos proxectos.

—Establecemento dunha extratexia selectiva de participación directa do capital público naqueles sectores onde sexa necesario.

—Aplicar selectivamente as axudas públicas aos investimentos na industria, concentrando o apoio naqueles proxectos que permitan desenvolver liñas novas e produtos de alto valor engadido e liñas novas así como os promovidos por empresas que asinaren acordos interprofesionais.

—Impulsar un sistema de fixación de prezos que resolva o problema da falta de transparencia e suavice as oscilacións e a venda a perdas.

Unha nova política de montes:

O obxectivo do BNG é compatibilizar as diversas funcións do monte, promovendo a implicación activa dos propietarios, das comunidades e da administración no seu aproveitamento e coidado, como a mellor forma de garantir un monte vivo e a salvo dos lumes ou do deterioramento ambiental.

—Modificación da actual Lei de Montes de Galiza para:

- Recoñecer a titularidade comunitaria como unha mais e distinta da titularidade pública e privada. A administración pública galega dotarase dun órgano específico para atender as necesidades da propiedade comunal.
- Condonar as falsas e inxustas débedas dos montes veciñais conveniados ou consorciados e, segundo os casos, manter os convenios.
- Que o reinvestimento obrigado na mellora dos montes veciñais sexa segundo os planos de ordenación e atendendo ás características do monte e da veciñanza comuneira.
- Que a Administración competente en materia de montes asuma o compromiso de realizar os deslindes dos montes veciñais.

—Retirada do Parlamento de Galego das directrices para a revisión do Plano Forestal de Galiza (Plano para o Monte Galego), e a elaboración doutras contando coa participación de todas as entidades que viven, traballan ou xestionan o medio rural.

—Eliminar a obriga de presentar o Imposto de Sociedades ás comunidades de montes veciñais.

—Elaboración desde a Galiza dunha fiscalidade propia e adecuada á figura do monte veciñal e ás súas funcións.

—Creación dun selo de certificación forestal galego e público.

—Fomentar e apoiar o aproveitamentos en común dos montes particulares, derogando as Sociedades de Fomentos Forestal (SOFOR) e repondo en vigor as Unidades de Xestión Forestal (UXFOR), e outras formas asociativas e/ou cooperativas.

—Reformulación dos órganos consultivos e de participación relacionados coa política de montes.

—Adecuación das axudas concedidas para labores nos montes tendo en conta a finalidade e estacionalidade dos traballos.

—Aposta por un monte multifuncional, compatibilizando usos diversos: forestal, froitos,

cogomelos, paisaxe e usos recreativos, valores ambientais, posta en valor do patrimonio etnográfico e cultural, etc...

—Creación e diversificación das masas forestais; impulso ás frondosas caducifolias, nomeadamente autóctonas, e ás madeiras de calidade. Incremento dos procedementos de certificación forestais. Apoio a liñas de silvicultura para mellorar a calidade das masas arbóreas con destino á madeira de calidade.

—Adopción de medidas encamiñadas a corraxir a localización de especies e actividades forestais en función da tipoloxía e vocación de cada área do territorio, en particular a ocupación forestal de terras de cultivo, a introdución de eucaliptos nas terras baixas e ribeiras dos ríos, a preservación e mellora dos corredores ecolóxicos. Garantirase a vixilancia e cumprimento da normativa en vigor a este respecto.

—Introducir a variedade nitens de eucalipto na Lei 42/2007 para ser considerada especie invasora, prohibindo o seu cultivo e plantación.

—Elaborar un plan de fomento do cultivo e plantación das frondosas autóctonas que contribúa tamén para procurar alternativas rendíbeis á plantación de eucalipto e poña coto á presenza desa especie nos nosos montes.

—Mudar a política da extinción de incendios pola de prevención e xestión racional da biomasa, con medios públicos e estables

—Ordenar a xestión forestal de forma integral, obrigando a que todas as cortas de madeira teñan que facerse en terreos que contén cun plan de xestión aprobado.

—Adquisición de monte por parte do Goberno galego, até alcanzar porcentaxes semellantes a outros territorios do Estado e da UE, de cara a xestionar de forma racional os montes, investigar e experimentar métodos, divulgar boas prácticas e preservar áreas de especial valor ambiental ou paisaxístico

Loita contra o lume:

Os lumes forestais non só queiman árbores e monte, senón que queiman territorio (superficie de monte, cultivos, paisaxe, biodiversidade, vivendas, patrimonio, etc...) É, por tanto, un problema de País. Tendo isto en conta, o BNG desenvolverá un novo modelo de prevención e defensa contra incendios forestais que parta da premisa que a prevención ten que facerse durante todo o ano e non só no verán. Para iso é preciso pór en valor os montes de forma multifuncional e sustentábel. En todo o caso, actuaremos na liña de:

—Apostar pola implicación das persoas titulares das terras na posta en valor dos montes veciñais. Estes teñen que ser os principais beneficiarios destas axudas e non as empresas forestais privadas ou as Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR).

—Retomar as políticas preventivas, tanto as relacionadas coas infraestruturas de protección como as de ordenación preventiva do espazo forestal.

—Colaborar na prevención con comunidades de montes veciñais en man común, outros propietarios e usuarios, gandeir@s e ecoloxistas, tras a elaboración dun plan xeral de rozas e xestión. Apoio ás agrupacións veciñais de vixilancia e ao voluntariado neste ámbito.

—Suprimir calquera axuda á silvicultura e á forestación con especies pirófitas, dirixindo os fondos públicos cara o fomento das especies autóctonas, o abandono do eucalipto e promovendo modelos de aproveitamento multifuncional e sustentábel.

—Retomar a profesionalización do dispositivo de extinción, garantindo a súa non privatización e a súa operatividade baixo un mando único.

—Elaborar un plan plurianual de formación de profesionais, consolidando escolas como a de Monforte.

—Completar a mellora dos medios materiais para o persoal de extinción e reforzar as brigadas de investigación de incendios forestais.

E. PESCA

Galiza continúa padecendo a falta dun goberno con capacidade para defender a nosa pesca. Moi ao contrario, o goberno galego veu consentindo e colaborando con medidas impostas pola UE e o Goberno español que abocan este sector ao despezamento e a expulsión da actividade. Durante o período de Feijóo van despezados máis de 30 barcos do Gran Sol en canto quedaron sen pescar máis dun millón de toneladas. Cada ano fican sen capturar 14.000 toneladas de rape, especie estratéxica e deficitaria da frota galega.

A política pesqueira está condicionada pola presión do capital, dos lobbies económicos e pola aposta nun modelo de reparto dos dereitos de pesca individual que pretende convertelos en valores financeiros.

Cada vez Galiza ten menos ferramentas políticas para defender e regular esta actividade, polo que padece normativas fóra de toda realidade: a prohibición do xeito, o reparto de cotas na volanta, no cerco, os descartes, os botiquíns tipo “C”, etc..., que condenan a nosa frota a unha actividade irregular e ilegal.

O grave problema de fondo é que non é a Galiza a que decide sobre a pesca. Moi ao contrario, son outros -Madrid e Bruxelas- os que deciden por nós cando, canto, como e onde podemos pescar. E iso está a nos prexudicar de maneira evidente.

Existe unha discriminación da nosa frota con respecto das diferentes comunidades e estados da UE e iso fai que nos diferentes segmentos se produza unha perda alarmante de emprego e de unidades por despezamento. O Estado pretende compensalo cun deseño alternativo e centralista que contribúe para diminuír a capacidade de Galiza como potencia pesqueira e que evidencia a necesidade de recuperarmos a plena capacidade de decisión.

Se quixermos ter futuro, son precisas accións para contrarrestar as medidas aplicadas por Bruxelas e Madrid, como o mantemento do obsoleto Principio de Estabilidade Relativa, a privatización dos dereitos de pesca, a aplicación das CPI (cotas pesca individuais), as CPT (cotas de pesca transferíbeis), a acuicultura intensiva de peixes, a fraude nos produtos etiquetados na Galiza, o reparto en función de supostos dereitos históricos, etc. Medidas para mudar o actual modelo de aproveitamento dos recursos naturais, cun reparto que blinde a actividade, que contribúa para a riqueza das comunidades costeiras, que xere emprego e garanta o futuro das xeracións vindeiras, en contraposición a quen pretende privatizar o dereito a poder pescar, concentrando nunhas poucas mans a riqueza de tod@s @s galeg@s. Conscientes de que o problema de fondo non desaparecerá até que a Galiza decida de forma libre e soberana sobre o seu mar, son moitas as accións que podemos desenvolver para comezar a mudar a actual situación. Para iso, impulsaremos no inmediato as seguintes medidas:

—Exercer as competencias propias de Galiza en augas interiores. No marisqueo, rematando o saneamento integral das rías e apostando no incremento da produción e a recuperación dos bancos marisqueiros, aumentando o número de permexs e as rendas das mariscadoras. Mellora da comercialización que poña en valor as marcas propias. Producción de semente autóctona, control das importacións e inmersións. Apoio ás investigacións e loita contra enfermidades como a Marteiliosis, Perkinson, etc. Medidas contra a mortalidade, as riadas, o mal tempo e os fechamentos administrativos por biotoxinas. Recuperación para o marisqueo das rías altas da Mariña.

—Preservar o ámbito de decisión das augas interiores no Goberno galego. A Xunta da Galiza, en colaboración co sector e a comunidade científica, desenvolverá ferramentas como as reservas mariñas, plans de xestións, etc que permita unha maior participación e responsabilidade do sector na toma de decisións, un maior control e regulación da pesca para conseguir o obxectivo de, con menos capturas, lograr igual ou maior rendemento económico.

—Apostar pola DOP Mexillón de Galiza. Control dos produtos transformados para impedir a fraude ao consumidor e desenvolver un plan da conserva que defenda un modelo baseado na diferenciación e non no baixo prezo.

—Demandar as competencias sobre navegación marítima, inspección de buques, salvamento e loita contra a contaminación e acabar co saqueo aos profesionais do mar con taxas e impostos abusivos: faros, Marpol, material de salvamento, inspeccións, certificados, tarxetas, aros salvavidas, bengalas, botiquíns, etc...

—Solicitar a transferencia á Galiza das competencias sobre os portos de interese xeral do Estado: Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña e Ferrol-San Cibrao e adscribilos a Portos de Galiza.

—Exixiremos a modificación do principio de estabilidade relativa, que se substitúa o actual sistema de capturas de TAC' s e cotas por outro que garanta a actividade económica e o mantemento dos postos de traballo e que blinde os dereitos de pesca artesanal evitando a concentración oligopólica.

—Recuperar o modelo de reparto xusto, en función de criterios socioeconómicos e sustentábeis. Reclamamos unha cota galega de acordo co número de embarcacións e empregos. Unha cota xusta que permitan o mantemento da actividade para segmentos como o cerco, a volanta, o arrastre, etc. Ficarían exentas de cota as actividades da pesca artesanal desenvolvida en augas interiores: xeito, racú, trasmallos, cordel, etc.

—Política exterior galega no que atinxe á pesca. Impedir que nos tratados pesqueiros entre a UE e terceiros países, Galiza sexa moeda de cambio: acordo con Mauritania, Marrocos,...

—Exixir a aplicación dos mesmos estándares de calidade, de seguranza alimentaria e de orixe da pesca, así como de cumprir escrupulosamente coas mesmas medidas de protección social e de seguridade no traballo que cumpre a nosa industria.

—O traspaso á Galiza dos servizos, funcións, medios, recursos e persoal correspondentes aos centros costeiros do Instituto Español de Oceanografía en Vigo, a Coruña, así como as correspondentes ao Instituto de Investigacións Mariñas en Vigo.

—Transferencia directa dos fondos FEMP, e xestión para garantir a actividade e o emprego e non para despezamentos e expulsión da actividade.

F. COMERCIO

O BNG aposta polo comercio de proximidade e somos conscientes da enorme importancia que posúe o pequeno comercio, da súa potencialidade para dinamizar a economía, poñer en valor a produción propia, reinvestir a facturación, na súa maior parte, na economía local, e desenvolver un importante papel social de cohesión, dinamización e vertebración nas vilas e cidades galegas. Por tanto, no BNG defendemos un modelo en que prime o pequeno comercio fronte ás grandes superficies comerciais, fomentar o pequeno comercio e o consumo de proximidade.

—Oposición ao TTIP e elaboración dun informe de impactos previsíbeis no comercio galego para deseñar un plan de choque.

—Interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra os Reais Decretos-Lei 19/2012 e 20/2012 por invasión de competencias en materia de comercio interior por parte do Goberno do Estado.

—Elaboración dun plan sectorial de equipamentos comerciais co obxecto de lograr un nivel adecuado de equipamento comercial e unha correcta distribución territorial dos establecementos, que asegure a necesaria accesibilidade de toda a poboación a unha oferta comercial equilibrada e suficiente.

—Fomento das asociacións ou agrupacións de comerciantes como estratexia que permite obter vantaxes, como incrementar a oferta, reducir gastos, acceder a campañas de promoción conxunta, etc.

—Impulso ao comercio de proximidade, incentivando a compra de produtos locais e galegos, así como a distribución e relación comercial directa entre persoas produtoras e distribuidoras.

—Fomento dos centros comerciais abertos como fórmula de oferta competitiva do comercio tradicional fronte a outros formatos.

—Recuperación e fomento dos mercados municipais e zonas comerciais así como a rehabilitación e/ou mellora das súas contornas, que inclúa a peonalización de espazos.

—Campañas de mobilidade gratuíta (aparcadoiros ou buses).

—Aplicación de plans coordinados de promoción do turismo e do comercio local, co obxectivo de estimular a actividade comercial das zonas tradicionais.

—Programas de axudas para a implantación ou a mellora de establecementos específicos que comercialicen produtos autóctonos e de produción ecolóxica.

—Establecemento dun fondo de avais mediante a fórmula máis acaída en que participen Goberno galego e concellos.

—Fomento da formación para a mellora e modernización da xestión comercial. Apoio ao artesanato galego, fomentando a súa formación e profesionalización.

G. TURISMO

Involucrar aos axentes sociais e ás entidades locais e supracomarcais na planificación turística na procura dunha visión territorial, ambiental, lingüística, cultural e empresarial acaída ao país. Cómpre mudar a orientación da política turística, co obxectivo de incentivar un turismo de calidade que poña en valor a nosa cultura, o noso idioma, a natureza, a historia, as tradicións e os nosos valores gastronómicos, de xeito que o turismo valorice a nosa condición nacional.

—Adaptación do marco legislativo á realidade turística de Galiza, partindo da condición nacional de Galiza e do consenso co sector.

—Impulso da promoción turística no exterior, presentando unha nova realidade nacional no país, onde se destaquen os elementos diferenciais e identitarios. Favorecerase a asociación entre o Camiño de Santiago e Galiza.

—Promoción do turismo interno, a través de diversos formatos, programas e temporadas, que abrangan todas as idades e sectores sociais.

—Aposta pola mellora na calidade da formación e pola formación continua para o sector.

4. EMPREGO DIGNO NA NOSA TERRA

As contrarreformas laborais desenvolvidas polos gobernos españois implicaron un importante retroceso nos dereitos individuais e colectivos das traballadoras e traballadores galegos, pois desregularon e ‘flexibilizaron’ as condicións en aspectos como a contratación, o despedimento, a xornada, o salario ou mesmo o cumprimento ou negociación dos convenios colectivos. Todo isto provocou o empeoramento das condicións laborais das persoas que están traballando, precarizou o emprego e dificultou o acceso a un posto de traballo ás persoas que están no desemprego ou queren incorporarse ao ámbito laboral.

Por iso, o BNG asume como unha prioridade as políticas que promovan a creación de postos de traballo mais tamén todas aquelas tendentes a dignificar o emprego establecendo condicións laborais e salariais dignas, que permitan ás persoas desenvolver a súa vida con normalidade. Queremos, tamén neste ámbito, construír un tempo novo e un País novo.

Un país bo para traballar é aquel país que é capaz de xerar postos de traballo para toda a súa poboación en condicións de facelo, e que garante que eses traballos son dignos, estábeis, con dereitos e xustamente remunerados. Neste sentido, a nosa aposta estratéxica para defender na Galiza é a seguinte:

—Traballar pola recuperación dos dereitos laborais eliminados e avanzar en novas conquistas que garantan un país de traballo digno e de calidade. Xestionar desde a Galiza a derogación das reformas laborais lesivas para a clase traballadora, confrontando coas decisións de Madrid.

—Traballar desde Galiza pola creación dun **marco galego de relacións laborais**. Isto implica ter como obxectivos convenios de ámbito galego mais tamén que, entodo o caso, os convenios de nivel superior ao de empresa teñan prevalencia sobre os de rango inferior e tamén os estatais. Igualmente os acordos sobre materias concretas ou acordos de estrutura a nivel de Galiza deben prevalecer sobre aqueles de ámbito estatal de semellantes características.

—En tanto non for posíbel garantir un cambio na lexislación estatal, promoverase un acordo entre as centrais sindicais e as confederacións empresariais para potenciar a negociación colectiva no marco galego.

—Aposta polo respecto do principio de causalidade para toda a contratación temporal, derogando toda normativa que non o respecte, así como penalizar a contratación temporal.

—Demanda da competencia a respecto da inspección laboral e plan de intensificación dos controis da Inspección de traballo sobre a causalidade da contratación así como sobre a economía irregular, especialmente nos sectores e colectivos de maior incidencia co fin de promover o emprego estábel e con dereitos.

—Aprobación e desenvolvemento dun **Plan Plurianual de Emprego Xuvenil**, que conceda preferencia á inserción laboral nos sectores estratéxicos da nosa economía, coa finalidade de asegurar o relevo xeracional nestes sectores e, ao tempo, garantir unha Galiza viva e equilibrada territorialmente.

—Reforzo do Servizo Público de Emprego de Galiza e cumprimento da recomendación da Comisión Europea sobre Garantía Xuvenil, para que as persoas menores de 25 anos reciban unha boa oferta de emprego, formación continúa ou prácticas, nun prazo non superior a catro meses tras quedar en situación de desemprego ou finalizar a formación regrada.

—Demanda da transferencia de todas as políticas de formación continua e de fomento do emprego para Galiza. Potenciaranse os servizos públicos de emprego para a busca activa de traballo adaptándoos ás particularidades socioeconómicas do noso país.

—Promover a redución da xornada laboral até as 35 horas semanais como medida do reparto do traballo, sen redución de salario. Promover un mellor reparto do tempo de traballo con horarios laborais encamiñados a facilitar a corresponsabilidade e o desfrute do tempo de lecer, así como incentivar a redución do horario semanal e limitar a realización de horas extraordinarias.

—Aplicación e ampliación do marco laboral vixente canto a políticas de igualdade e conciliación no eido laboral.

—Rescisión dos contratos da Xunta coas empresas que non cumpran a igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres. Incluír nos pregos de contratación garantías laborais e límites ás subcontratacións e ás empresas de traballo temporal.

—A Xunta de Galiza non colaborará nin contratará por vía das ETT nin empresas que o fagan.

—Estabelecemento da remuneración de prácticas e contratos de formación, cando menos, no SMI, defendendo o seu aumento.

—Oposición ás deslocalizacións das empresas radicadas en Galiza, adoptando políticas impeditivas e disuasorias, excluindo a percepción de axudas e contratacións públicas ás empresas que leven a cabo o desprazamento total ou parcial do traballo ao exterior na procura do abaratamento baseado na redución das condicións laborais dos traballadores e traballadoras.

—Revisión das políticas de fomento de emprego deseñando unha estratexia global que teña como obxectivo a creación de emprego estábel e con condicións laborais dignas. Para iso, revisaranse as subvencións ás contratacións para eliminar as xenéricas e priorizar a aqueles colectivos de difícil inserción.

—Promoverase a creación de micro créditos para financiar proxectos de emprego xuvenil.

—Medidas de apoio para apoiar a constitución de cooperativas ou sociedades anónimas laborais e promoverá a formación en materia de economía social, así como a participación do sector nos órganos de representación institucional correspondentes.

—Plan Galego contra a Sinistralidade Laboral que fomente a formación en prevención de riscos laborais e o control nos sectores que tenden a un elevado número de accidentes no traballo, a redución de horas da xornada laboral nas tarefas de máis risco, estableza mecanismos de promoción profesional para as persoas traballadoras que desenvolvan as actividades en ambientes perigosos para a saúde e o deseño de actuacións específicas para paliar a alta sinistralidade no mar e no agro.

—Promover un Estudo galego de riscos e enfermidades laborais para avaliar rigorosamente os riscos específicos das profesións que pola estrutura socioeconómica do país poidan ter un impacto concreto no territorio (por exemplo, canteiras e louseiras) e deseñar medidas específicas desde a Xunta de Galiza en colaboración co Sergas.

—**Plan de garantía das pensións**, derogando as últimas reformas do sistema público de pensións pois, para alén de implicar demorar o desfrute e unha caída nas contías supoñen unha medida negativa na creación de emprego ao retrasar a idade de xubilación e dificultar o acceso de outras persoas ao mundo laboral.

—Creación dunha comisión de estudo integrada por expertos, axentes sociais e forzas políticas para determinar as medidas a adoptar para garantir a viabilidade do sistema público de pensións, especialmente na hipótese de a Galiza -no marco dun novo status político- asumir a xestión integral da Seguranza Social. En calquera caso, o obxectivo é mellorar contía das pensións e acurtar a distancia entre a pensión media na Galiza e a media estatal.

—**Plan Retorna**. Elaboración con participación social e sectorial de medidas específicas (e transversais aos sectores a reactivar) para favorecermos a recuperación da nosa xuventude emigrada.

5. SERVIZOS PÚBLICOS DE CALIDADE

Todo modelo social que procure unha maior distribución da riqueza e da igualdade social ten de garantir uns servizos públicos universais e gratuítos, pois só así é posíbel construír unha sociedade máis xusta, solidaria e igualitaria. Os servizos públicos son os alicerces que toda sociedade democrática necesita. Uns servizos públicos fortes, de calidade, universais, gratuítos e cos recursos necesarios poden mitigar o sufrimento das persoas e das familias en risco de exclusión. Por tanto, propomos:

—Uns servizos públicos de calidade, universais e gratuítos, con recursos e persoal suficiente para que cubran as necesidades da totalidade da sociedade.

—O investimento necesario para fortalecer, mellorar e ampliar os servizos públicos e sociais, destinando como mínimo a media da porcentaxe do PIB que destina a UE para este fin, imprescindible para garantir dereitos fundamentais como son a sanidade, a educación, pensións, vivenda, atención ás persoas dependentes e prestación por desemprego.

—A supresión da taxa de reposición de efectivos fixada centralizadamente polo estado para controlar e impedir pola vía da ausencia de persoal a prestación dos servizos públicos. A administración galega terá plenas competencias para fixar a oferta de emprego e transformar o traballo temporal en estábel en todos os ámbitos, incluída a administración local, Universidades e servizos públicos en xeral.

—A restitución dos dereitos laborais, profesionais e salariais das empregadas e empregados públicos (pagas extras completas, 100% das retribucións por incapacidade temporal (IT) etc.), así como a garantía de manter o poder adquisitivo dos salarios.

—Suprimir a invasión competencial no ámbito local que propiciou a Lei de reforma e sustentabilidade local para privatizar servizos públicos e eliminar as políticas sociais municipais.

A. SANIDADE

A sanidade pública da Galiza está en estado de auténtica emerxencia. Todos os camiños da política sanitaria do PP tiveron como fin a privatización e o desmantelamento da sanidade pública galega, a base de recortes continuos e de pór os recursos da sanidade pública ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas.

Durante os últimos sete anos, o PP, con Nuñez Feijoo á cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondaron no desmantelamento da sanidade pública: redución de orzamentos, eliminación de arredor de 3.000 profesionais, redución de case 600 camas, privatización masiva de servizos, repagamento de medicamentos, os copagamentos sanitarios foron incrementados en 260%, o

que implica na realidade establecer un imposto sobre a enfermidade das persoas con menos recursos. Os colectivos máis vulnerábeis están a sufrir máis cruelmente as consecuencias dos copagamentos e da exclusión de fármacos do catálogo de prestacións farmacéuticas.

Os recortes teñen unha gravísima repercusión na prestación dos servizos sanitarios, no deterioro asistencial: fechamento de camas, colapsos de urxencias, sobrecarga laboral d@s traballador@s, aumento das listas de espera, non dispensación de tratamentos a persoas con doenzas graves como as de hepatite c ou oncolóxicas.

A Xunta entregou xa a empresas privadas -na súa maioría multinacionais, algunha vinculada con fondos financeiros- empresas de fóra da Galiza, unha considerábel parte dos servizos estratéxicos do Sergas: electromedicina, a plataforma loxística, cociñas e lavandaría, mantemento, a xestión de RX, esterilización, alta tecnoloxía, laboratorios... Tamén a construción de infraestruturas: o hospital de Vigo, as ampliacións dos complexos hospitalarios de Ourense e do Salnés, os centros de saúde...

Estiveron realizando o desmantelamento e a descapitalización constante da sanidade pública galega e entregándolla a multinacionais e fondos de investimento. Privatizan e por enriba para beneficio de empresas de fóra da Galiza. Nunca un goberno desfixo tanto en tan pouco tempo, fixo tanto dano á sanidade pública e ás usuarias e usuarios.

É necesario e revertir as políticas de recortes e privatizacións e unha actuación urxente de recuperación da Sanidade Pública Galega. Para o BNG é prioritario restabelecer un modelo de sanidade pública, universal, de calidade e gratuíta. Unha sanidade financiada a través dun sistema impositivo xusto, en pague máis quen máis diñeiro tiver e non quen máis sanidade necesitar. Unha sanidade planificada en función das necesidades da cidadanía e non das empresas contratistas da saúde privada, que conte cun financiamento suficiente, e coa participación tanto da cidadanía coma d@s profesionais.

Neste sentido, o BNG defende as seguintes medidas:

- Incremento dos orzamentos da Sanidade Pública Galega para que poida dar resposta ás necesidades reais do sistema sanitario público da Galiza.
- Reforzar o Servizo Galego de Saúde como instrumento de superación de desigualdade e motor económico galego, ligado ao coñecemento e á tecnoloxía, creador de emprego de calidade e promotor de industria produtiva radicada no país.
- Utilización intensiva de todos os recursos da rede sanitaria pública para mellorar o seu funcionamento e asegurar unha atención sanitaria de calidade. Apertura dos servizos hospitalarios polas tardes (quirófanos, consultas, servizos de radioloxía, etc.). Acabar coa política de derivacións intensiva de pacientes a centros concertados.

- Realización dunha auditoria de todas as privatizacións realizadas.
- Reverter todas as privatizacións e externalizacións de servizos realizados polo Goberno galego (mantemento dos equipos sanitarios, equipamento tecnolóxico, esterilización, laboratorio central...)
- Recuperación para a xestión integramente públicas das infraestruturas construídas polo chamado sistema “público-privado”. Optar expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do Sistema de Saúde da Galiza.
- Lanzamento dun Plan estratéxico para o conxunto da Área Sanitaria de Vigo, co obxectivo de dotar a área das infraestruturas sanitarias precisas que permitan atender toda a cidadanía, en todas as especialidades e con todos os servizos, nun hospital público e de calidade. Recuperación para a xestión integramente pública do Hospital Álvaro Cunqueiro e realización dunha avaliación real de todas as deficiencias existentes para as corrixir con cargo ao canon que se paga á actual empresa concesionaria. Plan de usos sanitarios para as infraestruturas do Hospital Xeral-Cíes e as outras infraestruturas que ficaron baleiras. Utilización de 100% do hospital Meixoeiro, co aumento da complexidade das intervencións cirúrxicas e con dotación de unidade de críticos 24 horas.
- Construción do Hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación de Montecelo, con financiamento e xestión totalmente públicos. Tras a construción, mantemento do uso sanitario do Hospital Provincial.
- Prestación da especialidade de hemodinámica 24 horas en Lugo, medicina nuclear e plan de usos sanitarios para as instalacións do Xeral-Calde.
- Prestación da especialidade de hemodinámica 24 horas en Ourense.
- Promover un modelo de xestión integrada que respecte as competencias e a autonomía das áreas sanitarias comarcais.
- Posta en valor dos Hospitais Comarcais, reformulando as Áreas de Xestión para descentralizar as tomas de decisión e respectar as competencias e a autonomía das áreas sanitarias comarcais. Dotar aos centros comarcais do persoal, material e tecnoloxía necesarios para unha atención adecuada ás persoas do seu ámbito de actuación.
- Plan de Mellora de Atención Primaria. Como porta de entrada ao sistema sanitario, é un elemento chave para o sistema sanitario público galego. Serán dotados recursos económicos, técnicos e humanos que sexan precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial.

—Asunción inmediata do mantemento dos centros de saúde.

Redución das listas de espera a través da mellora e optimización dos recursos estruturais e tecnolóxicos para adaptalos ás necesidades reais. Incremento do número de profesionais para introducir melloras organizativas que permitan desenvolver actividade ordinaria nos hospitais en quendas de mañás e tardes. Incrementar a capacidade diagnóstica e de acceso á tecnoloxía de Atención Primaria.

—Ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas (camas, quirófanos...) e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de seren usados nos centros públicos.

—Xestionar as listaxes de espera de tal modo que o prioritario sexa a transparencia. Isto implica as seguintes cuestións:

- a) Información completa da espera sanitaria, das listaxes estruturais e non-estruturais, establecendo un sistema homologado de información para a espera por prioridades que permita o seguimento e control.
- b) Xestión eficaz da agarda en función de criterios clínicos, utilizando parámetros publicados e controlábeis, considerando conxuntamente prioridades e tempos máximos, onde a autoconcertación sexa a norma.

—Nova lei de Garantías de Prestación Sanitaria, derogando a actual, que só ten como obxectivo legalizar a derivación masiva de doentes á sanidade privada.

—Plan de Ordenación de RRHH que harmonice as necesidades d@s profesionais co sistema sanitario.

- a) Elaboración e publicación do Cadro de Persoal do Sergas, coa identificación das prazas existentes, así como aqueles postos de traballo cubertos con contratos sen estabilidade.
- b) Recuperar os 3.000 postos de traballo eliminados desde o ano 2010 pola aplicación das taxas de reposición.
- c) Eliminación da precariedade na contratación.
- d) Devolución dos dereitos eliminados ao persoal: acordos paralizados (acordo retributivo 2008-2012, carreira profesional, complemento salarial en IT...), permisos e licenzas.
- e) Estabilidade do Persoal Investigador como persoal estatutario.

—Garantir unha atención sanitaria real e sen trabas a todas as persoas independentemente da súa condición laboral e de residencia, que acabe coas exclusións sanitarias. Exixir do Goberno español a derogación do Real Decreto Lei 16/2012.

—Asunción polo SERGAS da atención primaria intra-penitenciaria en conformidade co establecido na disposición adicional 6ª da Lei de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde 16/2003 de 28 de maio.

—Rexeitamento dos copagos, establecendo mecanismos para que ninguén, por motivos económicos, quede sen recibir os produtos farmacéuticos que precisar.- - Creación do Instituto de Investigación Sanitaria, organismo para a investigación biomédica en ciencias da saúde do Sistema Público de Saúde da Galiza. Derogación dos Decretos da Axencia Galega para o Coñecemento en Saúde e a Axencia Galega de Tecidos e Órganos.

—Integración na Sanidade Pública de GALARIA e as Axencias creadas, así como da Fundación Urxencias-061.

—Revisión das concesións de urxencias extra-hospitalariasactuais, tanto de helicópteros, coa recuperación dos horarios completos de voo de orto a ocase, como de ambulancias. Implementación de ambulancias de SVA en comarcas deficitarias como a do Salnés, de forma que se adapten ás necesidades poboacionais e de asistencia.

—Constitución dos Consellos de Saúde de Área como órganos de participación da cidadanía na toma de decisións.

—Plano Integral de Saúde da Muller, cos incrementos de prazas correspondentes.

—Asegurar a interrupción voluntaria do embarazo na rede sanitaria pública ás mulleres que así o desexaren.

—Reclamar do Goberno central a inclusión no Catálogo de Prestacións Sanitarias do tratamento preciso para a reasignación de sexo.

—Plan Galego de Saúde Mental e Plan galego de Prevención do Suicidio, con dotación orzamentaria e de persoal.

—Incorporación normalizada de psicólogos clínicos tanto nos equipos de Atención Primaria como nos Servizos Médicos hospitalarios. Completar a incorporación de psicólogos clínicos nos dispositivos específicos de saúde mental.

—Integración na rede sanitaria pública dos dispositivos de atención ás drogodependencias, coa estabilización do persoal e a dotación orzamentaria necesaria.

B. ENSINO

A etapa de Feixóo á fronte do goberno galego supuxo un deterioro e abandono permanente do ensino público. Significou un retroceso e un ataque incesante ao ensino en galego e unha maior españolación e privatización da educación. Promoveu un modelo educativo asentado na doutrina neoliberal, nos continuos recortes no ensino público e no decrecemento dos seus orzamentos (1.747 M€ neste período) en todos os niveis educativos.

Perseguiu o noso idioma, prohibindo as aulas en galego das Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía. Reduciu 3000 docentes. Eliminou dereitos e reduciu os salarios do profesorado. Suprimiu nos últimos 5 anos 411 unidades e fechou 58 escolas no ensino público en tanto creou 243 no concertado, incluídas as que segregan o alumnado por razón de xénero. Masificou as aulas. Desentendeuse da atención á diversidade e do alumnado de educación especial. Careceuse de postos escolares no ensino público, nomeadamente, no primeiro ciclo de educación infantil, na formación profesional e na universidade. Foi Eliminada a gratuidade dos libros de texto, etc.

É dicir, foi promovido un modelo educativo máis desigual de menor calidade e equidade, en que a igualdade de oportunidades é inexistente e o dereito á educación esta vetado para os/as máis desfavorecidas socialmente. Non ficou á marxe ningunha etapa educativa da vaga de retallamentos aplicados ao ensino.

Toda esta política educativa de asfixia ao ensino público agrávese coa imposición e aplicación disparatada e máis extrema da Lei Orgánica de Mellora da Calidade do Ensino (LOMCE). Lei que españolaiza aínda máis o sistema educativo, reforza o ensino concertado e a privatización, afonda na confesionalidade, conforma un sistema educativo máis selectivo e clasista, impón as reválidas, segrega o alumnado, desconsidera o profesorado, elimina a xestión democrática dos centros, mercantiliza a educación, garante o dereito á insubmisión ás aulas no noso idioma e nega o dereito a un ensino galego e laico.

Non é posíbel un sistema educativo de calidade e galego sen termos capacidade política plena para dotármonos dun sistema fiscal e unha facenda propia que garanta, como mínimo, dedicar 7%do PIB e organizar o sistema educativo propio en función dos nosos intereses.

O actual sistema educativo emana do artigo 3 e 27 da Constitución española que asegura a españolación, a privatización e a confesionalidade do ensino. O Estado asegurou sempre os principios e as normas básicas, ampliándoas coa implantación da LOMCE. Reservase a ordenación do sistema educativo en todos os seus niveis e etapas e a fixación da maioría dos currículos das distintas materias. Cuestións, por citar algunhas, como os requisitos para a concesión dos concertos educativos, a obriga de impartir relixión nos centros educativos, as reválidas, a avaliación do sistema educativo, a concesión de bolsas de estudo, a composición e competencias de órganos colexiados dos centros educativos, o sistema de elección de cargos directivos, os criterios de admisión de alumnos/as, o sistema de acceso á función pública

docente, a alta inspección, a tipoloxía de centros integrados de Formación Profesional, a creación de centros de referencia nacional, etc, son competencias exclusivas do Estado.

O BNG considera prioritario:

—Procurar **un sistema educativo que conciba a educación como un servizo público universal e gratuíto de 0 a 18 anos** e obrigatorio dos 3 aos 18 anos, que se converta en factor fundamental para a transformación social, a galeguización e o desenvolvemento integral de Galiza.

—**Elaborar unha Lei galega de Educación**, en función das nosas necesidades e intereses, inserida na nosa realidade social, cultural, económica e lingüística e que asegure o dereito universal de todos e todas as galegas a unha educación pública e galega.

—**Derrogar a LOMCE** e outras normas en materia educativa que sustentan a desigualdade, a privatización, a mercantilización e a españolización do sistema educativo, impiden a galeguización do ensino e a igualdade de oportunidades.

—**Exercer as competencias educativas plenas en Galiza** para, entre outras cuestións, avaliar o sistema educativo, eliminar as reválidas; regular a concesión de bolsas de estudo, fixar os criterios de xestión e organización dos centros e de elección dos cargos directivos, o calendario escolar e os criterios de admisión do alumnado. Conseguir a transferencia dos centros de “referencia nacional” e da a formación profesional continua, o traspaso dos programas contra o fracaso escolar, a elaboración do catálogo de cualificacións profesionais e os diferentes programas que dependen do ministerio, etc.

—**Ofertar prazas públicas suficientes en todos os niveis educativos** e garantir que todos os centros contén coa dotación de recursos necesarios e co profesorado suficiente en todas as especialidades para asegurar unha calidade e a equidade educativa para todos e todas.

—**Conseguir un ensino Laico** no que a materia de relixión non forme parte do currículo escolar nin estea presente nos centros de ensino, xa que a difusión da fe relixiosa corresponde ao ámbito privado.

—**Garantir unha mellor educación pública en todas as etapas escolares**. Dotar o sistema educativo de maiores niveis de calidade, apostando polo crecemento dos orzamentos destinados á educación co obxecto de lle **dedicar 7% do PIB**.

—Iniciar a redución dos concertos educativos, **eliminar os concertos educativos** dos centros que segregan alumnado por razón de xénero, así como os concertos educativos no ensino non obrigatorio, co obxecto de promover paulatinamente a supresión en todos os niveis educativos.

—**Restituír todos os dereitos laborais arrebatados ao profesorado**, incluído a recuperación dos salarios e pagas extras, o horario lectivo, o dereito a percibir o 100% das retribucións desde o primeiro día de incapacidade temporal (IT) e os acordos eliminados unilateralmente. Elaborar,

previa negociación coas organizacións sindicais, un estatuto galego da función pública docente que dea resposta ás demandas e melloras laborais e profesionais do profesorado

Outras propostas:

—**Dotar todos os centros públicos do profesorado necesario** para facer real e efectivo o dereito universal e gratuíto a unha educación pública e de calidade.

—**Reducir as ratios actuais de alumnado por aula** en todos os niveis educativos. Co obxectivo dun máximo de 15 alumnos por aula en educación infantil, 20 na educación primaria, educación secundaria obrigatoria, formación profesional e escolas oficiais de idiomas e de 25 alumnos/as por aula ano bacharelato. Estas ratios veranse reducidas naqueles grupos que escolaricen alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e o alumnado repetidor terase en conta para a conformación dos grupos.

—**Restituír a gratuidade dos libros de texto** a través dun programa de préstamo. Garantir a gratuidade dos libros de texto e do material escolar ao alumnado de educación infantil e o ensino obrigatorio.

—**Garantir a igualdade de oportunidades e a equidade educativa para todo o alumnado** de necesidades específicas de apoio educativo para o que cal é necesario facilitar os recursos suficiente, evitando así todo tipo de discriminación e procurando un modelo educativo máis social e igualitario.

—**Garantir á atención á diversidade**, -contemplándoa- en todas as etapas e niveis educativos, potenciando a titoría, o reforzo e o apoio educativo e estendendo os departamentos de orientación a todos os centros, Facilitarse os desdobramentos nas materias que sexa necesario e a redución das ratios por aula. Porase en marcha un plan de actuación preferente destinado a prever, combater e reducir o fracaso escolar e o abandono na escolarización temperá, cos recursos e profesorado suficientes.

—Asumir maior compromiso na **escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais**. Cómpre dotar todos os centros que escolaricen alumnado de educación especial dos docentes e persoal específico necesario e a redución da súa ratio para facer efectiva e real a integración escolar e a igualdade de oportunidades.

—Elaborar un **plano integrado para a escolarización no rural**, co obxecto de paralizar o seu total desmantelamento, garantindo os mesmos servizos complementarios e medios que os dos outros centros.

—**Restabelecemento do modelo educativo das galescolas. Oferta suficiente de prazas públicas para o primeiro ciclo de Educación Infantil** que satisfaga a demanda existente.

Integrar toda a etapa de educación infantil (o a 6 anos) no ámbito da consellaría competente en materia de educación.

—Promover unha **nova planificación da formación profesional** que suprima os concertos educativos co ensino privado. Ampliar, diversificar e asegurar unha oferta suficiente na rede pública para satisfacer a demanda existente e atender as necesidades do tecido industrial e dos sectores estratéxicos da nosa economía, contribuíndo así a fomentar e a desenvolver as nosas potencialidades económicas.

—**Ampliar e estender a rede das escolas oficiais de idiomas**, mediante a creación de novos centros e/ou da ampliación dos existentes, fomentando dun modo especial o estudo da lingua portuguesa.

—Promover unha **reordenación do ensino artístico**, integrando as diferentes especialidades a través dunha organización única e orientada cara á realidade galega. Integrar plenamente o ensino artístico superior no Sistema Universitario Galego.

—Arbitrar os mecanismos necesarios para que as **ensinanzas artísticas superiores poidan adscribirse e integrarse na universidade**, a fin de que o alumnado obteña a titulación de grao. Implementar mecanismos eficaces para a incorporación do alumnado egresado nas redes de creación e difusión cultural do país, favorecendo a produción e consumo de cultura galega.

—Elaborar unha **rede de educación permanente de persoas adultas** que inclúa centros específicos nas áreas de maior poboación. Impulsar a posta en marcha de programas de formación da poboación galega para coñecermos a nosa historia, cultura, xeografía, sociedade e natureza.

—**Promover o estudo da lingua portuguesa nos centros de ensino**. A súa oferta será obrigatoria en todos os centros de ensino.

—**Elaborar un modelo de inmersión lingüística co obxecto de conseguir a plena normalización lingüística** e un ensino totalmente en galego. Derrogar o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza

—**Galeguizar os currículos escolares**, inseríndoos na nosa realidade nacional, con contidos propios, en que Galiza sexa materia de estudo en toda a súa dimensión histórica, cultural, social e económica, etc...

—**Estabelecer plans de formación para o conxunto do profesorado** co fin de alcanzar a plena normalización lingüística. Constarán, como mínimo, de formación específica en cada materia do currículo e deberán ser instrumento de capacitación do profesorado para dar aulas en galego e de dinamización do uso da lingua galega como lingua de docencia.

- Fixar que para o **acceso á función pública** docente, o profesorado deberá ter competencia en lingua galega e estará obrigado a realizar, como mínimo, unha das **probos en lingua galega**.
- Promover axudas para a creación e publicación de material didáctico en galego
- Convocar ofertas públicas amplas de emprego no ensino** para dar resposta ás necesidades dos centros, mellorar a calidade do ensino, rematar coa impartición de afíns e a inestabilidade a precariedade laboral do profesorado do profesorado interino. Suprimir as taxas de reposición. A administración educativa ofertará, como mínimo, todas as vacantes producidas e creará as necesarias para unha atención educativa de calidade.
- Modificar a actual estrutura e modelo de formación do profesorado**. Garantirase o dereito á formación continua de todo o profesorado. Elaboraranse plans anuais de formación descentralizada e gratuíta. Abranxerán todas as áreas do currículo. Procurarán a renovación e innovación educativa e unha mellor formación didáctica e pedagóxica e promoverán a normalización e galeguización do ensino
- Incorporar a figura do/a educador(a) social aos centros educativos e aos equipos de orientación.
- Dotar todos os centros de persoal administrativo** e de coidadores/as, intérpretes de signos, xestión bibliotecaria e doutros perfís profesionais nos centros onde sexa necesario.
- Promover a modificación da lexislación do estado para garantir **a xestión democrática dos centros**, incluídos os centros Integrados de Formación Profesional mediante a elección democrática e directa das direccións polo Consello Escolar. Promoverase o traballo en equipo e a decisións colexiadas nos órganos de goberno. Impulsarase a participación dos pais e nais nos órganos constituídos para propiciar o interese pola marcha do sistema educativo.
- Estabelecer unha **política de bolsas e axudas ao estudo en todos os niveis do ensino**, nomeadamente, nas etapas postobrigatorias e na universidade para asegurar a continuidade nos estudos de calquera estudante, fixando como criterios determinantes a situación económica e o afastamento do lugar de residencia respecto da localidade de estudo.
- Facilitar os servizos complementares gratuítos** (comedor e transporte escolar) no ensino público, asumindo, paulatinamente, a xestión pública e directa desde a administración galega.
- Elaboración dunha **nova normativa sobre os comedores escolares**. O alumnado escolarizado no ensino público de Galiza terá dereito a facer uso do servizo de comedor escolar. O servizo de comedor estará atendido por persoal específico non docente, dependente da administración e coa cualificación correspondente. O alumnado que teña que facer uso do transporte escolar para a súa escolarización terá acceso gratuío ao comedor escolar. Fixaranse uns prezos módicos para o

resto do alumnado, co obxectivo de conseguir o acceso gratuíto para todo o alumnado do ensino básico e infantil.

—**Promover a elaboración dunha lei do transporte escolar de Galiza** para garantir o dereito ao transporte escolar en todos os niveis educativos, nomeadamente nas zonas rurais que non contan con transporte público regular. A organización e a regulación dos itinerarios ou itinerarios multicentros non poden condicionar o horario e a xornada dos centros. A Consellaría de Educación dotará persoal para custodiar o alumnado nas esperas, desde a chegada do transporte escolar até o inicio das aulas e desde a finalización até a saída do transporte.

—Facilitar unha oferta ampla a todos os centros públicos de **actividades extraescolares gratuítas** que serán impartidas por persoal específico e cualificado. A administración garantizará o transporte público ao alumnado para asistir a estas actividades. Así mesmo facilitarase o **programa madrugadores** onde sexa demandado.

—**Promover unha educación non sexista e coeducativa.** Todo o material curricular estará fundamentado no principio de igualdade entre mulleres e homes. Actuar preventivamente en contra da educación machista e a violencia de xénero. Eliminar e rexeitar os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes con especial consideración no que atinxe aos libros de texto e materiais educativos. Promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes. Estabelecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensinanza do papel das mulleres na Historia, no Pensamento, na Ciencia e, en xeral, na sociedade.

—**Formación transversal do persoal educativo para o respecto á diversidade afectiva sexual;** protocolos contra o acoso lgtbifóbico; inclusión da diversidade de sexualidade e de xénero nos programas docentes.

—**Dotar todos os centros de servizo de orientación escolar** para facer fronte á educación con todas as garantías necesarias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Proponse reforzar a orientación a nivel de aula, centro e comarca, fixando unha rede de orientación en todos os centros; promovendo a coordinación dos servizos de orientación e ampliando e comarcalizando dos actuais equipos específicos, como mínimo ás sete cidades galegas .

—**Pór en marcha o plano de convivencia escolar** cos medios necesarios e axeitados para actuar preventivamente e unha vez detectados os problemas e a súa tipoloxía, emprender as medidas correctivas adecuadas. Isto implica facilitar a conciliación da vida laboral coa familiar durante a escolaridade obrigatoria, xa que moitas veces a problemática responde máis a problemas sociais que propiamente educativos. Promoverase o tratamento transversal da convivencia escolar e a implicación dos órganos de participación do centro, sendo imprescindible a dotación dos medios necesarios e a implicación de todos os sectores implicados.

—**Potenciar as bibliotecas** escolares co fin de mellorar a súa xestión, instalacións, materiais e dotación. Iniciar a dotación do docente bibliotecario nos centros co maior número de alumnado. Garantir no resto dos centros que o profesorado que participe ou asuma a responsabilidade deste servizo goce da suficiente redución horaria. As bibliotecas escolares contarán cun fondo documental adecuado e actualizado, instalacións e equipamentos apropiados. Así mesmo, permanentemente, dotaranse economicamente as bibliotecas escolares para a súa actualización. Dotaranse todos os centros de material didáctico audiovisual, informático, documental e bibliográfico, aplicado ás diferentes áreas.

—Todos os centros terán unha **dotación suficiente tanto en equipos informáticos como en espazos**. Os centros de certa complexidade contarán con persoal técnico e cualificado en TIC. Garantírase o apoio e mantemento das TIC no resto dos centros. Estabelecerase un plano de formación dirixido a todo o profesorado para a formación no uso das TICs.

—**Promover un novo calendario escolar** que non estea marcado polas festividade relixiosas, conformado con intervalos lectivos compensados e cos respectivos descansos non lectivos, evitando o desequilibrio en días lectivos dos actuais trimestres. Restabelecerase a xornada matinal reducida de catro horas durante os meses de xuño e setembro nos centros que imparten ensinanzas de infantil e/ou de primaria. Institucionalización no calendario escolar o día 24 de febreiro como día de Rosalía.

—**Supresión do actual modelo de centros plurilingües** porque van en detrimento do ensino en galego, comportan discriminación do alumnado e incrementan a desigualdade de oportunidades. A mellora do aprendizaxe dos idiomas estranxeiro ten que abranxer todo o alumnado, fundamentarse na redución do alumnado por aula (desdobramentos) e en ter os medios necesarios e o profesorado especialista suficiente.

Un sistema universitario público, galego e de calidade:

Após 25 anos de existencia dun sistema universitario galego formado por tres universidades públicas (UDC, USC e UVIGO), queda claro que só a cooperación, a colaboración e a coordinación entre as tres foron quen de o facer avanzar na función que debe cumprir para o progreso da nosa sociedade e de Galiza. Alén do máis evidenciouse que o localismo e a competitividade como criterios de actuación na política universitaria o único que fan é agravar os problemas estruturais que aquí padecemos.

A formación de profesionais e investigadores que permitan o desenvolvemento económico, social e cultural da nosa terra igualmente deben estar no epicentro das políticas que son necesarias para acabarmos coa situación de dependencia en que estamos sometidos pola forza. A estafa da actual crise económica do capital, que ten servido para limitar a autonomía universitaria e segar boa parte daquelas principais intervencións que permitían o fluxo da mobilidade social ascendente,

acentúan a nosa problemática e impiden a consecución dos fins e cometidos propios das universidades galegas, razón pola que a nosa aposta polo sistema universitario é un compromiso e unha obriga da súa defensa e da súa promoción como sistema necesariamente público, galego e de calidade.

Universidade pública:

—Financiamento con fondos públicos suficientes e adecuados para evitar a dependencia universitaria de fondos privados que condicionan e hipotecan os seus verdadeiros cometidos, razón pola que seguimos apostando por un plano de financiamento universitario que teña como referencia o 1,5% do PIB, algo que garante o dereito de acceso ao ensino universitario, recursos docentes e de investigación indispensábeis, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos necesarios.

—Impedir a suba de taxas e prezos públicos universitarios e iniciar a súa redución progresiva para rematar co seu custo actual, especialmente en todo o que ter a ver co prezo dos estudos de grao, mestrado e doutoramento.

—Política real e efectiva de bolsas ao estudo que permita e garanta o dereito á educación no ensino superior, modificando ademais os requisitos, incluídos os académicos, para a obtención de axudas ao estudos, de modo que non impidan ao estudantado con menor poder adquisitivo acceder á universidade.

—Promover e defender a reforma da normativa estatal sobre universidades (principalmente LOU, entre outras) que asegure o futuro do modelo de universidade pública, garanta a súa autonomía e elimine os enfoques privatizadores e centralistas.

—Promover e defender a derogación das normas de racionalización do gasto público no ámbito educativo universitario, que encarecen as taxas universitarias, que reducen os cadros de persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos e que incrementan os rateos.

Universidade galega:

—Transferencia a Galiza dos medios materiais e competencias da UNED, da Universidade Internacional Menéndez Pelayo e das Institucións dependentes do Centro de Investigacións Científicas.

—Transferencia a Galiza da competencia de xestión e concesión de bolsas e axudas ao estudo, incluídas as de mobilidade, do Goberno español.

—Apoio e promoción de titulacións interuniversitarias de grao, mestrado e doutoramento, sinaladamente aquelas que sirvan para o desenvolvemento económico, social e cultural de Galiza.

—Apoiar e promover liñas de investigación centradas nas necesidades específicas de Galiza e permitan o artellamento e posterior desenvolvemento económico, social e cultural de Galiza, aproveitando para tales efectos a riqueza e variedade dos campus das nosas tres universidades, que, como berce de innovación, poden desenvolver proxectos académicos e investigadores de referencia internacional.

—Creación e consolidación de grupos interuniversitarios de investigación galegos.

—Pular pola normalización do uso e a promoción da lingua galega en todos os ámbitos universitarios, coa inclusión de medidas que garantan o seu coñecemento no acceso aos postos docentes e para impartir as aulas en galego.

—Incentivar e apoiar o establecemento de vínculos académicos e de investigación internacionais coas universidades do ámbito lusófono.

Universidade de calidade e innovadora:

—Derrogación da normativa pola que se modifican os plans de estudos do ensino universitario, que pasa a ser de 3 anos no grao e de 2 anos no mestrado, por degradar as titulacións e as cualificacións universitarias, promover as universidades privadas e expulsar as clases máis humildes da universidade.

—Fomentar a dinamización e o crecemento do persoal dedicado á investigación, rematando coa temporalidade dos contratos nos proxectos de investigación no marco do fomento da investigación, favorecendo a libre difusión do coñecemento no canto da súa mercantilización, apoiando programas de doutoramento de calidade en todos os eidos de coñecemento e recuperando as convocatorias para o inicio e consolidación da carreira investigadora.

—Apoio e promoción de programas de doutoramento industriais.

—Revisión do proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, xa desbotado nalgunhas universidades europeas polos seus efectos negativos sobre a educación superior e os fins esenciais da Universidade.

—Incrementar o número de prazas nas titulacións universitarias, adecuando a oferta á súa demanda real para evitarmos a existencia de titulacións elitistas e excluíntes que provocan a emigración académica do estudantado, con todos os custos económicos que isto supón, cando non impiden o acceso ao ensino superior como dereito básico.

—Modificación do actual calendario académico e superación das probas de acceso á universidade polas trabas que estas implican para o exercicio do dereito ao ensino superior.

—Modificación da normativa galega relativa aos consellos sociais, especialmente no que ten a ver coa súa composición, que non é representativa da sociedade en que se insire o noso sistema universitario galego, alén de demandar a reforma da lexislación española sobre tales órganos e as súas funcións.

—Apoio e promoción de planos específicos de consolidación dos cadros de persoal docente e investigación e do persoal de administración e servizos das tres universidades.

—Apoio con medios materiais e humanos ás tres universidades galegas para a captación de recursos económicos públicos en convocatorias de institucións públicas estatais e internacionais, promovendo ademais a presenza en Bruxelas de representación que dea apoio ás nosas universidades.

—Garantir a existencia de infraestrutura e de equipamentos mínimos necesarios para que o sistema universitario galego funcione con normalidade, especialmente naqueles campus que máis o necesitan.

—Garantir a comunicación e o acceso a todos os campus galegos, apostando pola mobilidade en todos os medios de transporte e en clave de rendibilidade social, con especial atención ao papel que pode xogar o tren de proximidade.

—Programa específicos de bolsas de mobilidade para garantir a formación e a actualización de coñecementos do persoal docente e investigador, do persoal de administración e servizos e do estudiantado.

C. SERVICIOS SOCIAIS, PROTECCIÓN SOCIAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A poboación galega afectada por procesos de exclusión social e situación de pobreza situábase, segundo os últimos datos recollidos no Informe FOESSA sobre exclusión e desenvolvemento social en Galiza de 2013, en torno ás 668.000 persoas (24% da poboación aproximadamente) repartidas nuns 209.000 fogares. A isto poderíamos engadir as persoas excluídas non pobres, isto é: situacións de exclusión que non obedecen necesariamente á carencia de ingresos e que no caso galego rondaría as 291.000 persoas.

Por outro lado, segundo os datos recollidos no informe Expulsión Social e Recuperación Económica deste ano elaborado pola citada fundación, a taxa de fogares galegos con todos os activos en paro pasou de ser de 4,2% en 2009 a 7,3% en 2016. No tocante á taxa de desemprego de moi longa duración, pasou de 13,7% a 42,1% para o mesmo período. Estes datos explican que se tivese producido nos últimos anos un cambio significativo no perfil das persoas demandantes de RISGA, pasando a ser da orde duns 70% dos novos demandantes desempregados/as de longa duración.

A crueza demoledora destes datos poñen de manifesto con maior intensidade que nunca a necesidade de articular un sistema público de inclusión que garanta unha renda social básica que permita desfrutar de condicións de vida dignas e participación social plena a toda a poboación galega, sen exclusións de ningún tipo.

Lonxe de ser o resultado dunha renovada aposta do goberno Feijoo pola política social (os incrementos orzamentarios cadraron no tempo con duros recortes sociais), a escalada orzamentaria da Renda de Integración Social (RISGA) respondeu a unha multiplicación das persoas que a precisan, cun incremento estimado no número de demandantes duns 113% desde o inicio da crise. Todo isto tras a aprobación dunha Lei de Inclusión Social de Galiza que está sen desenvolver.

Ademais, a falta de recursos para a atención á dependencia e para combater a exclusión social foi encuberta por parte do goberno do PP na Xunta de Galiza co endurecemento dos criterios de avaliación da dependencia, así como coa lentitude exasperante dos procesos de tramitación de prestacións.

A isto hai que engadir a paralización dos investimentos en novos equipamentos de atención á infancia e á dependencia, así como a liquidación das equipas multidisciplinares do Plan Galego de Inclusión social.

No caso concreto das persoas en situación de dependencia é prioritario revertir os recortes nas prestacións, e que se fagan efectivas as prestacións recoñecidas ás persoas en grao de dependencia, isto é: eliminar o “limbo da dependencia”, asumindo a aplicación e desenvolvemento da Lei de Promoción da Autonomía Persoal.

O BNG combaterá con firmeza as políticas antisociais herdadas do goberno Feijoo que afondaron nesta última lexislatura na desigualdade, na pobreza e na exclusión social. Neste sentido marcamos como obxectivo primordial recuperar o sistema de benestar cun investimento social acorde coas necesidades das persoas do noso país.

Por todo isto, en materia de servizos sociais, o BNG asume os seguintes obxectivos:

—**Creación do auténtico Servizo Galego do Benestar**, un organismo que viría a xogar un papel similar ao do SERGAS mais no ámbito dos servizos sociais, que terá como prioridade a protección social e a loita contra a pobreza.

—**Crear e implementar un Plan de emerxencia social para a Galiza** co obxectivo de paliar a grave situación de pobreza existente. Este Plan incorporará medidas efectivas de natureza económica como o cumprimento dos prazos para o cobramento de prestacións sociais ou programas de vivenda efectivos que garantan que ningunha persoa ou familia sexa desafiuzada da súa vivenda. Será deseñado de forma transversal por todos os departamentos do goberno

galego en diálogo cos e coas profesionais dos servizos sociais, os movementos sociais, os sindicatos e os axentes sociais implicados.

—Reformulación da RISGA mediante o establecemento dunha **Renda de Garantía Social**, concibida como un rendemento básico que englobe o conxunto de prestacións presentes e futuras, co obxectivo principal de evitar que ningunha persoa residente na Galiza caia ou fiquen na pobreza e na exclusión social, buscando para iso o seu desenvolvemento integral como ser humano e promovendo e mellorando as súas condicións económicas e sociais.

—Ampliación do Plan Galego de Inclusión Social, prestado con equipas públicas e en coordinación cos servizos de atención nos concellos.

Traballar no desenvolvemento de medidas contra a pobreza enerxética. Para alén de impulsar unha lei específica para protexer as unidades de convivencia que destinan máis de 10% dos ingresos para gas e electricidade, promoveranse outras medidas como a restrición das contratacións da Xunta con empresas que acometan cortes nas subministracións básicas (auga, luz, calefacción,...).

—O novo modelo de financiamento para o noso País debe ter en conta as peculiaridades dos nosos problemas e, por tanto, tamén dos servizos sociais en relación cos criterios de avellentamento e dispersión poboacional, índice de dependencia, persoas con diversidade funcional e emigración de retorno.

—Aprobar o **Mapa Galego de servizos sociais**, que inclúa o establecemento dos criterios de dotación de centros e de servizos en todo o territorio galego.

—Implantación progresiva e xeneralizada da Tarxeta Social Galega.

—Contar cun catálogo de servizos sociais integrado polo conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións, de tal maneira que se concreten aquelas que teñan un carácter esencial, o que determinará a súa condición como dereito exixíbel por todas as persoas que o precisaren.

—Apoio/reforzo con financiamento da Xunta aos Servizos Sociais Comunitarios de atención primaria nos concellos.

—Será impulsado o **Servizo Galego de Voluntariado** en colaboración coas entidades locais e axentes sociais de interese.

—Colaboración coas entidades e ONG's do terceiro sector, facéndoas partícipes do deseño e extensión de servizos. Sen prexuízo do mantemento, promoción e extensión dos servizos sociais de carácter público, deberase manter a coordinación e colaboración co terceiro sector de acción social, nomeadamente o de propiedade social, na extensión de políticas de benestar.

—Incorporar e aplicar plenamente o disposto na **Convención Internacional de Dereito das Persoas con Diversidade Funcional** a través dun plano de actuación específico dotado orzamentariamente e elaborado coa participación das organizacións que traballan neste ámbito.

—Estabelecer canles de diálogo permanente e colaboración coas entidades que traballan no ámbito da atención e integración das persoas con diversidade funcional para definir conxuntamente as liñas de actuación para lograr os obxectivos propostos.

—Creación do Consello Galego de Persoas con Discapacidade, como órgano paritario de encontro e debate sobre as políticas públicas de diversidade funcional entre a administración e as entidades que traballan neste ámbito, así como unha comisión permanente no Parlamento da Galiza.

—Impulsar un **Plan de Atención ás Persoas con Discapacidade** que supoña un paso adiante en materia de prevención e atención destas persoas e avanzar significativamente na visibilización e sensibilización da sociedade, para que se chegue a producir a verdadeira integración social das persoas con discapacidade.

—Divulgación e extensión do uso da lingua de signos para facilitar a integración das persoas xordas. **Recoñecemento da Lingua de Signos Galega.**

—Divulgación e extensión do uso da lingua de signos para facilitar a integración das persoas xordas. **Recoñecemento da Lingua de Signos Galega.**

—Potenciarase o Sistema Galego de Asistencia Persoal de tal modo que se axuste as necesidades reais de apoio das persoas demandantes, evitando o copagamento e a privatización do sistema.

—Plan de igualdade de xénero para as mulleres con diversidade funcional e evitar que padezan unha dobre discriminación social.

—Acometer un Plan de mellora e de ampliación dos centros socio-comunitarios e de Centros de día, incluíndo a adecuación e adaptación física dos centros para estes dispoñen dos servizos e das instalacións adecuadas para as persoas de idade e diversidade funcional poderen participar en óptimas condicións. Serán dotados, igualmente, de persoal e de servizos adecuados ás súas necesidades.

—Mellorar e potenciar o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de forma que se poida prestar este servizo ao maior número de persoas idosas en situación de dependencia.

—Ampliar outros programas específicos para as persoas de idade: os relativos a xantar na casa e lavandaría a domicilio, potenciar o programa de acollemento familiar para persoas idosas dependentes e implantar unha liña de axudas económicas para acceso a vivenda en aluguer específica para persoas de idade.

- Incrementar o complemento galego ás pensións non contributivas.
- Acometer un programa específico de atención temperá, que incorpore os recursos e prestacións existentes, ademais dun plan integral específico para os crianzas de 0 a 3 anos en situación de dependencia ou en risco de a padecer.
- Elaborar un Plan de Infancia e Adolescencia, contando coa colaboración dos concellos, e que para alén de establecer políticas xerais, incorpore especificamente o obxectivo de facilitar o acceso a servizos de calidade para satisfacer as necesidades da infancia máis desfavorecida.
- Dotación de recursos de prevención que potencie equipamentos específicos destinados a crianzas con necesidades educativas especiais e, en xeral, persiga reducir o internamento de menores de idade en centros de protección, posibilite o acollemento familiar e a normalización das situacións de vida das crianzas e evite a xudicialización d@s nen@s.
- Posta en marcha do Observatorio Galego da Infancia e da Adolescencia.
- Elaborar plans específicos de actuación con minorías étnicas, singularmente coa comunidade xitana, concedendo prioridade aos principios de normalización, promoción da inter-culturalidade e cooperación coa iniciativa social.
- Prestar servizos de información e asesoramento específico a todas as persoas inmigrantes que residan na Galiza, comezando polas cidades galegas e as principais localidades de concentración de poboación de orixe estranxeira na Galiza.
- Desenvolver, con dotacións orzamentarias específicas, programas de axuda ás persoas emigrantes galegas que desexaren retornar á Galiza, para súa inserción sociolaboral.

D. GARANTIR O ACCESO Á VIVENDA

O Goberno de Feijoo afanouse en abandonar as políticas para garantir o acceso á vivenda. Os continuos recortes orzamentarios practicados nas políticas de vivenda provocaron un descenso do 85 por 100 nos fondos destinados ao acceso á vivenda e do 50 por 100 nos programas de rehabilitación. Así mesmo, desbotou calquera iniciativa de intervención no mercado da vivenda que rematase cos actuais condicionantes que impiden un acceso igualitario á vivenda, sobre todo da xente máis nova e das persoas con menos recursos económicos. A política en materia de vivenda do PP aliñouse coa estratexia das grandes promotoras e empresas inmobiliarias, consistente en ter como obxectivo fundamental favorecer a saída do stock inmobiliario de promotoras e bancos sen abaratar o prezo da vivenda, abandonando estímulos para o acceso a vivenda con esquemas de protección pública, ademais de pechar as portas ao fomento da rehabilitación.

Por outra banda, a existencia de vivendas baleiras, nunha parte titularidade de entidades financeiras que recibiron rescates públicos con inxentes fondos, debería converterse na oportunidade para mobilizar ese parque dun xeito prioritario, ben a través do aluguer o do acceso en propiedade, a prol dos colectivos que máis dificultades teñen no acceso á vivenda. Porén, o goberno de Feijoo desaproveitou esa oportunidade, e segue habendo moitas persoas para as que ter unha vivenda digna, no canto dun dereito que debería estar garantido polos poderes público, é en realidade un ben inaccesíbel.

Para o BNG é prioritario intervir no eido da vivenda, dado que o dereito a unha vivenda digna é inherente á condición humana. Ademais, para evitar que se manteña a contradición da existencia dun importante parque de vivendas baleiras con persoas que non teñen garantido o dereito á vivenda e mesmo con persoas que, por mor das dificultades económicas, mesmo se ven expulsas e obrigadas a perder a vivenda sen ter alternativas para manter un ben habitacional digno.

As medidas que emprenderá o BNG a prol dunha política social de vivenda serán:

—Reclamar unha reforma da lexislación hipotecaria para admitir a dación en pagamento retroactiva e como liquidación e condonación total da débeda hipotecaria, así como para introducir a prohibición de desafiuzamento cando a vivenda sexa destinada a residencia habitual.

—Exixir a entidades financeiras e inmobiliarias que para o acceso a axudas e incentivos públicos en materia de vivenda en Galiza acepten a dación en pagamento con liquidación das débedas hipotecarias.

—Establecemento dunha liña de avais que cubran os impagos temporais das cotas derivadas dos préstamos subscritos polos adquirentes de vivendas protexidas, así como as promovidas ou rehabilitadas para uso propio ou para aluguer.

—Crear un organismo público de vivenda social en alugueiro, desde a administración galega en colaboración cos concellos, para administrar e xestionar vivendas baleiras para polas a disposición de persoas con dificultades de acceso á vivenda.

—Constitución dun Fondo Social da Vivenda como instrumento financeiro público ao servizo da desenvolvemento de políticas de vivenda, e que terá como principais beneficiarios aos colectivos con maiores dificultades no seu acceso.

—Demandar a transferencia a Galiza dos activos inmobiliarios da SAREB (“Sociedade de Activos procedentes da reestruturación bancaria” ou “banco malo”), asumindo desde os órganos competentes en materia de vivenda a xestión e administración daqueles activos consistentes en vivendas ou solo urbanizábel para constituír unha bolsa de vivenda pública en Galiza que permita a posta a disposición de persoas e colectivos máis desfavorecidos, dun xeito especial para a mocidade.

—Impulso á rehabilitación de vivendas e espazos degradados de vilas e cidades como fórmula de acceso á vivenda, evitando a proliferación de polígonos de vivenda protexida onde hai vivendas desocupadas.

—Desenvolvemento dunha política de fomento da conservación de vivendas no medio rural que sirva para potenciar o acceso a vivendas dignas nos concellos de menor poboación e contribuír a fixar poboación.

—Implementación de medidas fiscais que desincentiven o mantemento de vivendas baleiras. Adopción de medidas legislativas desde Galiza para que defina xurídicamente o concepto de “vivenda baleira”, de xeito que os concellos poidan aplicar legalmente recargos no IBI ás vivendas desocupadas.

E. SALVAMENTO E EMERXENCIAS

O BNG impulsará a creación dun sistema integral de Emerxencias da Galiza, co obxectivo de mellorar a resposta na atención e a eficacia nas situacións excepcionais que se puideren producir. Entre outras medidas, defendemos:

—Instauración dun Corpo Nacional de Bombeiros en Galiza, coordinados nun sistema de emerxencias integral e de xestión completamente pública.

—No inmediato, recuperación dos servizos de bombeiros de xestión indirecta, e creación do corpo de Bombeiros de Galiza, no que deberan integrarse paulatinamente os diferentes servizos do país.

—Desenvolvemento da Lei 5/2007, de Emerxencias de Galicia, especificamente da disposición adicional terceira.

—Garantir a homoxeneización das prestacións do servizo, para evitar as diferenzas de atención entre persoas por residiren nun ou noutro concello.

—Promover a reordenación territorial e estrutura operativa dos distintos servizos de emerxencias, para que non se produzan dúbidas sobre quen acode, nin a quen mobilizar cando é claro que os tempos de resposta ou os medios do servizo correspondente non son adecuados ás necesidades derivadas da gravidade do sinistro.

—Elaborar o regulamento do servizo de Bombeiros tendo en conta a opinión dos profesionais do colectivo, para lograr a máxima coordinación e operatividade co obxectivo de que a intervención conxunta sexa maior que a suma dos resultados das intervencións descordinadas. Recoñecemento do exercicio de autoridade para os bombeiros.

—Asumir integramente as competencias en salvamento marítimo.

—Reforzar a estrutura da Central de Coordinación do 061 e do servizo de Emerxencias 112, mantendo a súa localización en Santiago de Compostela.

6. POLÍTICAS FEMINISTAS E LGTBI PARA UNHA GALIZA DA IGUALDADE

A Galiza do futuro debe partir dun compromiso activo coa aplicación transversal de políticas feministas e de garantía plena dos dereitos LGTBI, de cara a unha sociedade que supere o patriarcado e garanta a igualdade real, sen discriminación por xénero ou orientación sexual. Para iso, asumimos e aplicaremos as seguintes medidas:

—Reverter os recortes aplicados polos gobernos do PP en materia de recursos e medios destinados a promover a igualdade.

—Impulsar a visibilidade e a participación das mulleres nos espazos de participación e decisión de carácter público ou privado.

—Incluír nos pregos de contratación das empresas penalizacións e restrición de contratos por causa de discriminación por xénero ou orientación sexual.

—Obxectivo cero violencia:

·Asumir as competencias para crear xulgados de violencia de xénero nas sete cidades galegas e acompañalas de instalacións que garantan a seguridade e intimidade das vítimas.

·Elaboración dun Estatuto de Vitima do Femicidio e inclusión do termo na lexislación galega contra a violencia de xénero, aumento das contías orzamentarias e diálogo social para a mellora do marco legal.

·Elaboración dun Plan Galego de prevención e concienciación social sobre a violencia machista.

·Recuperar o réxime sancionador da lei de 2014

·Instar os medios de comunicación para que fagan un tratamento adecuado das noticias sobre a violencia machista, visibilizándoa e evitando o sensacionalismo morboso e a linguaxe e imaxes sexistas.

—Fomentar a contratación e inserción laboral das mulleres a través de políticas activas específicas de emprego.

—Dignificar o traballo non remunerado realizado maioritariamente polas mulleres cuantificando a súa contribución á economía

—Revisar, con diálogo social e asociacións e colectivos feministas, as normas e orientacións políticas dos últimos anos de goberno do PP e mudar aquelas que se enmarcan nunha liña de recuperación e protección dos valores tradicionais do patriarcado.

—Promover a investigación dos aspectos relacionados coa seguranza e coa saúde laboral das mulleres, especialmente naqueles sectores e categorías profesionais cunha forte presenza feminina.

—Utilizar a linguaxe inclusiva e non sexista en todas as institucións e organismos públicos e oficiais.

—Elaboración dunha “Lei galega para garantir os dereitos do colectivo LGTBI e erradicar a homofobia, a bifobia e a transfobia” que substitúa a “Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia”, elaborada co apoio das asociacións e activistas LGTBI, que recolla medidas contundentes e un réxime sancionador efectivo. Xirará, sen prexuízo de outras medidas, ao redor dos seguintes ámbitos:

- Saúde: formación transversal do persoal de saúde, protocolos específicos, en especial para o colectivo trans e de forma non patoloxizadora; estudos específicos sobre as súas necesidades médicas, con especial atención ao alto número de suicidios no colectivo LGTBI.
- Educación: formación transversal do persoal educativo; protocolos contra o acoso lgtbifóbico; inclusión da diversidade de sexualidade e de xénero nos programas docentes.
- Laboral: elaboración plano específico de inserción laboral para o colectivo LGTBI; deseño de protocolo contra agresións lgtbifóbicas e discriminación no terreno laboral; deseño de programas formativos nas institucións públicas.
- Mocidade e familia: disposición de recursos para evitar problemas de suicidio, saúde mental, ETSs; potenciación centros de apoio e asistencia ás familias e mozas en situación de vulnerabilidade, con especial atención ao espazo rural.
- Administración: formación de axentes de policía e elaboración dun protocolo contra agresións lgtbifóbicas; disposición das medidas oportunas para garantir o tratamento no xénero real perante calquera institución galega sen necesidade de pasar por procesos de hormonación ou cirurxía de reasignación sexual, nin pedindo como requisito o diagnóstico médico de “disforia de xénero”, tanto para maiores como para menores de idade.

- Cultura: disposición nas bibliotecas públicas dunha sección de recursos audiovisuais e escritos específicos; apoio aos proxectos culturais e artísticos de temática LGTBI; campañas de promoción da diversidade e o respecto e contra a lgtbifobia nos principais medios de comunicación.
- Inclusión da Cirurxía de reasignación sexual, así como todos os outros tratamentos, asistencia e asesoramento, tanto físicos como psicolóxicos, que constitúen o tránsito das persoas trans (hormonación, asistencia psicolóxica, masectomía, histeroctomía, clases de modulación da voz, etc) no SERGAS, de forma totalmente gratuita e garantindo un período máximo de espera razoábel, así como un carácter non patoloxizante, tránsfobo nin paternalista de todo o proceso.
- Impulso das asociacións LGTBI e establecemento dun diálogo continuo e estreito con elas para o tratamento das diversas necesidades do colectivo e elaboración de medidas legislativas e campañas de conscientización e contra a discriminación. Facilitación de espazos públicos para as súas actividades.
- Realización de campañas públicas de conscientización durante todo o ano, mais especialmente ao redor de datas asinaladas como o 17 de maio (Día internacional contra a lgtbifobia), 28 de xuño (Día do orgullo LGTBI) ou o 1 de decembro (Día contra a SIDA)
- Creación dun Observatorio Galego contra o machismo e a lgtbifobia con persoal especializado, entre cuxos ámbitos de acción estean os medios de comunicación, o ámbito laboral, administrativo, educativo ou da saúde, entre outros, de forma que elabore estudos periódicos e propoña estratexias de intervención.
- Impulsar protocolos específicos e plans de actuación destinados a fomentar o respecto e aceptación da diversidade afectivo-sexual nos entornos rurais.
- Recoñecer o dereito das mulleres á baixa laboral durante a menstruación, cando esta sexa invalidante. Fomentar a investigación sobre o transtorno, así como demandar o tipo de ive superreducido nos produtos de hixiene íntima.
- Sancionar administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero.
- Non destinar fondos públicos a ningún acto ou evento onde se faga apoloxía da cultura machista ou se reproduzan estereotipos patriarcais.
- Recuperación das funcións dos Centros Quérote+ desmantelados polo PP. Incrementar o persoal (incluída a formación), delegacións, servizos de atención (telefónico como presencial) e conexión con centros educativos, xuvenís e de saúde dos Centros Quérote+ de todo o país. Aumento do número de Centros Quérote+ nas vilas pequenas e medianas; ademais de

implementar novos eixos de actuación, un incremento considerábel nas partidas orzamentarias e unha maior ligazón coa mocidade.

—Declaración dos crimes lgtbifóbicos como delitos de odio e non como mero agravante. Impulso dun Plan Galego de Apoio ás Vítimas do Odio lgtbifóbico, que recolla alternativa habitacional e laboral en caso de expulsión da casa familiar e/ou local de traballo, asistencia xurídica específica e de graza, servizos médicos e psicolóxicos, etc.

7. COIDADO E RECUPERACIÓN DO MEDIO

O BNG é consciente de que non é posíbel manter no planeta o actual nivel de consumo de recursos, promovido polo sistema económico imperante. A nosa acción política estará baseada en garantir a sustentabilidade para as xeracións presentes e futuras, buscando un equilibrio entre defensa do medio e desenvolvemento e modernización:

—Apostar por un modelo económico que teña en conta os límites do sistema ecolóxico. Adaptar o modelo económico a un futuro sen enerxías fósiles.

—Promover unha reforma fiscal en profundidade para adoptar o modelo de fiscalidade ecolóxica.

—Compromiso activo na loita contra a mudanza climática establecendo como prioritario o obxectivo de redución no noso País das emisións de gases de efecto invernadoiro.

—Adoptar, en toda a actividade da Xunta e entes autonómicos, a compra e contratación pública verde, e establecer medidas que a promovan no resto do sector público galego (concellos, universidades, centros de ensino, centros sanitarios, etc).

—Obrigar a internalizar os custos ambientais nas actividades contaminantes.

—Estabelecer plans de loita contra a contaminación en todas as súas formas, tanto aérea (incluídas a lumínica e acústica) como acuática e edáfica.

Xestión de residuos:

Baixo o obxectivo de avanzar nun modelo de xestión de residuos baseado nos 3 R's e no impulso da compostaxe, que supere o modelo de SOGAMA (por ineficaz, esgotado e contaminante), o BNG promoverá as seguintes medidas:

—Adoptar o punto de incineración cero, desbotando novos proxectos de incineración e apostando por plantas comarcais de reciclaxe e compostaxe. Serán impulsadas medidas para mellorar a selección en orixe dos residuos, implantarase a recollida porta a porta en todos aqueles

ámbitos en que sexa viábel, adoptarase a compostaxe doméstica en todo o rural e ámbitos dispersos, e plans específicos para a xestión de residuos industriais, de construción-demolição e dos sanitarios.

—Lanzamento do Plan Galego de Compostaxe para a fracción orgánica fermentábel dos residuos urbanos, os lodos de depuradora, a biomasa de orixe vexetal e análogos. Incluirá a implantación de complexos de compostaxe de ámbito comarcal, inventario dos residuos compostábeis, medidas para a valorización do compost e fomento da investigación e prácticas vinculadas coa compostaxe.

—Compromiso coa paralización de calquera novo proxecto baseado na incineración e anulación de calquera novo investimento en instalacións de tipo finalista (incineración e eliminación en vertedoiro).

—Actualización da política de xestión de residuos introducindo instrumentos económicos, en particular as taxas á entrada de residuos a procesos finalistas, e reversión dos ingresos recadados coas mesmas á prevención e mellora da recollida separada, reciclaxe e compostaxe de calidade.

Saneamento integral e xestión da auga:

Para dotar a auga da máxima protección, o BNG impulsará as seguintes medidas:

—Reclamación da xestión pola Xunta de Galiza da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, e as competencias exclusivas na xestión de toda a rede fluvial de Galiza.

—Evitar a creación de novos encoros, e revisar a planificación para que se garantan caudais ecolóxicos suficientes e efectivos nos encoros xa existentes.

—Desenvolvemento de medidas de saneamento integral de todos os cursos e ecosistemas fluviais.

—Potenciación dunha Rede de Vixilancia e control do estado ecolóxico dos ríos galegos. Mellora da coordinación da inspección ambiental. Persecución e condena efectiva dos vertidos incontrolados e ilegais. Sistema público de seguimento de vertidos, con garantía de obxectividade e independencia de axentes e entidades encargadas da mostraxe e análises de vertidos.

—Implantación de modelos de saneamento con maior viabilidade ambiental e económica, en particular:

- a) preferencia do saneamento descentralizado
- b) técnicas e procesos de recuperación dos recursos contidos nas augas residuais (enerxía, nitróxeno, fósforo e outros elementos nutrientes)
- c) sistemas naturais e de baixo custo, en particular as zonas húmidas construídas.

—Fomento de medidas que reduzan o consumo de auga, promoción do aforro e da eficiencia nos sistemas de distribución, redución na aplicación de herbicidas e fitosanitarios, mellora dos tratamentos terciarios en depuración e reutilización de augas residuais depuradas.

—Modificación da Lei de Augas co fin de integrar de modo efectivo os principios da Directiva Marco, procurando o consenso social.

Protección do noso mar:

Os recursos mariños teñen un valor estratéxico, tanto ambiental como económico. Así, será a nosa prioridade a súa defensa, a planificación do seu uso e a mellora do hábitat, impulsando as seguintes medidas:

—Mellora da calidade do hábitat marítimo e costeiro, incluída a paisaxe. Planificación do uso do medio mariño e do litoral, facendo compatíbel a actividade pesqueira coa conservación da biodiversidade.

—Fomentar o uso racional e sustentábel da pesca de baixura e marisqueo, empregando entre outras medidas as reservas mariñas.

—Limitar e regular a acuicultura mariña industrial, tanto en terra como na auga.

—Saneamento integral do litoral, ampliando e mellorando os sistemas de depuración existentes e rematando cos vertidos de augas residuais sen depuración. Control da contaminación mariña.

—Sacar o complexo ENCE-ELNOSA da ría de Pontevedra.

—Limitar e controlar estritamente a importación de especies foráneas (semente de moluscos, etc) para repoboación.

Espazos naturais, biodiversidade e custodia do territorio:

O medio natural do noso país está a padecer un continuado deterioro que é urxente inverter. A conservación do medio ten grandes potencialidades económicas para impulsar un desenvolvemento sustentábel con que afrontar a actual crise. Así, levaremos a cabo as seguintes actuacións:

—Revisión da normativa de uso e xestión dos Espazos Naturais Protexidos (ENP), priorizando a conservación e fomentando a participación e información da poboación local.

—Ampliación da Rede de Espazos Naturais, atendendo ás necesidades de eficiencia para a conservación dos hábitats e da biodiversidade. Será prestada atención especial a lugares singulares, como por exemplo a inclusión da Serra do Galiñeiro no Parque Natural Monte Aloia.

Dar continuidade na Galiza ao Parque Peneda – Gerês e establecer mecanismos de coordinación e convenios de colaboración.

—Aprobación dos Parques Naturais do Monte Pindo, Trevinca, Queixa-San Mamede, Ancares e Courel, mais non só como instrumentos de protección senón tamén de desenvolvemento territorial. Os parques deben mudar de modelo, non poden impedir a actividade agrogandeira senón tornala plenamente compatíbel para que o coidado do medio actúe tamén como factor de desenvolvemento social.

—Ampliación territorial do Parque Nacional das Illas Atlánticas (coa incorporación das Illas Sisargas, entre outras zonas) e definición de novos plans de uso e xestión.

—Aumentar a loita contra as especies invasoras, tanto nas fases temperás (rede de avisos, etc) coma no control e erradicación.

—Evitar o cultivo, cría e comercio de organismos xeneticamente modificados con destino á alimentación humana e animal.

—Desenvolver políticas encamiñadas á protección da biodiversidade, tanto mariña como terrestre.

—Estabelecer plans de conservación das especies mariñas protexidas e labores de seguimento para as capturas accidentais das especies mariñas ameazadas, así como medidas paliativas, en consonancia coa lexislación vixente e directrices internacionais.

—Reducir a superficie ocupada polo Eucaliptus globulus e prohibir a forestación con Eucaliptus nitens e outras especies invasoras en todo o territorio galego.

—Prohibir o cultivo de especies alóctonas nos espazos protexidos e nos bosques de ribeira.

—Impedir os cultivos enerxéticos e o aproveitamento da biomasa forestal residual exclusivamente con fins enerxéticos, priorizando o uso da biomasa para restituír a materia orgánica e os nutrientes ao solo, así como a compostaxe.

—Adaptar a actividade forestal ao cambio climático, tendo en conta as situacións de risco (lumes, erosión, perda de capacidade de retención e de fertilidade, etc) nos nosos montes.

—Procurar alternativas para evitar a degradación e a perda de solo fértil nos montes. Reverter este proceso é imprescindible para garantir a existencia dos propios sistemas forestais, a conservación dos ecosistemas e a produción de recursos no futuro.

—O goberno galego establecerá un protocolo de colaboración activa coa Rede Galega de Entidades de Custodia do Territorio para apoiar o seu imprescindible labor e elaborar conxuntamente as liñas básicas de actuación neste ámbito.

Participación pública e educación ambiental:

Co obxectivo de impulsar a participación e o coñecemento do conxunto da sociedade nas políticas de defensa do medio, o BNG tomará as seguintes medidas:

- Impulso ao tecido asociativo ecoloxista e fomento da transparencia na xestión das administracións públicas. Creación dunha Rede de Información e Participación neste ámbito.
- Actualizar e aplicar a Estratexia Galega de Educación Ambiental. Apoio ás entidades e profesionais no seu labor de educación ambiental e promoción do voluntariado ambiental.

Benestar animal:

- Fomento do respecto e da protección animal, impulsando as modificacións normativas necesarias para impedir a realización de touradas na Galiza e outros espectáculos con animais (en circos, tiro ao pombiño, etc).
- Elaboración dunha nova lei de protección de animais domésticos e de estimación/compañía, tomando en consideración as propostas das entidades protectoras. Aplicar os convenios e tratados internacionais que supoñen unha mellora no campo da protección e do benestar animal.
- Impulsar as alternativas ao uso de animais en toda clase de ensaios e experimentacións, apostando polos modelos xa validados no ámbito europeo.
- Lanzamento dunha Estratexia Galega de prevención do abandono e maltrato animal que inclúa medidas de sensibilización, aproveitando os medios de comunicación públicos e programas específicos nos diferentes ámbitos do sistema educativo.
- Estabelecemento dun programa de apoio económico e técnico para as entidades protectoras de animais, refuxios e santuarios.
- Recoñecemento legal da figura do Santuario animal dotándoos dos medios necesarios.
- Accións de fomento da adopción fronte á compra de animais de estimación ou compañía, fomento da esterilización, a identificación e o apoio ás entidades para o obxectivo sacrificio o.
- Apoio aos Concellos para a creación e funcionamento de refuxios públicos e para o desenvolvemento de iniciativas e medidas de control responsábel de animais da rúa como a xestión de colonias felinas ou os servizos de rescate e acollida.
- Reconsideración xurídica da caza, vetando a munición de chumbo e aumentando as exixencias para a obtención dunha licenza. Prohibición da práctica ou participación da caza ás persoas

menores de idade, de acordo ao criterio superior de protección da infancia e da adolescencia. Especial control de cans empregados para actividades cinexéticas.

—Introdución no curriculum escolar de temarios sobre protección e benestar animal.

—Creación e apoio dos centros de recuperación da fauna salvaxe. Sinalización e creación de zonas de paso específicas para animais nos espazos onde, como consecuencia da construción de infraestruturas, puideren ter perigo.

—Campañas para o fomento de espazos públicos que permitan a presenza animais: transporte, comercio, hostalaría, etc...

—Creación de simboloxia (tipo bandeira azul) que identificaría aqueles concellos con mellores prácticas en protección e benestar animal.

—Fomentar a existencia, para atender a demanda, de menús vexetarianos e veganos nas cantinas dos centros públicos dependentes da administración galega.

8. ORDENACIÓN DO TERRITORIO E TRANSPORTE

A carencia até o de agora dunha auténtica política de ordenación do territorio que sirva para protexer, ordenar e pór en valor o noso territorio é unha das carencias máis graves e persistentes. A existencia dunha Lei de Ordenación do Territorio, xa antiga mais sen desenvolver e actualizar, e dunhas Directrices de Ordenación do Territorio demasiado xenéricas e ambiguas son a demostración do desleixo dos Gobernos do Partido Popular en relación co noso territorio.

Neste marco, as propias actuacións da Xunta foron dunha arbitrariedade elevada, utilizando os instrumentos de ordenación do territorio, fosen Plans ou Proxectos Sectoriais, dun xeito discrecional e sen ningunha planificación máis alá de razóns de oportunidade. Unhas veces si e outras non, segundo conviñer e sen ningún criterio racional nin atisbos de planificación. Por exemplo, para consolidar ENCE si que se utilizaron; para o futuro de CITROEN non quere a Xunta utilizalos. Arbitrariedade pura e dura.

Esta discrecionalidade por parte da Xunta, contraria a todo principio racional e democrático de funcionamento da administración, conduciu tamén a que non cumpra coas súas obrigas. A Ordenación do Territorio máis concreta e detallada debería ser feita con Plans Territoriais Integrados en que se fixasen as determinacións básicas de proteccións, infraestruturas e dotacións de cada unha das comarcas ou áreas de Galiza. Estes Plans están sen realizar e o PP non ten previsión de facelos. A razón é que ataría as mans a Xunta para actuar de xeito regrado e non botar man de instrumentos para a ocasión, sen previsión nin planificación.

Como resultado da carencia destes imprescindíbeis Plans Territoriais Integrados, toda a carga planificadora da Xunta descargase nos PXOM's, obrigando os concellos a incorporar unha sobrecarga de determinacións alleas, que non son de competencia municipal. Se arredor de 90% das determinacións dun PXOM son fixadas pola Xunta, ou polo Estado en menor medida, non ten sentido que os concellos teñan que definilas e incorporalas no PXOM. Tanta sobrecarga de determinacións alleas leva a unha complexidade de tal magnitude que os fai de tramitación longuíssima e dunha debilidade extrema fronte a recursos e contenciosos. Unha boa parte dos PXOM's aprobados ao abeiro da LOUGA están xa anulados polos tribunais ou en perigo certo de selo. Os que se salvaron foi porque non houbo contenciosos ben formulados.

Así pois hai que reformular en profundidade todos os instrumentos que afectan ao territorio facéndoo máis sinxelos, máis áxiles e con mellor delimitación de competencias, no camiño dunha verdadeira planificación e protección do noso territorio. Nese sentido, o BNG defende:

—Reestruturación do corpus legislativo existente, impulsando novas Leis de Ordenación do Territorio, de Estradas, de Urbanismo, e demais instrumentos de ordenación inspiradas no respecto e adecuación á realidade comarcal de Galiza, incorporando as tendencias mundiais máis avanzadas e contrastadas, máis rexeitando as concepcións alleas importadas acriticamente que dominan actualmente as actuacións da Xunta.

—Elaboración de Planos Territoriais Integrados e Planos directores dos distintos ámbitos que conforman a estrutura organizativa territorial de Galiza, nomeadamente no ámbito comarcal, rural e urbano –áreas metropolitanas–, ou ben de unidades operativas de carácter supramunicipal ou supracomarcal conformadas por territorios complementarios ou homoxéneos.

—Acomodación do territorio galego aos proxectos de desenvolvemento socioeconómico e modernización real do país, evitando a desfeita do modelo territorial tradicional e a destrución dos sistemas produtivos propios da nosa nación.

—Potenciación da eurorrexión Galiza-Norte de Portugal. Regulación dos instrumentos de ordenación territorial, determinación das áreas de intervención no que atinxe ao carácter público, privado ou mixto das implantacións no territorio e equilibrar o asentamento poboacional no territorio.

—Baleirado progresivo de contido operativo das deputacións provinciais.

—Creación dunha Comisión de investigación do accidente do Alvia en Angrois para determinar as causas, corrixir posíbeis deficiencias de seguranza, apurar as responsabilidades políticas que de aí se derivaren e facer xustiza ás vítimas e familiares.

Mobilidade máis racional:

A cultura do asfalto puido ter unha base razoábel hai anos, cando as vías de comunicación de todo tipo estaban nunha situación precaria na Galiza. Mais na actualidade, a insistencia na política de asfalto e máis asfalto, de estradas e máis estradas, carece de toda lóxica social e económica, constituíndo máis un desorbitado culto á velocidade, ao automóbil e á comodidade sen límites.

Como consecuencia desta liña de actuación, encontramos que na Galiza a sinistralidade viaria é case 50% máis elevada que na media do Estado, coas súas terríbeis consecuencias de persoas mortas, inválidas, feridas e danos materiais e económicos. Estamos a falar de arredor de 150 persoas mortas e de arredor de mil millóns de euros perdidos cada ano como consecuencia da violencia vial, a maiores dos sobrecustos dos seguros, especialmente nas provincias atlánticas.

Polo tanto, hai que inverter totalmente as prioridades. As estradas son de moi custosa execución e mantemento e só se deberían executar de nova planta ou ampliacións e melloras cando estiver moi xustificadas. Os maiores esforzos deben ir para mellorar a seguridade vial e adaptar as vías para que respondan ás necesidades reais da forma máis segura, potenciar os camiños de ferro interiores e de proximidade e primar ademais as mobilidades amábeis, a peonil e a ciclista.

O mesmo poderíamos dicir do transporte público, en que a satisfacción das potenciais demandas hai que facelas por medios racionais e adecuados, buscando unha proporcionalidade entre necesidades e medios para satisfacelas. Nun país tan complexo e variado como a Galiza, as solucións uniformes non son válidas; non ten sentido mover un autobús de varias toneladas e altamente contaminante para desprazar cantidades moi pequenas de viaxeiras; non resulta sustentábel nin económica nin ambientalmente. Solucións como transportes á demanda ou similares poden ser unha boa alternativa adaptada ás nosas peculiaridades.

Tendo isto en conta, o BNG propón:

- Elaboración dun **Plan nacional de transportes e infraestruturas** atendendo aos criterios de racionalidade, sustentabilidade e eficacia antes mencionados.
- Dar prioridade á conservación e á **mellora da seguranza viaria** na rede de estradas galegas.
- Transferencia inmediata á Galiza de infraestruturas básicas** como a AP-9. Gratuídade das autoestradas galegas.
- Creación dun ente que promova e xestione o futuro tren de proximidade galego (GALTREN)**. O obxectivo é enlazar os principais núcleos de poboación arredor das cidades cun medio económico, ecolóxico e eficaz como son os camiños de ferro. Tamén conectar entre si cidades que carecen na actualidade deste servizo (Lugo-Santiago).

—Demandar o remate das infraestruturas ferroviarias que permitan vertebrar a alta velocidade na Galiza e a modernización da nosa rede ferroviaria: a conexión por alta velocidade coa meseta, a plena execución do Eixo Atlántico coa construción dos treitos pendentes Ferrol - A Coruña e Vigo - Tui; así como a adecuación a altas prestacións ferroviarias do treito Lugo - Ourense, A Coruña - Lugo e Monforte - Ponferrada.

—Garantir que as vías e os trens de alta velocidade contén coas condicións de seguranza e seguridade acaídas: sistema ERTMS, sinalización correcta, etc

—**Mellora do transporte por estrada.** Revisión da concesión das liñas interurbanas de autocares, mellora do transporte comarcal e posta en marcha dun Plan Galego de erradicación de puntos negros de accidentes.

—Garantir unha solución real e efectiva ao grave problema de seguridade viaria na A-8. Lexislar para evitar a existencia de estacións de servizo non atendidas por persoas, por razóns de seguranza e de emprego.

—Asumir a **competencia plena sobre os nosos portos.**

—Asumir a competencia plena sobre os aeroportos galegos e **creación dun ente galego de coordinación aeroportuaria** encargado de deseñar e implementar unha política aeroportuaria galega baseada na coordinación, especialiación e complementariedade e non na competencia entre os aeroportos galegos e as subvencións públicas a aeroliñas privadas.

—Potenciación do transporte marítimo de mercadorías e pasaxeir@s nas rías, respectando a súa compatibilidade cos usos marisqueiros e pesqueiros do mar.

—Apoio á planificación urbanística orientada a reducir a necesidade de desprazamentos e ampliación dos espazos peonís nos centros urbanos, acompañados da mellora dos servizos de transporte colectivo.

—Fomento da intermodalidade, como garante dunha integración óptima dos diferentes modos de transporte en Galiza; neste sentido, cómpre dotar de conexións ferroviarias os principais portos galegos, especialmente os portos exteriores da Coruña e Ferrol.

—**Impulso aos medios de transporte menos contaminantes, como a bicicleta.** Para iso, desenvolverase unha política propia ou en colaboración con outras administracións para:

a) Establecer vías ciclistas seguras que fomenten a mobilidade sustentábel entre concellos e permitan explotar o turismo en bicicleta.

b) Solicitar e impulsar a extensión da rede Eurovelo e Vías Verdes na Galiza como vías primarias de comunicación ciclista e cicloturista.

- c) Incorporar aparcadoiros para bicicletas nos lugares de interese turístico das vías ciclistas e en equipamentos públicos.
- d) Coordinar as accións para o fomento das vías ciclistas con todas as administración implicadas.
- e) Crear Mesa Galega pola Mobilidade Ciclista, na que, ademais do Goberno da Xunta, estean representados os diferentes concellos, as deputacións, a Dirección Xeral de Tráfico, as asociacións e clubs ciclistas e a Federación de Ciclismo.
- f) Mellorar a seguranza viaria facendo beiravías transitábeis nas estradas con velocidades superiores a 50km/h con alta densidade de tránsito.
- g) Sinalizar a presenza de ciclistas nas vías de alta afluencia de bicicletas coa lenda de distancia mínima lateral no adiantamento de 1,5 m.
- h) Axustar as velocidades primando os modos de desprazamento ciclista e peonil, adoptando a zona 30 nos núcleos poboados.

9. LINGUA

A lingua galega é un dereito irrenunciábel (individual e colectivo) do pobo galego, así como un factor de cohesión social imprescindible e un dos principais sinais de identidade. Para o BNG a defensa e reivindicación da lingua galega debe de ser unha constante na acción do goberno galego.

Todos os poderes públicos deben protexer e dignificar a lingua galega procurando o obxectivo de normalizaren o seu uso en todos os ámbitos e de garantiren o dereito a vivir en galego. Unha Galiza onde o galego sexa normal será unha Galiza máis digna, unha sociedade con maior cohesión e disposta a camiñar cun proxecto de transformación social, con raíces na nosa historia.

Cómpre, pois, revertir as políticas antigalegas do goberno do PP, dirixidas a excluír o galego do espazo público – educativo, administrativo, xudicial, mediático, audiovisual, mercantil, etc. –, a discriminar as persoas galegofalantes e a quebrar a transmisión da lingua ás novas xeracións e iniciar un novo camiño que impulse definitivamente o proceso de normalización da nosa lingua.

O BNG velará polo cumprimento do que establece a lexislación vixente no tocante ao uso público, tanto oral como escrito, da lingua galega no desempeño da súa responsabilidade por parte dos altos cargos e responsábeis de organismos e entes da administración galega, sociedades públicas e institucións análogas, co uso da toponimia oficial galega por parte de todas as administracións públicas e entidades privadas e coa realización en galego de todas as campañas institucionais e de publicidade promovidas polo goberno galego ou os organismo que del

dependeren, ao igual que todas as publicacións, comunicacións e documentos oficiais que teñan efecto en territorio galego.

O obxectivo é garantir oferta positiva en galego na atención ao público en toda a administración galega, municipal e estatal e en todas as concesións públicas, así como galeguización de toda a sinalización, formularios e documentación interna e externa. Tamén nos servizos da administración electrónica e no Servizo Galego de Saúde.

Condicionaranse todas as axudas e subvencións da Xunta de Galiza á utilización efectiva da lingua galega, nomeadamente as concedidas aos medios de comunicación.

Para alén destas cuestións legais, a normalización da lingua galega será un compromiso de todo o goberno con accións que se concretarán nas seguintes medidas:

- Elaboración dun calendario de inicio inmediato para introducir as medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega nesta lexislatura.
- Derrogación urxente do Decreto 79/2010, e elaboración dunha nova norma que elimine os límites impostos á lingua propia e impulse o emprego do galego en todos os niveis educativos, no camiño de a converter en lingua vehicular do ensino na Galiza.
- Impulso decidido á política lingüística, dando rango de Consellaría á actual Secretaría Xeral de Política Lingüística, para a tornar un axente eficaz na dinamización e normalización social do idioma.
- Creación dunha rede verdadeiramente estruturada e coordinada de servizos de normalización lingüística de carácter territorial, participada por entidades encargadas da coordinación das actuacións nesa materia, adecuándoas aos diferentes contextos sociolingüísticos. O Goberno galego coordinará co resto das administracións, nomeadamente coas institucións municipais, os procesos específicos de normalización lingüística.
- Fomento da presenza do galego nas novas tecnoloxías, así como a investigación e difusión de medios técnicos que favorezan o desenvolvemento do galego no eido da información e da comunicación.
- Promoción de xoguetes e lecer infantil e xuvenil en galego para evitarmos a ruptura interxeracional no uso do noso idioma e desenvolvermos campañas que teñan en conta os diferentes contextos e prácticas sociolingüísticas existentes na realidade social galega.
- Introdución crecente da nosa lingua no sector audiovisual con colaboración con outras canles, distribuidoras, produtoras para a dobraxe e lexendado de filmes e series en galego.

- Impulso á creación e consolidación dunha industria da lingua propia que permita a plena e rápida incorporación do galego ao novo mundo que están creando os adiantos tecnolóxicos.
- Accións específicas para a galeguización das redes sociais.
- Garantía de os medios de comunicación públicos galegos cumpriren coa obriga legal de usaren o galego na totalidade da súa programación e prescribindo o seu uso na publicidade.
- Mellora e ampliación da oferta de lecer infantil e xuvenil en galego na TVG e na RG. Ademais, promoción da presenza do galego nos medios privados a través de medidas de fomento ou do establecemento de cotas mínimas de uso.
- Garantía da atención oral e escrita en galego, tanto na documentación informativa e contractual por parte das entidades financeiras que operan na Galiza (servizos en liña, banca electrónica, caixas automáticas e na atención ao público, presencial e telefónica).
- Fomento da extensión da nosa lingua nas relacións laborais, comerciais e empresariais. Posta en marcha dun plano específico orientado á galeguización de festas e romarías, con medidas orientadas a concellos e comisións de festas, orquestras, grupos musicais e bandas de música e soportes publicitarios.
- Promoción das medidas necesarias para que o galego sexa a lingua normal da administración de Xustiza e dos seus programas informáticos, exixindo o coñecemento obrigatorio e contrastado e o uso do galego por parte do funcionariado e impedindo a discriminación lingüística nas actuacións xudiciais. Defenderase a modificación da LOPX co fin de que maxistrad@s e xuízas e xuíces teñan o deber de coñeceren o galego para desenvolveren a súa función en Galiza.
- Establecemento de accións para introducir o galego como lingua normal de traballo nas notaría, erradicando demoras e outras eivas asociadas aínda na actualidade ao uso do noso idioma.
- Mantemento dunha política activa de intercambio e promoción de produción cultural entre Galiza, Portugal e o resto dos países de expresión galego-portuguesa, na procura da normalización e internacionalización da cultura expresada no noso idioma. Recepción en todo o territorio galego, cando menos, do sinal da Radio Televisión Portuguesa e emisión da CRTVG para Portugal.
- Incorporación da oferta de lingua portuguesa en todos os centros de ensino do noso País, programas de capacitación e actualización para o profesorado de lingua(s) e incorporación de prazas específicas de portugués nas ofertas públicas de emprego.
- Promoción da normalización do noso idioma, dentro do actual marco legal, a través da subscripción de convenios coas administracións competentes na Seabra, no Bierzo, e na comarca do Eo e do Navia, así como no caso dos concellos do Val de Ellas (Estremadura).

10. CULTURA

A cultura é a expresión máis visíbel do que somos e de como entendemos o mundo. É, para alén do máis, unha ferramenta esencial para a cohesión e a transformación social e o fortalecemento da consciencia e a identidade nacional. O BNG acredita nunha cultura galega viva, con intención formadora no persoal e transformadora no social, que estimule a participación cidadá, apoie a creación artística, visibilice a nosa produción cultural e actúe como elemento de dinamización e vertebración territorial, social e económica do noso país.

Así mesmo, entendemos a cultura galega como unha cultura dinámica e aberta, que dialoga en igualdade co resto de culturas do planeta, que quere seguir achegando a súa identidade e creatividade ás demais e que ten, para iso, que participar plenamente das redes e dos circuitos culturais internacionais. A promoción da identidade galega e a defensa da diversidade cultural son, neste sentido, dúas caras da mesma moeda, que deben ser desenvolvidas conxuntamente.

O modelo cultural que o BNG defende é integral e estratéxico, capaz de deseñar o horizonte futuro ao que queremos chegar tendo en conta todos os planos en que a cultura se manifesta hoxe en día: o da creación, promovendo a formación, a investigación e a excelencia artística; o das industrias culturais, apoiando a existencia dun tecido empresarial galego que sustente con profesionalidade, saber facer e independencia o talento artístico existente; o patrimonial, con políticas que favorezan a conservación e o aproveitamento sustentábel e responsábel do noso patrimonio e o poñan en relación coas dinámicas creativas actuais; e o sociocultural, promovendo a implicación activa do pobo e a implantación comunitaria das políticas e dos proxectos, a través da cooperación dos diferentes axentes culturais -asociativos, públicos e privados- existentes no territorio.

Para o conseguir, o BNG aposta polos seguintes eixos da acción de goberno no tocante á nosa cultura nacional:

—A construción dun espazo galego de comunicación e cultura, que difunda a cultura de noso como unha cultura viva, dinámica e nacional até convertela en referencial para o conxunto da poboación.

—O apoio á creación a través de políticas que promovan a calidade da formación artística, a innovación nos procesos de traballo e a visibilidade social das creacións.

—A implantación sociocomunitaria das políticas culturais, co obxectivo de avanzar nunha sociedade máis culta, dinámica, participativa e crítica.

—A posta en valor do patrimonio cultural desde criterios de transversalidade institucional, promoción da propia identidade e sustentabilidade e aproveitamento social e económico.

—O apoio especializado aos nosos sectores culturais, de cara a unha maior profesionalización, fortalecemento económico e difusión social, como mellor xeito de garantirmos a nosa capacidade para producir discurso cultural desde nós mesm@s.

—Creación do **Teatro Nacional da Galiza** como novo organismo público que reforce a produción nas artes escénicas e agrupe as funcións dos actuais Centro Dramático Galego e Centro —Coreográfico de Galiza.

—Fomento dunha programación teatral estábel que vise que, polo menos nas cidades, as producións permanezan un mínimo de 4-5 días para rendibilizar os custos de transporte e montaxe de escenografías, iluminación, son e outros dispositivos técnicos e para crear e consolidar públicos estábeis.

—Promoción da utilización diaria das infraestruturas físicas (teatros, auditorios, casas de cultura) existentes, moitas delas hoxe infrautilizadas.

—Apoio á Lei Galega das Artes Escénicas consensuada por todo o sector.

—Políticas específicas para promover a presenza internacional da nosa produción cultural. Nese sentido, será prestada especial atención ao cultivo das relacións culturais bilaterais cos países de lingua portuguesa, atendendo á divulgación de obras e actividades deles na Galiza tanto como a procurar a presenza da cultura galega neses países cos que compartimos lingua.

—A elaboración de políticas estratéxicas e consensuadas cos sectores culturais non profesionais: corais, bandas de música, teatro amador, agrupacións de música e danza tradicional.

—Elaboración de plans directores para cada un dos ámbitos, absolutamente centrais —cualitativa e cuantitativamente— no desenvolvemento cultural do noso país.

—O impulso á presenza de propostas culturais galegas nas programacións das festas populares, a través da súa vinculación ao apoio económico público concedido.

—A unificación nun único organismo das competencias en materia de audiovisual a fin de adoptar unha estratexia planificada e coordinada que asegure un apoio estábel e duradeiro a este sector.

—O acordo cos medios públicos de comunicación social para a divulgación da nosa lingua, cultura, historia, patrimonio e medio natural na televisión e na radio pública de Galiza, en horarios de máxima audiencia, incluíndo contidos dirixidos ao público infantil e xuvenil.

—O apoio ao desenvolvemento de eventos e festas de carácter histórico como elemento útil para a divulgación e a posta en valor do patrimonio local, en base a un criterio de rigorosidade histórica na programación de contidos e de participación veciñal na fórmula organizativa.

—A adopción das medidas necesarias para evitarmos que as coleccións de arte que tiñan as extintas caixas de aforro galegas poidan ser vendidas. Con esta finalidade, promoverase que este patrimonio artístico sexa depositado, cedido ou adquirido para o patrimonio público galego e facilitarase a súa exhibición de cara ao conxunto da poboación.

—Unha Política integral de cooperación cos concellos, a través dun programa unificado de axudas, programacións, formación de técnicos culturais e recursos para a xestión, así como do apoio específico á rede de bibliotecas que permitan manter un nivel axeitado de actividade cultural ao redor das bibliotecas, como espazos de acceso á información, á formación permanente, á participación, ao debate social e ao lecer.

—Coordenación interinstitucional da programación cultural de longo alcance, co fin de rendabilizar recursos, evitar duplicidades e conxuntar esforzos e actividades ao longo do ano.

—A valorización da nosa literatura en relación ao territorio, a través da creación dunha rede estábel coas casas de escritor@s galeg@s e da difusión de roteiros da Galiza literaria.

—Elaborar unha nova Lei do libro e da lectura, que incorpore políticas estratéxicas consensuadas co sector (AELG, AGE e FLG). Creación da Dirección Xeral do Libro, Arquivos e Bibliotecas e establecemento dun programa marco que promova a proxección do libro galego no mundo.

—Atención económica garantida para todas aquelas Fundacións de Interese Galego que demostren teren actividade cultural e socializadora continuada.

—O impulso e a colaboración na vertebración do asociacionismo cultural. Deseño e desenvolvemento dun programa de apoio integral mediante un sistema de axudas (actividades, equipamentos), programacións e accións formativas, potenciando a súa autoxestión e promovendo a súa independencia financeira.

—A elaboración de planos directores territoriais do Patrimonio Cultural que estuden e desenvolvan estratexias culturais e económicas transversais de protección e posta en valor do patrimonio cultural.

—A posta en marcha dun Plan de intervención a longo prazo -coa perspectiva de o tornar público- do patrimonio eclesiástico, sexa inmóbel, móbel ou documental.

—A declaración da obra de Castelao como ben de interese cultural, concedéndolle a máxima protección.

—A reformulación da actual AGADIC nun organismo que, buscando maior eficacia na promoción das empresas culturais galegas e a difusión da nosa produción cultural, entenda a nosa cultura nunha dimensión global -non apenas como 'industria'- e poida servir de impulso ás medidas antes recollidas.

—A revisión da natureza e funcións do Consello da Cultura Galega e a súa reformulación en relación coas necesidades presentes e futuras da nosa cultura e dos nosos axentes culturais. Impulso e definición do Observatorio da Cultura Galega.

—O traspaso á Galiza da titularidade dos Museos e Arquivos de titularidade estatal e aqueles conxuntos ou elementos monumentais que pertencen a distintos organismos da Administración central do Estado.

—A dixitalización e o traslado ao Arquivo Nacional, da Cidade da Cultura de Galiza, dos fondos documentais galegos depositados nos arquivos estatais e de interese para Galiza.

—A transferencia do Instituto Padre Sarmiento, dependente do Consello Superior de Investigacións Científicas, dada a súa condición fundacional de institución galega, herdeira en boa medida do Seminario de Estudos Galegos e promover a recuperación para usos socioculturais dos edificios militares existentes en Galiza en desuso ou infrautilizados polo Ministerio de Defensa.

—A paralización definitiva dos edificios pendentes da Cidade da Cultura. Desenvolvemento do proxecto cultural e de usos da Cidade da Cultura, que defina contidos que lle dean sentido e utilidade para a cultura galega, sobre a base dos seguintes eixos: a documentación, a Biblioteca e Arquivo Nacional de Galiza; a investigación e difusión da nosa historia, co Museo Nacional de Galiza; e a creación artística visual e plástica, coa Pinacoteca Nacional de Galiza. Realización dun plan de viabilidade económico-financeira da Cidade da Cultura que estableza as bases e os criterios que supoñan un axuste dos custos ordinarios e de funcionamento.

11. MEMORIA HISTÓRICA

Na Galiza, os avances na recuperación da memoria histórica foron importantes primeira década deste século, tanto no plano institucional como no social. O punto culminante deste proceso foi a declaración por parte do goberno galego do ano 2006 como o Ano da Memoria e todas as liñas de actuación que se impulsaron no período 2005-2009, co BNG á fronte da Consellaría de Cultura: a creación do Consello pola Memoria, o proxecto de investigación Nomes e Voces, o Barco da Memoria, as liñas de apoio ao labor das asociacións, o impulso de publicacións e audiovisuais ou o papel de San Simón como Illa da Memoria foron fitos significativos dese novo tempo.

Mais o cambio político operado na Xunta e nos concellos en 2009-2011 fixo mudar este panorama de avances. A actitude hostil da Xunta de Galiza, gobernada polo PP, foi abafando e anulando progresivamente moitas propostas impulsadas desde a base social e desde as institucións. Os casos máis notorios tiveron que ver con dúas iniciativas promovidas polo goberno galego no período 2005-2009: por unha parte, o desmantelamento do proxecto Nomes e Voces, que pretendía poñer as bases dun Arquivo Público da Memoria Histórica de Galiza; por

outra, a ocultación de San Simón como lugar de represión e espazo de memoria, eliminando da programación da Illa calquera mención ao seu pasado como espazo represivo.

A pesar do retroceso institucional que se produciu no período 2009-2015, a realidade é que houbo avances notorios, que permitiron ir asentando unha nova cultura democrática a respecto da Ditadura e da Transición. Fronte ao desamparo institucional que se prolongou durante décadas, nos últimos anos foron numerosas as iniciativas encamiñadas a coñecer a verdade, a exercer a memoria democrática, a reparar e a render homenaxe ás vítimas e as súas familias.

Agora estamos nun novo ciclo, co protagonismo dos concellos e un papel moi activo de deputacións como as da Coruña e Pontevedra, que permite trazar o rumbo dunha nova política da memoria por parte das institucións galegas. **Unha política valente e decidida que se debe asentar sobre bases sólidas e duradeiras, asumindo que se trata dunha loita democrática fundamental, dun combate político e ético prioritario, que non se debe adiar pola urxencia doutras causas máis cómodas ou máis rendíbeis.**

As liñas de acción dun programa público da memoria están enmarcadas no informe do relator da ONU para os dereitos humanos, que centra o labor a realizar en catro eixos: dereito á Verdade, á Xustiza, á Reparación e Garantías de non repetición.

Unha política pública da memoria histórica artellada arredor de 5 principios:

- 1. Perspectiva galega.** Trátase de asumir a especificidade galega no tocante á inexistencia de fronte de batalla e as características propias da represión e da resistencia que se produciu no noso país durante a guerra e o franquismo. Mais tamén establecer que nun contexto como o da Galiza a recuperación da nosa memoria abranxe máis elementos e máis períodos.
- 2. Carácter integral e continuidade no tempo.** O desmantelamento do relato pseudohistórico imposto polo franquismo e que no fundamental se mantivo ao longo da transición require **unha acción sostida no tempo, planificada, coherente e coordinada coa implicación de diferentes estamentos e departamentos administrativos** (gobierno galego, gobernos municipais, deputacións, administración de xustiza, arquivos...).
- 3. Socialización.** A extensión do coñecemento histórico é unha tarefa prioritaria e debe contar coa implicación decidida dos medios de comunicación e do sistema educativo público. Será obxectivo preferente a divulgación destes contidos entre a mocidade, empregando os medios e linguaxes máis eficaces.
- 4. Perspectiva de xénero.** O terror tivo múltiples caras e a súa onda expansiva atinxiu a amplos sectores da sociedade e golpeou con especial crudeza ás mulleres. Invisíbeis moitas delas nos rexistros oficiais, a pescuda da memoria oral resulta unha fonte imprescindible para coñecer os nomes da vítimas e as múltiples formas de represión (física, ideolóxica, psicolóxica, económica, moral) que sufriron.

5. Creación de espazos públicos para a memoria da represión e da resistencia.

Creación do **Arquivo Público da Memoria da represión e da resistencia** a partir dos materiais recollidos no proxecto Nomes e Voces e outras achegas.

Creación dunha **rede de espazos da memoria** para facer presente no territorio galego a homenaxe permanente ás vítimas do franquismo e os ideais polos que loitaron.

A **Illa de San Simón** constituirase en espazo simbólico central da memoria democrática de Galiza.

Recuperación do Consello pola Memoria como órgano de participación social no impulso e seguimento das políticas públicas da memoria (asociacións, investigadores e investigadoras, familias).

Ademais, impulsaremos:

—A elaboración dunha Lei galega de recuperación da memoria histórica e de recoñecemento das vítimas e das persoas represaliadas polo franquismo.

—Institucionalización do Día da Galiza Mártir.

—Commemoración anual do Día da Memoria na Illa de San Simón.

—Recuperación do Pazo de Meirás para o uso e o patrimonio público.

—Retirada da simboloxía franquista de todas as rúas e espazos públicos da Galiza.

—A recuperación da titularidade pública do Panteón de Galegos Ilustres, preservando o seu uso civil e laico. Así mesmo, serán regulados por lei os seus usos e xestión, declarándoo como un panteón histórico, símbolo nacional da Galiza.

12. MEDIOS PÚBLICOS PARA UN ESPAZO GALEGO DE COMUNICACIÓN

—Medios públicos ao servizo da sociedade galega. A radio e televisión da Galiza deben cumprir o papel para o que foron creadas: contribuír para a normalización da nosa lingua, para a difusión da nosa cultura e para unha información verdadeira, que respecte plenamente a pluralidade e o interese público.

—Información con perspectiva galega. Os nosos medios públicos deben focar a atención no noso País, cunha información sobre a Galiza ou sobre o mundo feita desde aquí, sen dependencias das

axendas informativas españolas ou dos grandes medios internacionais ao servizo de intereses que non son os nosos.

—Apoio aos medios en galego. Os subsidios públicos aos medios privados estarán sempre en relación directa co interese social no que ten a ver co uso da nosa lingua na comunicación.

—Aplicación efectiva da Lei Paz-Andrade. Esta norma, aprobada por unanimidade no Parlamento da Galiza, debe ser aplicada de forma consecvente en todos os seus aspectos. Por tanto, tamén no que atinxe aos intercambios na comunicación entre a Galiza e Portugal e á recepción no noso País das radios e televisións portuguesas.

13. DEPORTE, ACTIVIDADE FÍSICA E TEMPO LIBRE

Concibimos o deporte como un conxunto de actividades físicas, deportivas e recreativas orientadas a favorecer a integración e a calidade de vida das persoas, incluíndo toda a comunidade, sen discriminación de idade, sexo, condición física, social, cultural e orixe.

O obxectivo do BNG será desenvolver un modelo deportivo galego que teña en conta tanto a súa vertente educativa, de promoción do deporte base e da actividade física saudábel, como o ámbito competitivo, impulsando a actividade profesional deportiva de alto nivel en Galiza. Prestaremos especial atención á súa vertente integradora e, nese sentido, cremos que para conseguir que o deporte chegue a todas as idades e colectivos é preciso ofrecer programas adaptados, que perduren no tempo e que se organicen de forma interdisciplinar desde as distintas consellarías, sinaladamente aquelas con competencias en servizos sociais, muller, educación, e deportes.

Para lograr estes obxectivos será fundamental colaborar cos concellos, movemento asociativo veciñal, educativo, feminista, deportivo e colectivos que traballan en temas relacionados coa saúde, a mobilidade, as necesidades educativas especiais, alén de institucións públicas tales como as educativas e as universitarias.

En definitiva, apostamos por asentar a práctica deportiva para a mellora da saúde en xeral e do nivel competitivo, a través das seguintes medidas:

—**Potenciar o deporte en idade escolar** dentro dos centros de ensino impulsando recreos activos e a terceira hora de educación física na educación primaria e secundaria, así como incluír a materia de Educación física no Bacharelato e Ciclos formativos.

—**Impulsar a colaboración cos concellos** para implantar un modelo que vertebre as actuacións conxuntas en materia deportiva para garantir a existencia de escolas deportivas municipais e a participación dos centros de ensino no deporte en idade escolar.

- Superar a intermediación provincial, acometendo o **traspaso de todas as competencias deportivas** (o que implica o traspaso de funcións e servizos) **das deputacións provinciais á administración galega**.
- Implantar un **plan coordinado de instalacións e infraestruturas deportivas públicas** que elimine duplicidade e que teña en conta a demanda real da actividade deportiva.
- Acometer o **traspaso á Galiza** da xestión dos fondos públicos e as subvencións en materia de fomento deportivo e infraestrutura deportiva destinados ao noso País, transferindo directamente os **fondos do Consello Superior de Deportes**, co fin de garantir unha maior eficacia e equidade na súa distribución.
- Reclamar que as **federacións galegas** de cada modalidade deportiva sexan as últimas instancias organizativas de cada un dos deportes en Galiza, así como asegurar o seu funcionamento democrático e a racionalización das súas funcións na formación deportiva e no apoio aos novos deportistas.
- Asegurar a **participación das seleccións deportivas galegas en competicións internacionais** e a representación das federacións deportivas galegas nos organismos deportivos internacionais de forma directa.
- Dotarse dun centro de alto rendemento deportivo**, que proporcione ao noso país de servizos de tecnificación deportiva avanzada e axustada á realidade galega, evitando en grande medida a emigración de deportistas.
- Fomentar a creación e o fortalecemento de clubs deportivos galegos profesionais** de referencia en modalidades deportivas que contan cunha gran base practicante, que sirvan de estímulo e espello a nen@s que se inician na práctica deportiva.
- Realizar unha planificación de eventos deportivos na Galiza**, coordinando as distintas administracións deportivas, así como promover a participación de deportistas galeg@s en eventos internacionais, especialmente no ámbito lusófono e iberoamericano.
- Impulsar a igualdade na actividade deportiva**, rexeitando a visión androcéntrica que dificulta a participación das mulleres e facendo un especial esforzo na súa incorporación á práctica e á competición deportiva. Apoio público para a visibilización das deportistas profesionais. Impulso ás modalidades de participación mixta.
- Potenciar e apoiar as prácticas deportivas con implantación social de carácter amateur. **Desgravacións fiscais polos custos asumidos por deportistas amateurs** e os seus familiares de primeiro grao polos desprazamentos en competicións federadas, coa debida xustificación.

—**Recuperar e fomentar os deportes e xogos tradicionais de Galiza**, potenciando as federacións, clubs e competicións nacionais, para alén da súa proxección internacional, asegurando asemade unha difusión adecuada a través dos medios públicos de comunicación social.

—**Apoiar** especialmente modalidades deportivas que, sendo de recente incorporación, están a arraigar no noso País e mesmo a propiciar presenza internacional do deporte galego, como é o caso do **Fútbol Gaélico**.

—Potenciar a actividade turística ligada ao deporte, particularmente, os practicados ao ar libre (náuticos, de montaña, no rural...), evitando sempre o impacto sobre áreas naturais, especies sensíbeis ou elementos patrimoniais.

—**Facilitar o patrocinio e mecenado da actividade deportiva** por parte de empresas galegas, impulsando plans que as aglutinen de forma que a súa colaboración poida chegar a un maior número de deportistas.

—**Implantar un seguro obrigatorio de accidentes en deportes de risco** para persoas maiores de 18 anos, garantindo a asistencia sanitaria universal a todas as persoas deportistas menores de 18 anos.

—**Abaratar o custo económico da práctica deportiva**, tamén da federada, introducindo progresivamente toda a practica deportiva no ámbito de cobertura da sanidade pública.

—Implantar programas deportivos, tanto lúdicos como competitivos, para persoas con discapacidade, fomentando a integración en todos os eventos deportivos que se desenvolvan no noso territorio

—Apoiar a inserción laboral d@s deportist@s de elite unha vez que se retiran da practica deportiva de alta competición

—Impulsar a **inclusión do persoal Graduado en Ciencias da Actividade Física** e do deporte no sistema sanitario con funcións de prevención, rehabilitación e readaptación.

—**Modificar a Lei Galega do Deporte** incluíndo os anteriores aspectos programáticos así como a regulación de competencias en materia de titulacións mínimas para a xestión e impartición de actividades físico deportivas, impulsando a figura do persoal Graduado na Actividade Física e Deportiva como a necesaria para prescribir exercicio físico a todos os niveis.

—**Dignificación e transformación das actividades de tempo libre**, concibíndoas como máis unha forma de educación con enormes potencialidades de formación e mellora social.

O obxectivo, para unha atención de calidade, é a xestión pública directa das instalacións e actividades. Entre tanto non for posíbel, priorizaranse sempre nos concursos os proxectos educativos e o benestar das persoas usuarias e garantirase o pleno respecto dos dereitos laborais das traballadoras e traballadores.

14. GALIZA NO MUNDO

A nosa voz internacional propia será tamén a nosa principal achega á construción dun mundo diferente, baseado na soberanía, a xustiza social, a paz e a cooperación entre os pobos. Nada nin ninguén pode obrigarnos a aceptar un papel dependente, subalterno e contrario á defensa dos nosos intereses como pobo. O Bloque Nacionalista Galego comprométese a que a Galiza, como nación que é, desenvolva unha política exterior propia con dúas liñas de actuación fundamentais:

1. A defensa dos intereses económicos galegos a través da negociación directa de acordos económicos con terceiros países e para podermos aproveitar o inmenso potencial neste ámbito do mundo lusófono.
2. Defender políticas internacionais comprometidas cos valores con que nos identificamos, que son os do respecto pola soberanía de todos os pobos, o anti-imperialismo, a paz e a solidariedade internacional, a solución pacífica dos conflitos e a solidariedade e do dereito de cada pobo a decidir sobre o seu futuro.

A. RELACIÓNS INTERNACIONAIS

O BNG mantén a súa oposición á política exterior desenvolvida até o de agora polo Estado Español e compartida nos aspectos substanciais polas principais forzas políticas españolas, e defende a súa inmediata reorientación desde a defensa dos principios da autodeterminación, a libre convivencia entre as nacións e a superación da Unión Europea como articulación do imperialismo na nosa área xeográfica.

Mais ao tempo tamén defendemos a necesidade de que a nosa nación manteña unha política externa propia e dinámica, baseada nunhas relacións internacionais autónomas e diversificadas, que favorezan mutuamente os intereses de todas as nacións implicadas. Somos partidarias de fortalecer a presenza directa da Galiza en todos os foros internacionais, de xeito que se promovan as nosas capacidades económicas, comerciais, culturais, deportivas e de todo tipo.

Non acataremos a submisión ao goberno de Madrid, que ten por obxectivo perpetuo negar a nosa capacidade para nos representar a nós propios, nin tampouco ás directrices da Unión Europea, que en ningún caso teñen en conta nin as necesidades nin os desexos dos pobos, nin emanan dunha inexistente soberanía popular europea. Rexeitamos a instrumentalización da ONU por

grandes potencias para poder intervir na política interior doutros pobos e reclamamos a súa democratización.

Nese sentido, elaboraremos unha Lei da Acción Exterior que desenvolverá os distintos mecanismos, órganos e entidades relacionados coa política internacional; crearemos unha rede de delegacións galegas no exterior; desenvolveremos un plano global de actuación no marco exterior, que integre e supere cualitativamente toda a acción exterior desenvolvida até o de agora pola Xunta e as súas consellerías e órganos dependentes, e que conte tamén coa colaboración e complementariedade do poder local e os distintos movementos sociais implicados nesta área. Impulsarase a colaboración cos distintos axentes europeos e internacionais, en particular naquelas áreas que se definan como prioritarias para Galiza.

En base a eses principios avogamos por:

- Democratización da ONU como sociedade de nacións que estea realmente orientada á cooperación entre pobos co obxecto de instaurar unha orde internacional xusta.
- Disolución da OTAN, oposición á colaboración do estado español co deseño agresivo e militarista dos EEUU e condena das guerras imperialistas e das políticas neocoloniais que son as causas principais das grandes migracións en masa actuais.
- Política de desarmamento, prohibición e destrución das armas nucleares e de destrución masiva.
- Unha actuación proclive a respectar os dereitos das maiorías de cada pobo a dirixir o seu futuro, sen interferencias das potencias estranxeiras, e con respecto ás minorías.
- Defensa da soberanía dos pobos sobre os seus recursos naturais e da soberanía alimentar.
- Remate das políticas xenocidas contra distintos pobos, nomeadamente os pobos curdo, palestino e saharauí; adoptando as medidas que sexan precisas para que poidan exercer o seu lexítimo dereito de autodeterminación construíndo estados soberanos en base á súa libre decisión.

En concreto, no que atinxe ao Sahara Occidental, e de acordo co protocolo asinado entre o BNG e a SOGAPS, comprometémonos ao financiamento do programa Vacacións en Paz, á activación de intergrupo parlamentar Paz e liberdade para o Sáhara e a organizar unha visita do Presidente da RASD á Galiza e da Presidenta da Galiza ao Sáhara para formalizar relacións de colaboración e cooperación mutuas.

Promoveremos unhas relacións comerciais e de cooperación económica entre as distintas nacións do mundo que partan da especificidade de cada unha e da complementariedade fronte

á competición, dado que ese é o xeito de que poidan ter vantaxes para todos os parceiros das mesmas.

Neste ámbito prestaremos unha atención especial a aqueles países que posúen unha comunidade importante de orixe galega e á comunidade de países lusófonos pois a lingua como elemento cultural común é unha vantaxe para establecer outro tipo de relación.

Así mesmo, promoverase o aumento progresivo do financiamento destinado á cooperación internacional e o desenvolvemento, co obxectivo inmediato de superar nesta lexislatura 0,2%, sen perder a perspectiva de chegar ao 0,7%. O obxectivo é que o investimento froito desta cooperación permita a creación de estruturas que favorezan realmente o desenvolvemento e non supoñan unha simple axuda asistencial.

B. POLÍTICA ECONÓMICA INTERNACIONAL E COOPERACIÓN

As relacións internacionais galegas terán moi presente a necesidade de modificar as actuais relacións económicas, marcadas polos intereses do capital transnacional. Os intereses deste capital están en contradición directa cos do pobo: para defender os primeiros é preciso degradar os dereitos laborais aínda máis, entregar ao mercado os escasos servizos que aínda non secuestrou, ou contaminar os alimentos e o medio, e é necesario que este proceso escape dos mínimos controis e procedementos democráticos.

Así, rexeitamos con contundencia as políticas desreguladoras e liberalizadoras impulsadas pola Unión Europea, en particular o Acordo de Parcería Transatlántica de Comercio e Investimento [TTIP], aínda en proceso de negociación entre a Comisión Europea os Estados Unidos, xa que pretende desregular os mercados internos e derrubar normas relativas ao traballo, a protección da saúde, o medio ambiente, o dereito á privacidade; foi negociado de forma opaca e antidemocrática; e favorece unha maior concentración de capital, beneficiando ás corporacións transnacionais. Defendemos un novo modelo de relación comercial entre os países, que parta de procedementos democráticos reais e profundice no beneficio mutuo, a complementariedade e as vantaxes cooperativas entre as nacións, con énfase na loita contra as desigualdades, a depauperación e a exclusión social.

O BNG defende auténticas políticas de desenvolvemento económico e cooperación internacional, que non estean dirixidas por intereses neocoloniais, senón ao contrario, a reforzar os movementos populares que combaten as inxustizas sociais. Impulsaremos o aumento do financiamento destinado á cooperación internacional, prioritariamente en proxectos de coñecemento e investimento, e crearemos procesos participativos reais e vinculantes entre institucións e movementos sociais para definir as estratexias de países e sectores prioritarios no que atinxe á cooperación e á solidariedade. Tamén promoveremos unhas relacións comerciais xustas e deseñaremos políticas coherentes cos principios da cooperación ao desenvolvemento.

Reclamaremos a abolición das débedas externas odiosas, a auditoría internacional, e a reivindicación da débeda social, histórica e ecolóxica das potencias coloniais ou neocoloniais contra as periferias.

Tamén defendemos o dereito dos pobos a exercer a súa soberanía sobre todos os seus recursos naturais, sen esquecer a necesidade de impulsar un novo modelo de produción e consumo que supere os acordos actualmente acadados nos cumios celebrados sobre o clima. Precisamos un novo modelo no que o planeta se sitúe por diante dos beneficios, de xeito que evite as consecuencias do actual -no que teñen maior responsabilidade as economías máis desenvolvidas- en particular o quecemento global e a destrución da biodiversidade. Defendemos tamén o dereito dos pobos ao seu propio coñecemento e afirmación cultural e todas as demais soberanías.

C. UNHA EUROPA DIFERENTE

O nacionalismo galego fixo desde o principio unha correcta análise da función da Unión Europea como estrutura supra-estatal contraria aos dereitos dos pobos e ao desenvolvemento autocentrado das nacións sen estado; unha estrutura creada fundamentalmente para atender aos intereses das transnacionais. A súa actuación nos últimos anos cunhas directivas que imponen unha política económica anti-social e a súa actuación diante da chamada “crise dos refuxiados” fai que cada vez sexa máis patente ese papel para sectores sociais que até agora non eran conscientes do mesmo e vían a pertenza de Galiza á UE como unha posibilidade de mellorar.

Seguimos traballando pola construción doutra Europa, que deixe atrás a UE, e no momento actual consideramos que un goberno galego debe defender:

—O recoñecemento da realidade plurinacional, pluricultural e plurilingüe da UE asumindo o dereito de autodeterminación das nacións sen Estado como suxeitos esenciais de dereitos e deberes.

—A presenza directa de Galiza en todas as institucións da UE e a súa participación en todas as negociacións que nos afecten.

—O establecemento de Galiza como circunscrición electoral e do galego como lingua oficial da UE.

—O rexeitamento ao TTIP e a outros acordos que busquen unha maior desregulación e liberalización do comercio mundial.

—A anulación do Pacto de Estabilidade e control democrático do BCE.

Unha política europea contraria á guerra e solidaria con aquelas persoas desprazadas dos seus países debido a enfrontamentos armados ou por razóns económicas.

D. GALIZA, TERRA DE ACOLLIDA

O BNG chama a atención sobre as causas profundas dos movementos masivos de poboacións, tanto nas migracións como nos que se poden acoller ás figuras legais de asilo, e que están fundamentalmente na política exterior, a doutrina militar e as relacións económicas impulsadas por Estados Unidos e Unión Europea, ás que xa nos referimos. Neste contexto, as potencias occidentais -en canto responsábeis- non están a exercer ningunha acción de xenerosidade nin se enfrontan a un desmesurado esforzo económico e social que desborda as súas posibilidades, como pretenden os distintos gobernos europeos.

Reclamamos a facultade de todas as persoas a desenvolver unha vida digna nos países que desexaren, así como todos os dereitos humanos, sociais e laborais das persoas migrantes. En canto non se modifiquen en profundidade estas causas estruturais -o que precisa dunha nova correlación de forzas internacional á que tamén queremos contribuír desde a Galiza-, defenderemos unha política de asilo cualitativamente diferente á actual, que converta o noso país nun territorio de acollida para os milleiros de persoas obrigadas a escapar da miseria ou a guerra. Opoñémonos á concepción da “Europa fortaleza” e ao sistema militarizado e punitivo de control das fronteiras. Defendemos os dereitos básicos e inmediatos dos refuxiados ao suministro de alimentos, atención sanitaria e transporte ao seu destino, e rexeitamos en consecuencia o mecanismo Schengen, o sistema Frontex, as regras de Dublín e o acordo acadado entre a Unión Europea e a República de Turquía sobre refuxiados, máxima expresión dunha política inmoral e criminal, e que devolve aos inmigrantes a este país, sen garantías de acollemento, seguridade ou benestar, a cambio doutras contrapartidas diplomáticas e económicas.

Baixo estas premisas o BNG propón a elaboración dun plan galego de acollida para as persoas refuxiadas que atenda as súas necesidades básicas. Neste sentido:

—fomentarse a acollida de persoas refuxiadas distribuídas proporcionalmente nas cidades e vilas galegas con capacidade de acollida, priorizando os casos en función da súa situación de vulnerabilidade.

—dotarse de medios na acción social para a integración e facilitarase mediación administrativa para os requisitos necesarios de chegada e establecemento.

E. ANTIMILITARISMO

Rexeitamos o atlantismo como a principal ameaza á paz e á seguridade internacional, e nomeadamente todas as agresións militares, directas e indirectas, nas que participa ou cooperan as forzas armadas españolas. Así, a principal medida que temos que reclamar desde unha perspectiva anti-imperialista é a disolución da OTAN, cun primeiro paso evidente no desvinculamento do Estado Español desta estrutura imperialista.

O BNG sempre reclamará unha solución pacífica aos conflitos internacionais, libre de inxerencias externas, e rexeitará a participación española nas distintas misións internacionais nas que participa, tanto da OTAN como as da Unión Europea.

Tamén reclamaremos desde a Galiza unha nova política de desarmamento internacional que pase pola redución dos armamentos convencionais e dos gastos militares, a destrución e prohibición do armamento nuclear.

Rexeitamos que se utilicen infraestruturas galegas, como portos e aeroportos, para traslado de prisioneiros, repostaxes, adestramentos ou calquer outra operación bélica, así como o uso con fins militares do aérodromo de drones de Rozas.

Defenderemos en todos os ámbitos a cultura da paz, a cooperación e a solidariedade internacionalista, cunha perspectiva transversal.

F. DEREITOS DA EMIGRACIÓN

Desenvolvemento regulamentario do Estatuto da cidadanía no exterior, para que de xeito efectivo, as galegas e os galegos emigrados contén como cidadáns á hora de accederen aos servizos sociais e ás prestacións asistenciais básicas. Con esta finalidade, e preciso:

—Potenciar os mecanismos de participación institucional entre a emigración e a Administración, mellorando e complementando o papel que posúe actualmente o Consello da Emigración.

—Ampliar os medios humanos e materiais nas embaixadas e nas oficinas consulares, para axilizar a tramitación burocrática e dotar dunha información máis precisa e rápida as persoas emigrantes que solicitaren os servizos consulares.

—Difundir e promover o acceso ao ensino da lingua e da cultura galegas nos centros galegos e, en canto o goberno galego non tiver representación exterior propia, posibilitar o acceso á obtención do CELGA nas institucións e organismos dependentes do Estado español no estranxeiro e incluír a lingua, a literatura e a historia de Galiza nos centros españois formativos abertos no estranxeiro para atender a instrución do alumnado de orixe galega.

—Exixir a inclusión regular da lingua galega na programación exterior de RNE e TVE, especialmente daqueles programas dedicados especificamente á emigración.

15. A MOCIDADE GALEGA, MOTOR DO PAÍS

Queremos decidir o noso futuro, no que a mocidade sexa protagonista e non acompañante, sen tutelas. Un tempo novo para unha Galiza nova, con traballo digno e na terra, dereitos sociais e conquistar a liberdade.

A. EMPREGO

—Traballar pola recuperación dos dereitos laborais eliminados e avanzar en novas conquistas que garantan un país de traballo digno e de calidade.

—Penalizar a contratación temporal. A Xunta de Galiza non colaborará nin contratará a Empresas de Traballo Temporal, e potenciaranse os servizos públicos de emprego.

—Aprobación e desenvolvemento dun Plan Plurianual de Emprego Xuvenil, que conceda preferencia á inserción laboral nos sectores estratéxicos da nosa economía, coa finalidade de asegurar o relevo xeracional nestes sectores e, ao tempo, garantir unha Galiza viva e equilibrada territorialmente.

—Estabelecemento da remuneración de prácticas e contratos de formación, cando menos, no salario mínimo interprofesional, defendendo o seu aumento.

—Potenciarase o emprendemento a través de empresas de economía social e naquelas cuxo capital social sexa tido maioritariamente por moz@s traballador@s. Alén diso, potenciarase a realización dun programa personalizado de inserción laboral, cun itinerario de formación cando for preciso.

—Creación de microcréditos para financiar proxectos de emprego xuvenil e o emprendemento. Incorporación ao sistema galego da I+D+i de nov@s investigador@s cun financiamento estábel, así como procurar o retorno das persoas que tiveron que marchar a investigar fóra de Galiza por falta de investimento público, para que investiguen no país.

B. IGUALDADE, DIVERSIDADE E SEXUALIDADE

—Recuperación dos Centros Quérote de información afectivo-sexual desmantelados polo PP, garantindo, a través desta rede pública, o dereito da mocidade a acceder de modo gratuíto a un sistema de información e asesoramento en materia afectivo-sexual, rigorosa, científica e confidencial, que promova a igualdade e a diversidade.

—Igualdade e loita contra o terrorismo machista e a lgtbifobia.

—Inclusión de medidas específicas nos plans de sensibilización e actuación que combatan todas as violencias que afectan no día a día ás mozas, tanto a físicas como as non visíbeis.

C. ENSINO

—Insubmisión á LOMCE e outras normas que sustentan a desigualdade, a privatización, a mercantilización e a españolización do sistema educativo.

- Aprobar a lei educativa galega para un ensino público, galego, democrático, de calidade e laico.
- Gratuidade dos libros de texto
- Ampliar e diversificar a formación profesional.
- Galeguizar os currículos escolares, inseríndoos na nosa realidade nacional, con contidos propios.
- Estabelecer unha política de bolsas e axudas ao estudo en todos os niveis do ensino para asegurar a continuidade nos estudos de calquera estudante, fixando como criterios determinantes a situación económica e o afastamento do lugar de residencia respecto da localidade de estudo.
- Impedir a subas das taxas universitarias e iniciar a redución do seu actual custo.

D. SANIDADE

- Recuperación da tarxeta sanitaria.
- Saúde e substancias aditivas: opoñémonos ás políticas prohibicionistas en materia de drogas, que sitúan na marxinalidade as persoas con drogodependencia, potencian o tráfico ilegal e enriquecen o negocio de quen xoga coa saúde pública. Potenciaremos plans de prevención e información sobre drogas para incidir na mocidade sobre os riscos que derivan do consumo.
- Pularase polo establecemento de puntos de información e axuda en espazos de ocio nocturno, en cooperación con asociacións e ONGs.
- Desenvolveranse obradoiros sobre saúde entre a mocidade sobre trastornos alimenticios como bulimia e anorexia inducidos polos estereotipos comerciais.

E. TRANSPORTE

- Recuperación do servizo de transporte nocturno para mocidade (Noitebús), creando unha oferta estábel durante todo o ano, recuperando as liñas e potenciando a inclusión deste servizo no marco do desenvolvemento de transporte metropolitano.
- Ampliación de bonificacións en transporte público para estudantado e mocidade. Fomentarse o transporte ecolóxico e saudábel.
- Creación do GALTREN, o tren de proximidade galego para unir os principais núcleos de poboación arredor das cidades cun medio económico, ecolóxico e eficaz.

—Mellora do transporte público por estrada e posta en marcha dun Plan Galego de erradicación de puntos negros de accidentes.

—Gratuidade das autoestradas galegas.

—Impulso aos medios de transporte non contaminantes, como a bicicleta.

F. INVESTIGACIÓN.

—Incorporación ao sistema galego da I+D+i de nov@s investigador@s cun financiamento estábel, así como procurar o retorno das persoas que tiveron que marchar investigar fóra de Galiza por falta de investimento público, para que investiguen no país.

—Fomentar o I+D+I e a investigación na universidade, apoiando programas de doutoramento de calidade en todos os eidos de coñecemento.

G. PLAN RETORNA.

—Elaboración con participación social e sectorial de medidas específicas (e transversais aos sectores a reactivar) para favorecermos a recuperación da nosa xuventude emigrada.

H. VIVENDA.

—Creación dunha Bolsa de vivendas e inmóbeis para fomento da vivenda pública social en Galiza.

—Garantir o acceso da mocidade a unha vivenda digna. O goberno facilitará alugueiros sociais.

—Incremento das axudas para a vivenda do estudiantado que se desprace a outras comarcas para cursar os estudos.

I. CULTURA, DEPORTE E LECER

—Optimización das infraestruturas públicas de lecer e mocidade, apostando pola utilización de instalacións educativas, deportivas, culturais, ampliando os horarios e favorecendo a realización de todo tipo de actividades para a mocidade.

—Apoio á creatividade da mocidade, parte tamén da cultura galega contemporánea e futura, potenciando a expresión artística nos diversos eidos.

—Promoción do uso formativo do ocio e o tempo libre, de xeito que o lecer sexa a ocasión para a proxección das capacidades e os talentos xuvenís. Para iso impulsarase o ofrecemento de actividades de interese para o colectivo xuvenil alternativas ás existentes.

—Diversificación do lecer nocturno, promovendo actividades que estean fóra dos circuitos comerciais habituais, con carácter complementario e non substitutivo.

—Recuperación da Rede Galega de Locais de Ensaio. A rede promoverá os intercambios culturais entre grupos de artistas dos diferentes concellos de Galiza e establecerá unha promoción e axuda a grupos e bandas con temas en lingua galega. A Xunta de Galiza creará un circuito real de directos para artistas e bandas en galego, prestando especial atención a novos valores.

L. PARTICIPACIÓN ACTIVA DA MOCIDADE E PODER DE DECISIÓN

—No BNG apostamos por rachar con dinámicas escuras para facer gobernos transparentes e participativos ao servizo do pobo galego, onde a mocidade teña poder de decisión real. No BNG defendemos que a mocidade decida por ela mesma, sen paternalismos nin tutelas, sobre as cuestións que lle afectan no día a día en todos os ámbitos. Implicaremos a mocidade no deseño das políticas que a afecten, impulsando a súa participación activa na política e favorecendo a autoorganización xuvenil e contando co asociacionismo existente.

—A dirección xeral de xuventude dotarase dun plan integral da mocidade que, desde unha óptica transversal e mediante o diálogo co asociacionismo xuvenil, estableza diagnoses e medidas de actuación dirixidas á mocidade.

—Fomentarase a creación dunha rede de Consellos Municipais de Mocidade, con carácter autónomo e dos que participará o tecido asociativo do concello, cuxo fin será estudar, propoñer, deseñar e avaliar as políticas que a nivel nacional e local afecten á mocidade.

16. DEMOCRACIA, DEREITOS E LIBERDADES

Reforma Lei electoral, co obxectivo de termos un mecanismo electoral limpo, xusto e fiábel, que parta dun reparto de representación proporcional aos votos, rebaxe a 3% a barreira de entrada e estableza a circunscripción única en todos os procesos electorais, coa excepción das municipais.

Campañas máis transparentes, que garantan a igualdade e o pluralismo. **Prohibición do mailing**, garantía de espazos adecuados nos medios de comunicación públicos para todas as forzas políticas e obrigatoriedade nestes de debates nas horas de máxima audiencia.

Lei galega de Transparencia e de Participación cidadá, que promova a implicación permanente do pobo na acción de goberno. Particularmente, debe regular e promover a realización de consultas populares, orzamentos participativos, etc. e alargar o ámbito, a facilidade e a eficacia da Iniciativa lexislativa popular.

Acabar coa corrupción. Combate firme a todas as formas de corrupción, promovendo as mudanzas lexislativas necesarias e impulsando a transparencia na xestión e na contratación pública.

Stop ás 'portas xiratorias'. Promoveremos unha lexislación estrita sobre incompatibilidades co fin de evitar a colusión entre a xestión pública e intereses privados e as 'portas xiratorias' entre o exercicio de cargos públicos e o emprego en corporacións privadas relacionadas con aqueles.

Defender as liberdades públicas e os dereitos civís. O goberno galego prestará especial relevancia á defensa do exercicio -quer individual quer colectivo- de todos os dereitos recoñecidos legalmente e de todos aqueles que entendemos que se deben recoñecer. En todo o caso, terá unha actitude activa de combate á limitación de dereitos e, por tanto, para lograr a definitiva derogación de medidas autoritarias como a chamada 'Lei da mordaza'.

Creación dun **Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura de ámbito galego** nas competencias de execución pola Xunta que supoñan privación de liberdade (centros de menores de reforma, unidades de ingreso psiquiátrico, calabouzos da policía autonómica e policía local). Este mecanismo non estará vinculado á Valedoría do Pobo e terá garantías de independencia.

Modificación da figura do Valedor do Pobo, regulando a obriga de motivar no proceso de queixa as dilixencias acordadas ou denegadas, convertendo a queixa nun proceso contradictorio. Regulación da obriga na valoración do candidato/a á Valedor da experiencia en defensa de dereitos civís e liberdades públicas.

Regulación legal da **efectiva separación de funcións públicas** dos representantes institucionais da Xunta e das entidades locais **en relación a eventos relixiosos**. Incompatibilidade da asistencia destes representantes ou de funcionarios/as públicos/as en carácter de tales a actos relixiosos.

Novos dereitos avanzados a garantir na Galiza. Queremos unha Galiza que sexa vangarda no mundo na defensa de dereitos avanzados para o conxunto da poboación en aspectos tan significativos como: o dereito a unha morte digna, dereito de adopción por parellas homosexuais, protección animal (entre outras, Galiza libre de touradas e maltrato animal), dereito á mudanza de sexo, a legalización do cannabis, lei de financiamento relixioso (ningún euro público para actividades de culto de ningunha relixión).

En canto a Galiza non asumir as competencias plenas e exclusivas en materia xudicial, de seguranza, dereitos e liberdades, o Goberno galego manterá unha posición activa para lograr avances e eliminación de restricións aos dereitos civís.

O Goberno galego cooperará activamente coas entidades sociais de defensa dos dereitos e liberdades públicas que operan no noso País (Esculca, MDC,...)

PROGRAMA ABERTO

O Programa de BNG-Nós para as Eleccións Galegas de 2016 foi elaborado de maneira colaborativa, coa participación de persoas expertas, militantes ou non, e as achegas imprescindíbeis de organizacións e colectivos que traballan ao longo do ano en diferentes ámbitos para mellorar as condicións de vida das galegas e galegos e abrir un tempo novo no noso País. Queremos agradecer sinceramente todos eses contributos e, ao tempo, manifestar que para alén das medidas recollidas expresamente no programa, concordamos con moitas outras recollidas nas propostas presentadas por colectivos diversos.

Nese sentido, queremos salientar as propostas programáticas que nos fixeron chegar entidades como COGAMI, a Alianza Rural Galega, a Rede Galega contra a Pobreza, Rede Galega de Entidades de Custodia do Territorio, Feministas Galegas, o Observatorio para a Defensa dos Dereitos e Liberdades ESCULCA, a Mesa pola Normalización Lingüística, a CGENDL, a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, Véspera de Nada, o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galiza, a Mesa Galega da Psicoloxía Clínica, Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria, Asociación Galega de Atención Temperá, Asociación de Persoas Xordas de Santiago, Asociación Vida Independente Galiza, Unicef, os Colectivos animalistas e abolicionistas, a Academia Galega do audiovisual e asociacións do sector audiovisual galego, a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional, PAH/Stop Desafuzamentos, a Associação Galega da Língua (AGAL), a Fundación Secretariado Xitano, ou a Asociación Pedaladas. Ademais, as propostas sindicais para a salvagarda dos dereitos laborais de traballadoras e traballadores e, particularmente, as 100 medidas para crear emprego na Galiza feitas públicas pola Confederación Intersindical Galega (CIG).



Ana Pontón,
candidata á
Presidencia da
Xunta de Galiza

bng.gal



Con —
—struír

Galiza

Con —
Ilusión

Galiza

Con —
—tigo